

XEADA

665 Reás = 33 Pesos = 1 Euro

Nº 1 - Ano 26 - Maio 2017

XORNAL DO I.E.S. ANTONIO FRAGUAS

CARLOS CASARES



Estás contenta/o? • Smart Cities • “A violencia de xénero no século XXI”

CARTEIS 2016 - 2017



Sumario

Ricardo Carvalho Calero "Do Conductor Ao Neto".....	5
Entrevista A César Cambeiro.....	6
Littering.....	7
A Droga Invisible.....	8
A Explotación Dos Indefensos.....	10
Galicia Despoboada.....	11
"A Violencia De Xénero No Século XXI".....	13
Nós Tamén Fomos Refuxiados.....	13
A Guerra Contras As "Superbacterias".....	16
Desxeo=Catástrofe?.....	17
A Sexta Extinción?.....	18
Do Que Pasa No Fraguas: "Tantométén", O Noso Grupo De Teatro.....	19
As Sete Marabillas Do Mundo Antigo.....	25
Crónica Semana Cultural Bob Dylan.....	26
Entrevista A Eduardo Herrero Lapido.....	27
Unha Clase Máxica.....	29
Instrumentos Tradicionais Galegos.....	30
Vantaxes Do Multilingüismo.....	32
Outras Perspectivas Para A Música: Etnomusicoloxía.....	33
Estás Contenta/o?.....	34
Os Xerminados.....	35
Receitas de Xerminados e Brotes Tenros.....	36
Cambiamos Graxa Por Azucre.....	37
Os Edulcorantes Tóxicos.....	38
Inventos Que Cambiarán A Túa Vida.....	40
Venres, "Negro" Para Os Pequenos Comercios.....	41
Le Este Artigo E Non Crearás O Que Pasa A Continuación!.....	42
A Revolución Automobilística.....	44
Es Máis Listo Ca Un Ordenador?.....	45
O Lado Oculto Da Rede.....	46
Smart Cities.....	47
Crédito Ao Consumo: Axuda Ou Estratexia Comercial?.....	49
A Casa Do Medo.....	50
Entrevista A Elena Gallego Abad.....	50
Dragal I: A Herdanza Do Dragón.....	52
Xi Concurso De Microrrelatos.....	54
I Concurso De Microrrelatos Matemáticos.....	55
Supermarcos.....	56
Sorte.....	58
O Galo Mazarico.....	58
Unha Imaxe, Un Recordo: Mar, Ondas E Area.....	59
Xa Non Estou Aquí.....	60
Entrevista A María Solar.....	62
Cada Día, Centos De Ocasións Para A Creatividade.....	64
Letras Galegas 2017: Carlos Casares Mourinho.....	66
Unha Nova Ollada A Xosé Neira Vilas.....	66
Donald Trump Chega Ao Poder.....	67
A Gratuidade No Ensino Público.....	69
"Botellón Infantil".....	70
Unha Trioloxía De Éxito: Os Xogos Da Fame.....	71
O Instituto Abre Unha Ludoteca.....	73
Mensaxes Xeada 2017.....	74

D.L.: C 1040-2013

Editorial

Uns anos antes da súa repentina morte no ano 2002, e nunha da súas columnas diarias que baixo o título «Á marxe do Tempo» publicaba La Voz de Galicia, Carlos Casares recordaba ter oído a uns rapaces que "os adultos lles parecían ou tolos ou irresponsables, pois non eran conscientes de que acabarían por destruír a natureza". Á vista do que está a acontecer na sociedade e na política nestes últimos anos –e non só no noso país– tamén acabaremos sendo responsables de acabar co Estado de Benestar e coa democracia.

Nesta encrucillada na que vivimos, e na que as certezas que tivemos se esvaécen baixo o noxento neoloxismo da "postverdade", cómpre ser cada vez máis reflexivos e críticos ante as mensaxes que emitimos e recibimos. Nunha recente entrevista, o pensador Ramón Andrés dicía, con moita razón, que perdemos a capacidade de comunicarnos dun modo complexo, para conformarnos coa simplicidade da información que se divulga polas redes sociais e as opinións xeradas polos medios de comunicación. Xeada ben podería ser o primeiro espazo para expresar por escrito as vosas reflexións críticas sobre o mundo e sociedade ranqueante que os adultos, quizais tolos e irresponsables, vos legamos. Pero, por suposto, Xeada tamén abre as súas páxinas en branco para que nelas escribades as vosas inquedanzas e vivencias, creacións literarias ou a información cultural –música, literatura, cine...– que sexa do voso gusto.

Como podedes observar, esta nova entrega de Xeada está dedicada M^a Xesús Juanatey, profesora deste Centro durante vinte e sete anos, quen nos deixou a comezos deste ano despois dunha longa enfermidade. Foi ela quen organizou o primeiro Club de lectura no noso instituto e puxo todo o seu inesgotable entusiasmo na dinamización da biblioteca. Que o seu recordo permaneza en todos os que a coñecemos.

Colaboracións

- 1º ESO:** Uxía Bello Gómez.
- 2º ESO:** Noela Sanjurjo Carballeira, Clara Rey Castro, Blas García Lois, Paula Pérez Antelo, Andrea Moscoso Espiñeira, Laura Vázquez Vilanova, Lúa Carpintero Sánchez, Xiana Torres Guerra, Breixo Barreiro Mira, Rosalía Soto Rey, Eva Pérez Vidal, Laura Silva Castelo, Marín Fuentes, Alejandra Fernández Castiñeira, Aisa Castro, Alba Rodríguez, María E.Santana, Paula Sánchez Mondragón.
- 3º ESO:** Andrea Mazás Otero, Sara Liñares Barral.
- 4º ESO:** Ismael López Becerra, Xacobo Insua Mariño, Martinho Cacheda Rodríguez, Eva Carrillo Mata, Ismael Alonso Vilela, Rubén Montero Antelo, Leo Pereiro Pombo, María Carballido Cerqueiro.
- 1º BACH:** Pablo Vicente Santiago, Antón Lence Martínez, Brais Lence Martínez, Andrea Doce Méndez, Enrique Salvado Vigo, Marta Rama Ferreira, Fermín Caamaño Louro, Naira Miguez Gil.
- 2º BACH:** Beatriz González Cobas, Elena Rodríguez, Mariña Palacio, Sofía Sánchez Patiño, David Fernández.
- ANPA:** Fernando Lacaci.

ANPA, Departamento de Plástica e Departamento de Lingua Castelá

De tu abnegado corazón me llega, como antes tu voz,
el vaho oscuro de la muerte. Hábitame con ella. Ni si-
quiera la muerte pueda de mí jamás arrebatarte.

José Ángel Valente



IN MEMÓRIAM
CHUS JUANATEY

RICARDO CARVALHO CALERO “DO CONDUTOR AO NETO”

Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol, mais a maior parte da súa vida pasouna en Compostela. Pese a ser unha gran figura da nosa literatura nunca puido conducir, polo que meu avó era o seu taxista.



-Bo día Nilo.

-Bos días don Ricardo. Hoxe imos á Coruña, non?

-Si, como chove, se queres, podes entrar comigo e escoitar a conferencia.

Así comezaría unha das múltiples conversas que mantiveron Ricardo Carvalho Calero e o meu avó, cando este entraba no seu taxi. Meu avó era o seu condutor para todos os seus desprazamentos. Cando don Ricardo necesitaba transporte, meu avó sempre o agardaba diante do portal número 4 da Rúa Carreira do Conde co seu Seat 1500.

Ricardo Calvalho Calero naceu no ano 1910 en Ferrol. O seu colexio estaba dirixido por Manuel Comellas Coimbra, que o axudou a se iniciar no latín. Ademais, pola súa conta prepara o bacharelato.

Con dezaseis anos, matriculouse na Universidade de Santiago en Filosofía e Letras e preparatorio de Dereito. Desde o comezo, ten relación cos estudantes que pertencían ao Seminario de Estudos Galegos, nunha época de grande actividade política na ditadura de Primo de Rivera. Chega a ser presidente da Federación Universitaria-Escolar, grazas ás súas accións de resistencia política e cultural. En 1927 entra no Seminario de Estudos Galegos, e convive cos integrantes do grupo Nós.

Coa proclamación da II República Española, en 1931, é cofundador do Partido Galeguista. Confecciona, xunto con Luís Tobío, o primeiro esbozo do Estatuto de Autonomía. Anos máis tarde abandona Santiago para opositar como funcionario no Concello de Ferrol. Carvalho Calero e os seus compañeiros do Partido Galeguista conseguen o Estatuto de Autonomía en 1936, pouco antes do golpe de Estado que daría lugar á Guerra Civil Española. Carvalho atopábase en Madrid xunto con Castelao e foi a súa salvación, dado que Madrid non caeu até os días finais da guerra. Chegou a ser oficial do exército republicano, e en Andalucía foi detido polo bando sublevado. En 1939, co fin da guerra, foi condenado a cadea perpetua por ser oficial e galeguista, pero só estivo 2 anos no cárcere. En 1941

regresa a Ferrol e dedícase á docencia no ensino privado, dado que ten prohibido o público.


Colabora dende o principio coa editorial Galaxia, a partir de 1950. No ano 1964 pode dar clase na Universidade de Compostela como profesor interino de Lingua Galega. Dous anos máis tarde aparece primeira edición da súa gramática do galego. Consegue a primeira cátedra de Lingua e Literatura Galega na Universidade de Compostela, no ano 1972.

Co paso dos anos é nomeado membro da Academia das Ciencias de Lisboa e membro de honra da Asociación Galega da Língua (AGAL), da cal seguirá a súa norma ortográfica e gramática nos seus libros.

Asentado en Santiago, comeza a dar conferencias por diversos institutos da Galiza, e aquí é onde entra en xogo o meu avó. Descríbeo no trato cotiá como unha persoa moi educada e con grande afabilidade con todo o mundo. Sempre se preocupaba pola situación do seu condutor (se cobraba a tempo, como estaba a familia ou se quería escoitar as palestras).

Durante os traxectos falaban de diferentes temas, pero nunca o facían sobre política. Normalmente ía acompañado por dúas axudantas, coas que preparaba o tema da súa charla.

Gustáballo observar o ambiente das cidades nos traxectos, e non quería ir directo ao instituto en cuestión para dar a conferencia.



Fina no ano 1990 en Santiago de Compostela e deixanos obras de grande valor entre as que podemos destacar:

-*Scórpio*, considerada dos mellores romances en galego.

-*Vieiros*, publicado por Ánxel Casal na editora Nós.

-*O silencio axionllado*

-*A sombra de Orfeo, A árbore e Farsa das zocas*, todas obras dramáticas.

Pablo Vicente Santiago
1º Bach A

ENTREVISTA A CÉSAR CAMBEIRO



César Cambeiro é un actor nacido en Carriño. Estudou Náutica na Coruña e navegou durante anos ata comezar como actor de teatro en 1994. Durante a súa traxectoria como artista actuou en obras de teatro de Anton Chejov, Roberto Blanco Torres, Samuel Beckett e Castelao, entre outros.

Comezou as súas aparicións en televisión en *Os outros feirantes* (1989) e máis adiante destacou polo seu papel protagónico na serie *Terra de Miranda* (2001-2007). Tivo, ademais de papeis fixos en producións autonómicas, roles episódicos en teleseries de canles privadas españolas. Ao longo da súa carreira traballou tamén na dobraxe.

Conta cunha ampla experiencia tanto na televisión como no cine, na dobraxe e no teatro galego.

Actualmente, ademais, dedícase a contar contos e lendas en espectáculos como Tradición 2.0 e a impartir obradoiros de contacontos e regueifa como o recibido polos alumnos de 2º ESO o día 20 de abril.

1.-Prefires actuar en vivo, como se fai no teatro, ou que a túa actuación sexa previamente filmada, como nas películas e series?

Atopo o traballo no teatro especialmente creativo porque tes máis posibilidade de traballar o personaxe, polo que é especialmente rico.

Aínda así a min actualmente, agora que xa teño experiencia no mundo da actuación, gústame máis traballar en cámara, atópoo máis difícil.

De todas maneiras son dúas experiencias totalmente diferentes, non se parecen en nada. Porén, na obra que imos estrear esta tarde, fago traballo cinematográfico aínda que se trate de teatro. A obra está concibida así, combinando maneiras de traballar tan distintas.

2.-Gústache máis actuar ou dobrar?

A dobraxe foi o inicio da miña profesión, e permitíume dedicarme a actuar. Teño claro que se non fixese dobraxe sería incapaz de interpretar noutros campos. Pero evidentemente se teño que elixir prefiro actuar a dobrar.

3.-Que se sente ao protagonizar unha serie de televisión, como no teu caso *Terra de Miranda*?

Terra de Miranda non foi a primeira serie que protagonice, pero si a primeira na que tiven especial presenza na televisión. O primeiro que pensas é que nese momento pasas a outra dimensión e que a túa profesión dá un gran salto e, efectivamente, así é.

Tes que darte conta que ese salto, se non o controlas, pode levarte ao retroceso da túa carreira. Pero o primeiro sentimento é moi bonito, moi grande. Ademais, protagonizando unha serie, atopas novas dimensións da túa propia persoa.

4.- Houbo un momento da túa vida no que tiveches que elixir entre a túa profesión como artista e a túa profesión como mariño mercante. Que te levou a elixir o mundo das artes escénicas?

Ben, eu cando estaba estudando tiña moitas profesións na cabeza. Cando tiven que decidir escollín a que máis me gustaba ou, mellor dito, á que máis futuro lle vía. Elixín estudar Náutica e nin sequera pensei en estudar Arte Dramática porque non había posibilidade, aquí en Galicia non había estudos dese tipo.

O que si que fixen foi facer pequenos cursos. Durante a miña adolescencia traballei en grupos de teatro para afeccionados, comecei a escribir as miñas propias obras, a montar eu os meus propios grupos de teatro... Todo isto mentres estudaba Náutica.

Mentres traballaba no mar eu continuaba escribindo as miñas obras, e cando tiña vacacións montábaas cos meus *colegas* de Caldebarcos. Tiñamos tempo de representalas unhas poucas veces e xa tiña que embarcar outra vez, o cal era un pouco traumático.

Cando casei, miña sogra insistíume en que deixase de navegar, e eu ría e dicíalle que me buscara ela outra profesión. Pero eu realmente xa tiña claro o que quería. Lembro de estar nun porto de Inglaterra pensando: <<A min realmente gustaríame traballar como actor en Galicia>>. E desexei, desexei con moita forza e finalmente presentouse a oportunidade que eu estaba agardando.

5.- Por que comezaches a impartir estes obradoiros de contacontos e regueifa?

Ser contacontos é algo que, como moitas outras cousas, a un lle gustaría facer pero non ten portas abertas.

Lembro os pioneiros neste oficio aquí en Galicia que foron Quico Cadaval, Cándido Pazó, Carlos Blanco... Cando aín-



da estaban empezando, Quico Cadaval díxolle a Cándido Pazó: <<Mira, aquí hai unha porta que se pode abrir. Eu estou empezando pero unha palla non fai palleiro. Temos que ser máis.>> E empezaron eles con isto.

Eu daquela, afortunadamente, tiña moito traballo e non me podía dedicar a iso. Pero cando tiver a oportunidade, hai seis anos, non a desaproveitei porque era algo que tiña pendente. Eu penso que un artista debe diversificar o máximo posible a súa profesión: cine, televisión, dobraxe, teatro, contacontos... Porque todo isto, á fin e ao cabo, ten que ver con todo o que un quere ser como artista.

Noela Sanjurjo Carballeira
2º ESO D

LITTERING



Que é o Littering?

O "littering" é o abandono de lixo (botellas, envoltorios, bolsas de plástico, papeis, caixas...) de forma inapropiada en Zonas Públicas como parques, xardíns, praia, campo, rúas, etc.

Causas

Pódense identificar unha serie de causas do littering. Para min existe unha causa principal a cal da pé as secundarias. Esta causa principal é a mala ou non educación da xente que permite o abandono de lixo e cousas polo estilo por aí e alá sen lle importar as consecuencias que isto pode poñer de manifesto para a natureza e a biodiversidade do noso planeta.



Prexuízos ou Consecuencias:

Esta serie de actos dá pé a unha serie de prexuízos ou consecuencias negativas para nós e para o medio ambiente: como son a contaminación da atmosfera, ao estar contaminada o aire que se encontra nela vese afectado e transmite enfermidades por vía respiratoria; cando chove á hora de filtrar a auga da chuvia polos sumidoiros ao acumularse eses desfeitos taponan as entradas aos sumidoiros impedindo desaugar as rúas; contamináanse os ecosistemas tanto terrestres coma acuáticos, prexudicando as especies que conviven nel provocando que algúns individuos se vexan afectados polo lixo que se lle enreda nas extremidades ou no pescozo e ás veces provócalle a morte por motivos como a asfixia.

Os 10 países que máis contaminan do mundo:

1-Brasil: Colócase no primeiro posto pola imperdoable taxa de deforestación que se está a realizar no chamado pulmón do mundo, a selva do Amazonas, que está aniquilándose a pasos de xigante.

2-EEUU (Estados Unidos): Ser unha potencia mundial non significa que vaia todo de xeito magnífico, ten os seus pros e os seus contras como a fertilización dos campos para agricultura que dá pé a millóns de emisións de CO2.

3-China: A sobrepoboación, a gran cantidade de industrias, a enerxía a carbón xeneran unha contaminación que non lle dá moita fama a este país asiático. Ata a maioría dos seus ríos e canais son un fluxo perigoso de toxicidade.

4-Indonesia: Xeralmente por culpa da deforestación.

5-Xapón: Ademais da sobre-explotación dos recursos e dunha cultura de derroche, os xaponeses sufriron ata a

perigosa contaminación nuclear que aínda causa estragos varios.

6-México: Non firmou o convenio internacional de especies ameazadas e tamén sobreexplota os seus recursos. En D.F non saben que facer co lixo, emisións e contaminación.

7-India: Ten un grave problema de contaminación da auga por mor do mal uso de fertilizantes e as prácticas humanas.

8-Rusia: Moita emisión de CO₂, residuos nucleares e baixa porcentaxe de auga potable.

9-Australia: A esta nación non se lle perdoa a perda de bosque nativo e contaminación mariña, lugares cunha das diversidades máis numerosas e únicas do mundo.

10-Perú: A sobrepesca, deforestación da selva e a explotación mineira que ademais violou os dereitos indíxenas valen que Perú entre no ranking.

Residuos máis frecuentes

Segundo os rexistros de residuos, os que máis se ven son as bolsas de plástico, cabichas e botellas ou botes de plástico. Pola contra, os que se atopan menos habitualmente son os bastonetes dos oídos.

Solucións

A principal solución que está por riba das outras e que evita todas as causas e consecuencias é sen dúbida unha boa formación e un mínimo de educación por parte dos titores que se encargan dos menores de idade que deben inculcarlles os valores para que respecten o medio no que viven, saber o que se pode e o que non se pode facer ou non facer coas cousas ou residuos sobrantes. A parte disto existen solucións alternativas como as intalacións de grandes cantidades de contedores de lixo para fomentar a reciclaxe da xente e evitar que por pereza as veces non facemos o correcto.

Eu vouvos expoñer un exemplo que vin no xornal, a futura istalación de miles de colectores nas rúas de Gijón por parte da política do Formato Verde, unha empresa de Ourense que foi creada en 2001 que se dedica á fabrica-



ción de equipamento urbano para a recollida de residuos no ámbito urbano.

Ismael
López
Becerra
4ºESO C

A DROGA INVISIBLE

Spice é unha droga sintética que é imposible detectar cos sistemas tradicionais de análise, por iso se lle chama a “droga silenciosa” ou a “droga da vontade”. Recibe tamén a denominación de marihuana sintética e véndese con máis de 500 nomes distintos tales como *spice*, *K2*, *Scooby Snacks*, *Bizarro*, *Lume de Yucatán*, *Kronic*, *Bombay Blue*, *Monkees: Three Amigos...*

Ten diferentes variedades e sabores, e o seu prezo oscila entre os cinco e os vinte euros.



Un dos atractivos desta droga de deseño tan aditiva e perigosa é, polo tanto, a súa difícil detección (en España só dous hospitais en Barcelona e Baleares dispoñen dos sistemas de análise necesarios para detectala no organismo). Outro é o fácil que resulta conseguila comprándoa por internet ou “grow shops” (tendas dedicadas ó cultivo do cannabis); chegando legalmente a España desde a India e China en contedores como “herbas aromáticas non aptas para o consumo humano”, polo que non hai ningún tipo de problema ao non estar incluída na lista de substancias prohibidas, pagando os seus correspondentes impostos. Logo, o distribuidor recibe a mercadoría e presén-



taa en pequenas bolsas con alegres presentacións, para comercializalas como incenso ou ambientador para vehículos. Cada sobre contén *spice* suficiente para tres porros.

Os seus efectos son variados e incluso pode causar a morte. Algúns deles son: visión perturbada da realidade, paranoias, delirios, arrobamento da cara, pupilas dilatadas, alta presión arterial, temperatura corporal elevada, taquicardias, sensación de pánico, vómitos ou espasmos. Afecta, principalmente ao sistema nervioso central, o que implica crises de agresividade, palpitacións taquicardias, cadros psicóticos e incluso a sensación dunha morte inminente. Permanece no organismo ata dúas semanas, o que pode provocar trastornos e enfermidades psiquiátricas que non se manifestaran anteriormente.

Outro grave problema desta droga é que fumarla é unha ruleta rusa, pois a calidade nunca é a mesma. Isto débese a que as follas secas que a compoñen están impregnadas en maior ou menor cantidade de distintos cannabinoides sintéticos. Polo que os seus efectos poden ser de dúas a corenta veces maiores ca os do cannabis natural.

O perfil do consumidor adoita ser xente nova e inexperta con ganas de probar novas experiencias, que puideron consumir anteriormente cannabis en moitos dos casos e asústanse ao ver que o *spice* é moito máis forte. Esta xente remata con frecuencia no hospital cos síntomas propios. Un exemplo en España foi o primeiro caso do mundo de psicose catatónica causada por esta substancia, con problemas no aparato locomotor parecidos ós do párkinson: non camiñaba de maneira coordinada e quedou coa cabeza, o pescozo e os brazos ríxidos e a postura encurvada durante varios meses.

Noutros estados, tales como os EEUU ou Suecia o seu consumo relacionouse cun número notable de mortos por sobredose, así como algúns suicidios. En Polonia, cerca de mil persoas envelenáronse hai algúns veráns pola mesma causa.

Por todo isto, a policía advirte do seu incalculable perigo ao estar fabricadas con métodos clandestinos, en lugares clandestinos e circunstancias clandestinas, polo que non sabes o que che pode agardar.



A DROGA DA VONTADE

Tamén chamada *burundanga*, é unha droga que anula a vontade de quen a toma nun estado semiinconsciente, bloqueando tamén a memoria ao afectar o sistema nervioso central, no que ocasiona un estado de pasividade completa da persoa con actitude de automatismo, recibe e executa ordes sen oposición; desaparecendo os actos intelixentes da vontade, o que se denomina "submisión química". Nalgunhas persoas pode chegar a causar desorientación, excitación psicomotriz, alucinacións, delirio e agresividade.

Unha intoxicación con *burundanga* produce sequidade e irritación na pel e mucosas, sede, dificultade para deglutir e falar, pupilas dilatadas con reacción lenta á luz e visión borrosa para obxectos próximos.

É usada principalmente para conseguir a submisión sexual. Aínda que tamén se usa para conseguir a firma de documentos ou o bo comportamento de rapaces.

Componse de escopolamina, un compoñente químico que se extrae de numerosas plantas e preséntase nun po branco tras a súa cocción. Non cheira nin sabe a nada, polo que é practicamente indetectable. No ámbito policial tamén é difícil detectala ao eliminarse moi rapidamente.

Por sorte, non é a substancia máis usada para conseguir a submisión dunha persoa, senón que son o alcohol e os tranquilizantes de uso habitual.

Ten un uso terapéutico para tratar a dor, os mareos... Porén, o seu consumo produce alucinacións, ademais do explicado anteriormente.

As súas consecuencias dependen da dose e da persoa. Pode chegar a producir a morte. Outros síntomas son arritmias cardíacas, taquicardias, fibrilación, insuficiencia respiratoria e colapso vascular.

Xacobo Insua Mariño
4º ESO



A EXPLOTACIÓN DOS INDEFENSOS

No 2013, a publicación do xornal *El diario* revelaba un dato alarmante para os españois: en España rexistráronse cento setenta e dous mil menores que son obrigados a desempeñar distintas tarefas: prostituírse, mendigar, cometer delitos...

É unha mágoa que os menores obrigados a realizar diversos traballos se priven do dereito común da educación. Ademais, hai unha chea de estudos psicolóxicos que afirman que o desempeño de traballos escravizantes provoca a alteración da realidade, a perda da concentración e diferentes danos físicos, así como o atraso escolar provocado polas horas de traballo.

Defínese como explotación infantil o traballo dos nenos nun determinado labor, normalmente dáse en países en vías de desenvolvemento, aínda que afecta tamén aos seis continentes. A explotación infantil priva os dereitos dos nenos.

As zonas máis afectadas polo fenómeno da explotación infantil son Sudamérica (10%), África (30%) e Asia (60%).

Actualmente, as cifras apuntan a que hai 246.000.000 de nenos e nenas que están realizando distintos traballos para sobrevivir, e que dos cales, as tres cuartas partes están realizando traballos que supoñen un perigo para a súa seguridade. En moitos casos, son as propias familias as que obrigan aos rapaces a realizar estes traballos, para asegurar o sustento.

Non é só a explotación desmesurada dos rapaces, senón as condicións nas que estes traballan. A maioría das

vezes, os rapaces están obrigados a traballar un excesivo número de horas sen descansar (ata doce) ou a recibir un soldo exíguo. Tamén hai que destacar que ao traballar sendo tan novos, favorécese o aumento dos accidentes laborais provocados polo pouco seguro que resulta o ámbito no que traballan.

Os diferentes traballos que realizan os nenos clasifícanse en tres grupos:

1. Traballos perigosos: son aqueles que poñen en perigo a súa vida ou descoidan a súa saúde física ou mental. Entre eles están:
 - Construción
 - Manipulación de produtos químicos (exemplo: actividade agraria)
 - Explotación mineira
 - Intervención en accións bélicas
 - Uso de armas
2. Traballos sospeitosos: son aqueles que non supoñen unha ameaza para a vida, pero que como o resto, participan na negación do uso dos dereitos dos nenos. Os máis importantes son:
 - Servizo doméstico
 - Plantacións (exemplo: algodón)
 - Dependentes (exemplo: camareiros)
 - Mendicidade
 - Confección



3. Traballos contra a dignidade humana: son aqueles que alteran o crecemento dos nenos, tamén son os que máis afectan psicolxicamente. Son:
- Prostitución
 - Pornografía infantil
 - Exhibicionismo
 - Exército

A explotación infantil provoca o impedimento do desenvolvemento dos países con poucos recursos, así como tamén favorece a agresividade, a débil formación académica, o maltrato, o estrés...

Persoalmente, a explotación infantil paréceme o motivo polo cal moitas industrias chegan a recibir semellantes ganancias anuais. Poñamos un exemplo: Inditex, un grupo multinacional fundado polo coñecido Amancio Ortega. Se nos fixamos detalladamente na etiqueta, no 75% dos casos, os produtos están fabricados fóra de España, concretamente en países en vías de desenvolvemento: China, India, Marrocos, Bangladesh, Paquistán, Turquía, México... ¿pero, por que a maioría das prendas desta marca e outras similares se producen no exterior de España? Porque producir no exterior e en países en vías de desenvolvemento rebaixa o prezo de orixe, e este é máis barato se os confeccionadores son rapaces, xa que é máis fácil

impoñerlles un menor salario. Realmente, aínda impoñendo unha rebaixa do 70%, por exemplo, estas empresas seguen gañando beneficios á causa da explotación dos rapaces.

Entre os numerosos casos da explotación infantil que aparecen na rede, o que máis me chamou a atención foi o seguinte, publicado no 2015 polo xornal *El mundo*:

“Emon Hawlader gaña 1.500 takas (17,50€) ao mes. A cambio, traballa os 365 días do ano, nove horas diarias, aínda que ás veces alonga a súa xornada toda a noite se hai moitos vehículos que arranxar. Soporta as labazadas, marteladas ou outras agresións do seu xefe cando se trabuca, e leva algún golpe na cabeza cando está debaixo dun coche e fai algún mal movemento. Por que un neno de 13 anos está a arranxar buxías e pistóns no canto de estar xogando ao fútbol cos amigos no recreo do colexio entre clases? O patrón di que está a aprender o oficio e “sacando un diñeiro mentres estuda”. “Sei que está prohibido, pero non o exploto”, repite. A nai explica que o soldo do pai, axudante dun condutor de camioneta, non dá para comer e pagar o aluguer. Por iso, o seu fillo e a maior das mozas, de 11 anos, traballan”.

Clara Rey Castro
2ºESO D

GALICIA DESPOBOADA

Pódese pensar, nun principio que esta afirmación é unha, esaxeración, que a situación non é tan grave como a pintan e que podemos estar tranquilos. Pero, ¿realmente tomamos un momento do noso tempo para botar unha ollada ás vilas e aldeas do noso arredor?

Se o fixeramos, poderíamos comprobar como a nosa terra está murchando pouco a pouco debido a diversos acontecementos sucedidos un tras outro, que non deixan de aumentar o baleiro que se está a formar non só na nosa poboación, senón nos nosos costumes, a nosa cultura.



Actualmente, podemos encontrar arredor de 3.000 aldeas (3.562, máis concretamente) completamente baleiras, abandonadas, e aínda por riba, suma unha nova cada semana! Son datos arrepiantes e que suscitan moitas dúbidas e inseguridades: que vai ser de Galicia se non se fai algo ao respecto?, cales son as causas que provocan este enorme índice de abandono?

Galicia conta con 30.675 entidades de poboación, que supoñen arredor dun 30% do total español, pero estamos vendo como van caendo a medida que pasa o tempo. Unha das principais causas é o avellentamento da poboación, producido principalmente por unha elevada taxa de mortalidade e a emigración a cidades cabeceiras, tanto galegas como fóra de Galicia e incluso de España, e sobre todo da xente nova: estudantes, universitarios que buscan algún lugar onde poder estudar a súa carreira ou simplemente cambiar de aires.

Como consecuencia, sufrimos grandes perdas de tradicións e costumes, deteriórase a nosa lingua (canta máis xente marcha, menos quedan que falen galego), pérdense os nosos estilos artísticos e arquitectónicos, símbolos de enorme valor para Galicia sobre todo polas

súas características, únicas e de elevado valor cultural.

Contamos cun exemplo de despoboamento de primeira man e grazas a unha entrevista cos seus últimos veciños: Elvira Prado e Antón Rodríguez.

“Vivir así é moi triste, nin temos un veciño para contar un conto...”, declaran os dous vellos, os únicos habitantes que quedan en A Pobra de Brollón, unha aldea situada ao Sur da provincia de Lugo. Segundo nos conta a parella, o panorama que presenta actualmente a aldea que os viu crecer non se asemella nin por asomo ao que presentaba hai algunhas décadas. Daquela, a aldea estaba chea de vida: todas as vivendas estaban habitadas, os palleiros estaban cheos ata rebentar de palla e os veciños vivían de forma agradable e pacífica coa práctica da gandeira e da agricultura, e sempre lles sobrava algo de tempo para dar un pequeno paseo pola zona.

Agora é unha pena. Non tes nin quen che bote unha man se pasa algo. Fai uns anos caeu nos un lóstrego na casa e pasamos moito medo. Temos teléfono na casa, pero se marcha a luz quedamos incomunicados” indica Elvira.

A crise demográfica afectou considerablemente a zona do Courel e provocou que toda esa actividade e esa vida dentro da aldea quedase reducida a situación actual: unha casa na que só viven dúas persoas maiores.

“Tivemos animais e horta, pero agora xa non podemos facer eses traballos. Xa imos moi vellos. Os vellos foron morrendo e os novos non queren quedar na aldea. Marcharon todos e isto quedou deserto de todo. Vivir así é moi triste, agora xa non hai con quen ter unha pequena conversa, alguén que poida botar unha man se é preciso, alguén que escoite as tolemias destes dous velliños, que botan de menos a compañía doutras persoas e choran cando recordan como era o seu fogar noutros tempos...” declaran os dous anciáns, coas bágoas nas súas bondadosas, pero esgotadas caras.

“Aínda así, non queremos marchar. Este é o noso fogar, a aldea que nos viu medrar e converternos no que fomos e no que agora somos, e non marcharemos ata que expiremos os nosos últimos folgos.”

Situacións como esta atópanse ao longo e ancho de Galicia, e nós preguntámonos: que podemos facer para reparar todos estes danos?

A solución ao problema reside na economía, que se encontra nunha situación deplorable no ámbito rural. Para remediar isto é necesario tomar unha serie de medidas de financiamento, divididas segundo o seu uso.

A educación viuse afectada polas leis instauradas recentemente, pero no ámbito rural estas medidas afectan moito máis que nas cidades, e tamén a pobreza

inflúe na educación, xa que ao non dispoñer de cartos para pagar os estudos, parte da xente de aldea vese obrigada a emigrar á cidade en busca de mellores oportunidades. Este problema arranxárase se o goberno estivese disposto a brindar axuda económica e bolsas de estudos ás persoas de aldea, conseguindo así unha mellor educación e unha futura automellora da aldea en si por parte dos mozos e mozas estudantes.

Outro problema que necesita ser atendido atópase no ámbito sanitario. A condición actual de moitas aldeas débese ao deplorable estado no que a sanidade se encontra, causando a emigración posterior dos membros da comunidade á cidade en busca de medicamentos e tratamentos para as súas enfermidades. Para solucionar esta situación, necesítase con urxencia unha axuda pública e a mellora dos seguros de saúde para proporcionar aos habitantes da aldea todo o que necesiten para gozar dunha vida tranquila e saudable, tal e como merecen.

Ademais, as infraestruturas e ferramentas de traballo de moitos dos traballos típicos de aldea están moi desactualizadas. A necesidade dun anovamento completo é palpable, o cal aumentaría enormemente o rendemento e a produción tanto agrícola como gandeira, proporcionando unha maior cantidade de produtos frescos de calidade ás tendas de toda Galiza, e tamén España.

Xunto con todo isto, e non de menor importancia, achamos a enorme incomunicación da que sofren a maioría das aldeas a día de hoxe, unha das principais causas do seu despoboamento, e que provocan a perda dos adolescentes á hora de buscar un lugar apropiado para vivir. Unha vez máis, este problema atopa solución nas axudas financeiras, que proporcionen modernización ás aldeas. Varios exemplos necesarios de mellora son o WiFi, as redes de datos móbiles e de cobertura e a mellora das canles de comunicación doutro tipo como serían as estradas e os camiños.

Tamén sería de gran axuda para o repoboamento a renovación dos pasatempos e o lecer sen que isto provocase a perda dos xogos tradicionais ou costumes. Construción de cines, lugares de recreo, postos de comida, etc.

En conclusión, a solución á maior parte dos problemas do ámbito rural reside na economía e na necesidade de axudas en numerosos sectores para proporcionar unha maior calidade de vida. Corrixindo estas carencias, a mocidade non sentiría unha necesidade tan urxente de fuxir das aldeas na procura das cousas que estas non lles poden proporcionar.

*Antón Lence Martínez
Brais Lence Martínez
1º Bach A*

“A VIOLENCIA DE XÉNERO NO SÉCULO XXI”


A violencia machista é un dos máis graves problemas a que nos enfrontamos hoxe en día na nosa sociedade do século XXI. Está presente tanto en mozos como en maiores, ricos ou pobres, con estudos ou sen estudos. Por iso díse que é un fenómeno global que vén de lonxe e forma parte da sociedade machista.

2008. Esta gráfica tamén mostra que dende o ano 2010 os asasinatos diminuíron.

A violencia de xénero nos mozos e adolescentes ou menores de 25 anos é onde está tendo máis volume. Deste xeito, un 21% das mozas menores de 25 anos que tiveron

parella foron vítimas dalgún tipo de violencia de xénero fronte ao 9% das rapazas en xeral. Un 25% das mulleres menores de 25 anos sufriron violencia psicolóxica de control fronte ao 9,6% que non o sufriron. Ao mesmo tempo, obsérvase tamén que o número de mulleres menores de 25 anos en situación de violencia de xénero con medidas cautelares, ou con ordes de afastamento, aumentou. Estes datos preocupan, a cifra vai en aumento, sen dúbida, algo se está facendo mal.

Que está pasando para que a situación non mellore?



A violencia de xénero e en concreto os asasinatos contra as mulleres son a expresión máis radical e dramática da desigualdade entre mulleres e homes. Á parte dos asasinatos tamén se producen outros tipos de violencia de xénero a menor escala, por exemplo: os insultos machistas, o menosprezo, abusos sexuais, acoso, etc.

En España dende 2003 foron asasinadas máis de 800 mulleres en mans das súas parellas ou exparellas. O número de denuncias aumentou nos últimos anos e tamén se bateu o récord de chamadas ao 016.

Esta gráfica mostra os datos das mulleres asasinadas dende 2003 ata marzo de 2017 pola parella ou exparella, sen dúbida, datos moi altos chegando as 76 no ano

Que os adolescentes escoiten ou vexan videoclips de cancións con letras machistas, que tratan a muller como un obxecto sexual e con actitudes posesivas, fai neles que teñan ese comportamento. De aí que despois haxa actitudes nos mozos como controlar o móbil da parella ou controlar as súas amizades, etc.

Para que isto non siga acontecendo a educación na sociedade non só nas escolas senón tamén na televisión, na música, na publicidade debe ser en favor da igualdade.

Blas García Lois
2º ESO B

NÓS TAMÉN FOMOS REFUXIADOS

Os grandes éxodos de refuxiados non son algo novo en Europa, xa durante a segunda Guerra Mundial, máis de 11 millóns de persoas (especialmente alemáns) tiveran que fuxir do seu país, colapsado e devastado pola Gran Guerra. Outro exemplo máis preto a nós foi a Guerra Civil española, que mobilizou a máis de 500.000 españois republicanos xunto coas súas familias, acollidos na súa maioría en Francia, onde foron apiñados en campamentos improvisados rodeados por arame, coma se se tratase dun cárcere. Ademais, foron demonizados pola ultradereita francesa que os tildou de “indesexables” e os acusou

de delinquir e de aproveitarse da xenerosidade do estado francés. Coma podedes ver este discurso non é para nada algo novo, mais na actualidade xa non somos nós os acusados, senón os novos refuxiados.

En 2014 contabilizouse a cifra máis alta de desprazados forzosos dende a Segunda Guerra Mundial. Foron case 60 millóns, segundo o informe anual do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR). A finais do ano 2015 esta cifra ascendeu ata os 65 millóns, superando xa o umbral dos 60 millóns. Porén, a pesar destas

cifras tan esclarecedoras este éxodo masivo aínda é percibido coma algo alleo para a maioría de nós.

País de orixe	Número de refuxiados
SIRIA	3.900.000
AFGANISTÁN	2.600.000
SOMALIA	1.100.000
SUDÁN	666.666
SUDÁN DEL SUR	616.000
REPÚBLICA DEMOCRÁTICA DEL CONGO	516.800
BIRMANIA	479.000
REP. CENTROAFRICANA	412.000
IRAQ	369.900
ERITREA	363.100

Principais países de orixe dos refuxiados

País de asilo	Número de refuxiados
TURQUÍA	1.600.000
PAKISTÁN	1.500.000
LÍBANO	1.150.000
IRÁN	982.000
ETIOPÍA	659.000
JORDANIA	654.100
KENIA	551.400
CHAD	452.900
UGANDA	385.500
CHINA	301.000

Principais países de asilo

Un mundo de refuxiados

Como citei anteriormente, no ano 2014 superouse a anterior cifra máxima de desprazados, actualmente 59.000.000 de persoas, que se formaran a súa propia nación sería a 24º máis poboada do mundo. Ademais, entre o ano 2013 e 2014 produciuse a maior variación no número de desprazados da historia, 8 millóns de persoas. Cómpre salientar que o 86% dos refuxiados son acollidos en países de desenvolvemento. Do 14% restante, 161.000 persoas recibiron algún de protección legal na UE.

O Mediterráneo, testemuña de soños frustrados

Unha das principais vías de acceso a Europa por parte dos refuxiados é o Mediterráneo, no ano 2015 máis dun millón de persoas atravesaron acenados en embarcacións de baixa calidade as súas augas. Non obstante no ano 2016 este número descendeu ata 330.000, debido principalmente ao polémico acordo entre a UE e Turquía para reducir a chegada de inmigrantes ás costas gregas. Porén o número de falecidos e de desaparecidos mantense mesmo superior ao do ano anterior, contabilizándose no 2016 3800 mortos e desaparecidos, fronte aos 3700 do ano anterior. A porcentaxe de mortes pasou dunha cada 269 inmigrantes a unha de cada 88. Na rota mediterránea central entre Libia e Italia a taxa de mortes é mesmo maior, unha por cada 47 chegadas.

A principal causa pola que aumenta a mortalidade nesta travesía é o empeoramento da calidade das embarca-



Posibles novas vías de entrada a Europa dos refuxiados ante o peche da ruta dos Balcáns

cións empregadas polas mafias, que en moitos casos son lanchas pneumáticas.

Unha alternativa que moitos sirios toman fronte a pasaxe por mar é entrar a través de Melilla, debido aos elevados perigos aos que se enfrontan na vía marítima. A principios do ano 2016 xa máis de 10.000 refuxiados sirios entraran a España a través de Melilla, dos cales só un 10% decidiu solicitar asilo en España, xa que moitos prefiren trasladarse a países do norte de Europa (sobre todo Alemaña e Suecia) onde contan con maiores axudas estatais.

Turquía, os refuxiados coma invitados

Coma xa se amosou nas estatísticas anteriores, Turquía é actualmente o país que máis refuxiados acolle, tendencia que se mantén, debido á intención do goberno turco de converterse en “potencia” humanitaria na rexión, acollendo principalmente refuxiados sirios e iraquís. Non obstante tamén as accións deste país son controvertidas, sobre todo logo de asinar o acordo sobre inmigración coa UE. Este tratado permite expulsar a Turquía aos refuxiados que cheguen as costas gregas, a cambio de facer a excepción cos refuxiados sirios, permitindo acoller un refuxiado sirio por outro que sexa expulsado, sendo seleccionados segundo criterios de vulnerabilidade.

Unha das principais problemáticas deste acordo é que segundo diversas organizacións coma Amnistía Internacional, Turquía non é un país apto para a recepción de refuxiados, debido a numerosas infraccións cometidas, coma por exemplo devolucións forzadas a gran escala de refuxiados sirios e iraquís aos seus países, e a aparición dun clima de violencia social cada vez máis intenso cara os refuxiados. Ademais en Turquía o 90% dos refuxiados teñen estatuto de “invitados” segundo o cal carecen de practicamente toda protección legal, o que causa un empeoramento nas súas condicións de vida. Isto está a provocar que cada vez máis nenos teñan que traballar ilegalmente para apoiar economicamente as súas familias. Este feito está a relacionarse con certas marcas de roupa

que son sospeitosas de ter menores sirios traballando irregularmente nos seus talleres en Turquía, entre elas as españolas Zara e Mango.

Libano, un país ao límite

No ano 2015 os refuxiados sirios supoñían case un cuarto da poboación libanesa, e mesmo nalgunhas áreas dobran a poboación nativa. Nesta situación moitas escolas fan quenda de mañá e de tarde para poder dar ensino aos nenos refuxiados e os hospitais están ao borde do colapso. Isto está creando un ambiente de tensión social cada vez maior entre os libaneses que empezan a verse incapaces de facer fronte a esta situación. Ademais o goberno non cesa de realizar medidas discriminatorias cara os sirios, que por exemplo están dende o ano 2014 excluídos de 70 profesións.

A vida dos refuxiados que chegan a Europa

A pesar de xa teren superadas as barreiras xeográficas os refuxiados que chegan a Europa afrontan numerosos retos relacionados co sistema de acollida e a súa integración nos seus países de chegada.

Un destes grandes obstáculos son os campos de refuxiados situados en territorio europeo onde esperan ata que se lles sexa concedido o visado para residir normalmente no país coma refuxiado. Dentro de Europa o país onde máis vicisitudes se atravesan é en Alemaña onde se atopa o maior número de solicitantes de asilo da UE, o que provoca que os centros deste país se encontren cada vez máis saturados. Un exemplo disto é o campo de refuxiados de Tempelhof en Berlín, onde actualmente residen unhas 1300 persoas en cubículos onde poden durmir ata dúas familias, en espera de que lle sexa concedido o dereito a residir libremente en Alemaña ou ata ser emprazados nun aloxamento de mellor calidade. E a pesar de que o tempo estipulado para residir no campo antes de ser recolocado é de só 6 semanas, moitas persoas vense obrigadas a residir aquí máis de 4 meses debido ás dificultades do sistema para obter aloxamento de mellor calidade en Berlín, e mesmo prazos máis longos para rematar o proceso de asilo no país.


Outro obstáculo que os refuxiados sofren á hora de se integraren no país de acollida é o aumento continuo da violencia xenófoba. Este feito relacionado coa alta concentración de refuxiados é moi palpable en Alemaña onde a policía contabilizou 10 ataques ó día contra refuxiados no ano 2016, ademais 45 incendios intencionados contra campos de refuxiados.

Ademais, por último, cómpre salientar que en febreiro do ano presente, a Unión Europea só repartiu un 7% dos refuxiados previstos para Outubro, principalmente debido á negativa de moitos estados membros a cumprir a cota asignada de solicitantes de asilo.

As futuras crises

Nos últimos anos moitos organismos internacionais están comezando a preocuparse polos grandes éxodos de refuxiados e de desprazados que están a xestarse na actualidade. Un destes conflitos son as ditaduras e as guerras africanas, que están levando a cada vez máis persoas a abandonar os seus países de maneira similar aos sirios, os iraquís e os afganos. Estas persoas proceden de varios países, coma Eritrea, sumida nunha ditadura extremadamente represora que algúns medios a catalogaron coma a “Corea do norte de África”, o Congo, sumido na guerrilla, os somalís, cuxo país tras máis dunha década de conflito segue a ser considerado un estado frustrado no que a violencia non cesa, e Mozambique, onde moitos cidadáns escapan da violencia entre os diferentes grupos políticos da nación.

O conflito palestino-israelí a pesar de ter tido xa moita repercusión pública, segue sen solucionarse e os seus desprazados (moitos apátridas) están comezando a mobilizarse cara Europa, ante a guerra en Siria, onde residían máis de 5 millóns de palestinos, moitos deles en campos de refuxiados administrados por UNRWA (asociación da ONU de protección dos refuxiados palestinos). Grazas a esta axuda moitos campos dispoñían dos servizos básicos, e permitía aos seus residentes certa esperanza para construír un futuro, mais co inicio do conflito en Siria este statu quo prolongado no tempo está a romperse, e en pouco tempo este conflito converterase nun problema europeo, xa que segundo os datos de Acnur só con que un 20% dos palestinos residentes en Siria decidan buscar futuro en Europa, a cifra de refuxiados no Mediterráneo duplicarase.



Cotas de reparto de refuxiados propostas pola UE

Detrás de cada número hai unha historia


Ao longo desta reportaxe fixemos un percorrido por multitude de datos, estatísticas, e porcentaxes. Estes números, a pesar de que nos permiten comprender a envergadura desta situación, poden levarnos a esquecer que detrás de cada cifra hai persoas reais, todas con tra-

xectorias e motivacións diferentes, vítimas da violencia, o odio, e a miseria. Francamente, aos meus ollos, os europeos necesitamos tomar conciencia e posicionarnos verdadeiramente nesta situación, para iniciar unha resposta

eficiente e solidaria, xa que como manifesta o título da reportaxe, nós tamén fomos refuxiados.

Martinho Cacheda Rodríguez
4º ESO A

A GUERRA CONTRAS AS “SUPERBACTERIAS”



Dende o descubrimento dos antibióticos no inicio do século XX, o seu consumo e as súas utilidades medraron ata converterse en imprescindibles á hora de curar numerosas enfermidades. O problema xorde cando o seu consumo excesivo provoca a aparición das chamadas “superbacterias”. Dado que son tan numerosas e se multiplican rapidamente, algunhas bacterias e virus poden sobrevivir á acción de practicamente calquera medicamento e, tal como di o refrán, o que non mata a estes microorganismos fainos máis fortes. Así, os microbios que de por si teñen una lixeira resistencia aos antibióticos conseguen sobrevivir, replícanse e transmiten os seus xenes a outras xeracións. Co tempo xorden cepas que son totalmente resistentes, provocando que infeccións facilmente tratables con medicamentos deixen de selo.

Na actualidade 25.000 persoas morren ao ano en Europa por infeccións que non conseguen tratarse cuns custos sanitarios adicionais de 15.000 millóns de euros. Un grupo de científicos e institucións sanitarias como o CDC (Centro para o Control e Prevención de Enfermidades) estadounidense e a OMS (Organización Mundial da Saúde) preveu que preto do 2050 moitas enfermidades comúns non terán cura, e a xente morrerá nos hospitais, non pola enfermidade en si, senón polas infeccións para as que non haberá antibióticos eficaces.

A orixe do problema non son os microbios, senón as persoas: médicos, veterinarios, farmacéuticos, gandeiros, pacientes... que non son conscientes do perigo ao que estamos expostos. Bacterias como a *Klebsiella pneumoniae* causante entre outras enfermidades da pneumonía, xa son inmunes aos antibióticos máis potentes cunha letalidade por enriba do 50%, similar á do último brote de ébola, sen que ninguén se preocupe por ela.

En Estonia, Letonia e algunhas zonas de Rusia e de China, máis do 10% dos enfermos de tuberculose están infectados por cepas resistentes aos dous medicamentos

antituberculosos máis potentes. E en Tailandia xa non fan efecto tres dos medicamentos comunmente empregados contra a malaria debido ao aumento da resistencia desta enfermidade.

Entre as medidas adoptadas ata o de agora está a loita contra a sobre medicación humana ou a medicación innecesaria e inadecuada, así como a prohibición da administración de antibióticos a animais. A Unión Europea recomenda dende fai 15 anos que as farmacias non dispensen antibióticos sen receita médica e tamén prohibiu en 2002 a adición de calquera tipo de antibiótico no penso dos animais. Xa que o medicamento pasa a almacenarse na carne animal que despois consumimos e actúa como se nos medicáramos. Pero por desgraza estas medidas non son suficientes e todos debemos concienciarnos de que este é un problema grave.

A solución pasa por fomentar a investigación para o desenvolvemento de novos fármacos e educar sobre uso racional dos medicamentos, tanto a médicos como pacientes, sen esquecer que moitos dos medicamentos os consumimos indirectamente a través de plantas e animais.

Xa hai científicos traballando nunha posible análise de sangue simple e económica que permita descubrir rapidamente se unha persoa ten unha infección causada por unha bacteria ou un virus e se realmente necesita un antibiótico. Moitos expertos aseguran que a creación de vacinas preventivas axudaría a resolver o problema, xa que ao vacinar a poboación evitamos que contraia a enfermidade e polo tanto que teña que recorrer a un antibiótico para curala. A vacinación universal contra o pneumococo salvaría millóns de vidas e impedirían 11,4 millóns de días de uso de antibióticos por ano en nenos menores de cinco anos. Pero en moitos casos desenvolver unha vacina eficaz require ata 10 anos de estudo e moita inversión económica.

Está claro que o problema vai en aumento, e a menos que nos concienciemos e busquemos estratexias para evitar o sobre consumo de antibióticos, nuns anos non teremos medicamentos cos que tratar as infeccións mais comúns, podendo morrer por unha simple infección de moas.

Andrea Doce Méndez
1º Bach B

DESXEO=CATÁSTROFE?

Moitos pensamos que o desxeo é unha antiga lenda chinesa e que non nos vai afectar a nós. Pero non pensamos que dos 8 millóns de quilómetros cadrados que había no Ártico nos anos setenta, agora só quedan entre 3 e 4 millóns de quilómetros cadrados, é dicir, un pouco menos da metade.

Como funciona o xeo do Ártico?

Cada inverno, o océano do Ártico xeábase e alcanzaba a máxima extensión de xeo entre os meses de febreiro e abril, despois, comezaba a derreterse ata que, coa chegada do inverno volvíase a xear.

Pero, fai algún anos, este proceso cambiou e aumentou a velocidade do desxeo. Ademais, o desxeo comezou a producirse antes e a rematar máis tarde, polo que o xeo non é capaz de recuperarse. Se segue a este ritmo vai chegar un día, non moi afastado, no que xa non haxa xeo.

Por que é importante?

O xeo do Ártico é o aire acondicionado da Terra, xa que reflicte os raios solares, regula a temperatura do noso planeta ademais de devolver á atmosfera as radiacións solares.

Consecuencias do desxeo

Unha das primeiras consecuencias será o aumento do nivel do mar, de feito, prevese que aumente un metro neste século.

Coa subida do nivel do mar, cidades como Miami, Nova York, Shanghai e Venecia converteranse nas novas Atlántis. Ademais de aumentar o número de inundacións nas costas chás.

O desxeo do Ártico e o seu quecemento, son a causa da meteoroloxía tan extrema que levamos vivindo dende os últimos 6 anos. Se esta meteoroloxía persiste, a produción mundial de alimentos correría grave perigo, con consecuencias directas como a fame, ou indirectas como a subida dos prezos nos diversos países da Terra.

Recursos árticos

Baixo o xeo atópanse grandes cantidades de gas, de petróleo e de metano.

Cando o xeo desaparece nunha zona do Ártico, a superficie do mar pode quentarse no verán ata 7°C cando absorbe as radiacións solares, e, na pouca profundidade das plataformas continentais, esa calor chega ata o fondo mariño. Alí, derrete o permafrost mariño, é dicir, os se-

dimentos conxelados que alí se atopan dende a última Era Glaciar.

Tal e como se conta non parece que teña moita importancia, pero un terzo do océano Ártico está composto por plataformas continentais pouco profundas, polo que a superficie afectada é inmensa.

O desxeo do permafrost mariño fai que se liberen grandes columnas de metano procedentes da desintegración dun composto de metano e xeo, atrapado no sedimento do fondo.

O metano ten un efecto invernadoiro moito maior que o dióxido de carbono, polo que axuda a que o quecemento global aumente e a que o desxeo se produza máis rápido.

Economía

Numerosos países do norte intentan facerse cos recursos do Ártico pero, posto que o prezo do petróleo non é moi alto, ás empresas non lles compensa facer perforacións. As condicións serían moi duras e asumiríanse moitos riscos, xa que un vertido nesa zona sería practicamente imposible de controlar.

Enfermidades

Co cambio das temperaturas que está a ocorrer, moitas enfermidades que están asociadas a unha zona do mundo están desprazándose e chegando a lugares nos que nunca pensaríamos que poderían atoparse.

De feito, no 2015 foi descuberto un virus atrapado no permafrost fai 30.000 anos. Cabe dicir que ese virus estaba extinto.

E agora, que pensas?



Paula Pérez Antelo
2º ESO A

A SEXTA EXTINCIÓN?

Benvindos á sexta extinción! A pesar de que parece o pesadelo dunha película de ciencia ficción, isto é algo que acontece na actualidade. É un fenómeno mundial. Cada vez máis animais están en perigo de desaparición. Hoxe en día os científicos cren que estamos ao borde da sexta catástrofe E... a caso facemos algo?

Non, pois relacionemos este feito nun futuro lonxano, ao que probablemente non cheguemos. Pero a realidade é outra, o proceso está acelerando e na actualidade o 60% dos mamíferos están en risco de desaparición.

Esta sería unha situación extrema, catastrófica, na que as nosas posibilidades de vida se verían afectadas.

O cambio climático presente nas anteriores extincións únese agora á acción humana. Pero aínda estamos a tempo de frear o desastre natural, que farán que os próximos 20 anos a Terra estea en estado crítico.

O noso planeta xa sufriu numerosas extincións, concretamente cinco, a máis famosa a dos dinosauros. Deste feito pasaron xa setenta e cinco millóns de anos.

Pero tamén cabe destacar a extinción do delfín de río chin, o *Lipotes Vexillifer*; En 1998 atopáronse tan só sete exemplares e, oficialmente, no 2006 non se encontrou ningún exemplar.

Dende o século XVI, o ano 1.500, extinguíronse máis de 320 especies, un número bastante grande. Entre as especies en perigo atópanse o atún, os grilos, rinocerontes, felinos (como o tigre...). Que desempeñan un papel fundamental nos ecosistemas..

E ben, algunha vez vos plantexastes que pasaría se as abellas se extinguiran?

Pois, Einstein dixo: " Se as abellas se extinguiran á humanidade quedaríanlle catro anos de vida". Aínda que isto fora algo exaxerado, non deixa de ter certa verdade: a desaparición das abellas converteríase en todo un reto para á humanidade, a biodiversidade, a nosa alimentación e incluso veríase afectada a economía.

Nestes últimos anos as abellas foron desaparecendo misteriosamente.

E xogan un papel fundamental na Terra, contribúen á polinización das flores, que consiste no transporte do pole dende os estames ata o pistilo. Cerca dun 70% da produción de froitas, verduras, etc (por exemplo as mazás, o café, melocotóns..) dependen destes pequenos insectos, ata 250.000 especies de plantas desaparecerían do noso planeta sen as abellas. Tamén afectaría á nosa forma de

vestir, pois o algodón é unha das plantas en risco.

É dicir, sen abellas non habería polinización, sen esta non habería plantas, sen elas non vivirían os animais e sen estes non saberíamos que pasaría, pero a nosa vida sería moi diferente.

Casi 22.000 especies están na actualidade en perigo de extinción.

E... cales son as causas deste fenómeno global?

Neste amplo grupo de causas participan varias accións que nunca pensaríamos que afectarían e axudarían á próxima extinción.

- A ampliación dos terreos de cultivo, pois por cada centímetro que se colle para ampliar o espazo agrario destrúense os hábitats das especies.
- Caza, é dicir, pola sobreexplotación ilegal dos animais.
- Captura ilegal dos animais, pois a supervivencia destes é cada vez máis complicada. Un exemplo sería no século XX a ameaza ás baleas. E outro exemplo sería o rinoceronte, cinco destas especies están en perigo pois en África e en Asia extráense os cornos.
- Contaminación, este é un tema xa moi visto, pero non obstante moi pouco tratado na nosa sociedade. Miles de especies que viven nos polos veránse afectados, o nivel do mar está subindo por mor de que os glaciares se están derretendo.
- Relacionado co anterior estaría o cambio climático.
- A gandeiría e outra causa de deforestación, e por tanto a extinción de animais.
- Introducción de especies exóticas que contribúen á destrución de hábitats en especies. Isto sucede sobre todo nas illas, coa introdución de gatos, ratos...
- O cambio drástico nas paisaxes.

As presas non saben actuar ante unha especie que non existía nese territorio, polo que non teñen un futuro seguro. Así que os animais autóctonos das diversas rexións afectadas, que cada vez son menos, desaparecen.

E ben, para facer fronte a esta catástrofe hai algunhas medidas que podemos seguir para afrontala.

- Conservar o equilibrio ecolóxico da Natureza, respec-

tando especialmente os animais ou plantas que podan parecer insignificantes, posto que o seu efecto no ecosistema é máis importante do que parece a primeira ollada.

- Incidir na importancia da educación ecoloxista na que se prime o respecto polo hábitat natural de animais e plantas.
- Non consumir alimentos ou produtos creados a partir de especies protexidas e denunciar os establecementos ou particulares que os ofrecen.
- Evitar compra-venda ilegal de especies e denunciar ás autoridades calquera práctica neste sentido. O Seprona insiste en que os animais ou plantas exóticas deben levar o certificado da Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestre (CITES), que demostra que o exemplar foi criado en cativeiro co fin de ser vendido.

E aínda que non o pareza, as persoas podemos contribuír a evitar a desaparición e consevación de especies asumindo varios consellos. O futuro do planeta depende de nós na súa totalidade, que a Terra, o único planeta da Vía Láctea que ten vida (que se saiba na actualidade) siga mantendo á humanidade miles e millóns de anos máis.

As persoas temos o compromiso de protexer os nosos ecosistemas para continuar cohabitando en harmonía coas diferentes especies da Terra. O respecto e o trato digno aos animais, tamén é unha obriga que debemos exercer como humanos. A nivel mundial diferentes orga-

nizacións loitan e traballan por unha sociedade na que os animais non sexan maltratados, teñan os seus dereitos. Estas organizacións débense a que moitas ordes xurídicas non tenden a considerar ás especies non humanas como suxeitos de dereito.

Un dos maiores esforzos por regular o comportamento humano cara a outros seres vivos é a Declaración Universal dos Dereitos dos animais, que foi adoptada pola Liga Internacional dos Dereitos do Animal en 1977 e posteriormente pola organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO).

Este documento é de carácter non vinculante, é dicir, non é obrigatorio o seu seguimento. Non obstante, miles de organismos a nivel internacional buscan que se cumpran os obxectivos.

A Declaración Universal dos Dereitos dos Animais contén unha serie de artigos que destacan o respecto á vida e existencia. Ademais, estes dereitos tamén abarcan a protección ao medioambiente, fogar das distintas especies. En caso de morte dun animal o corpo debe ser tratado con respecto, e en caso dun gran número de mortes será considerado crime contra a especie.

En conclusión, si existe tal compromiso político, pero non se está traballando e levando a cabo na actualidade. Aínda queda moito camiño por percorrer.

Andrea Moscoso Espiñeira
2ºESO D

DO QUE PASA NO FRAGUAS: “TANTOMETÉN”, O NOSO GRUPO DE TEATRO



Unha pregunta flutúa no ar: o teatro ten relevancia na sociedade actual? Para contestar esta cuestión, decidín entrevistar ao director da compañía teatral do noso centro (“Tantometín”), Gustavo G. Dieste, un home que dende hai anos loita por manter vivos os escenarios, un home que dedica a súa vida profesional a traballar como actor, escenógrafo, director... . Persoas como Gustavo, apaixonados da arte e fieis ao seu propio estilo, permiten que os rapaces teñamos a oportunidade de entrar en contacto con autores propios de Galiza como Bolaño ou Valle-Inclán. Tamén nos dá a oportunidade de experimentar coas nosas aptitudes, musicais, artísticas e físicas. Hoxe temos a oportunidade de coñecer as opinións de Gustavo, que dende hai máis dunha década, dirixe o noso grupo de teatro.

1) Como xorde a iniciativa do teatro, como empezaches? Iniciácheste por un compañeiro, por algunha necesidade, algunha atracción que tiveras dende pequeno...?

Eu inicieime no teatro de maneira moi casual e por necesidade, básica-

mente. Empecei de maneira tardía; eu estaba na Universidade, xusto acababa de empezar a estudar Maxisterio. Era moi tímido e tiña que expoñer tódalas semanas ante trescentos compañeiros e custábame moito falar en público, e unha amiga recomendoume que probara a facer teatro afeccionado, que había un grupo onde eu vivía, que vivía en Boiro, e empecei así, para ver se conseguía superar un pouco a miña timidez. E empecei, iso, por casualidade. Probei, descubrín que me gustaba, que entendía as cousas, pero ao principio non tiña nin idea, quero dicir, eu, cando empecei a facer teatro, hai xente que empeza a facelo porque ten talento e tal, eu empecei a facer teatro e non sabía andar, non sabía falar, non sabía nada, non entendía nada, pero co paso do tempo, de facer e de estar a gusto, quedei na compañía, e cando me dei conta, estaba traballando nunha compañía profesional como actor. Iso foi unha sorte, unha casualidade destas que che pasan unha vez na vida. Cando acabei a carreira, o que me estaba dando cartos, o que me estaba dando alegrías e onde estaba máis cómodo, era no teatro. Decidín seguir facendo teatro, empezar a formarme, porque eu non me formara teatralmente falando. A formación que teño é dende a propia experiencia profesional: fixen unha especialización que existía aquí na Universidade de Santiago, facendo cursos que había soltos de Comedia da Arte, de escritura, de dirección, empecei a dar clases, empecei a dirixir e unha cousa levou a outra, ata o día de hoxe.

2) Cales foron as reaccións da túa familia cando llo comunicaches?

As reaccións da miña familia foron variadas, pero todas partían da mesma base. Na miña familia eu son o pequeno de tres irmáns. Sendo o pequeno de tres irmáns, á parte son o primeiro da miña familia que se licenciou, e claro, estaba a teima da importancia da licenciatura, dos estudos... estaban moi orgullosos, e coincidiu que cando tomei a decisión de dedicar a miña vida profesional ao teatro, nese "impás" que se crea cando unha persoa acaba os estudos universitarios, de dous, tres meses nos que tes que decidir o que vas facer con esa licenciatura. Eu licencieime en Psicopedagogía, entón tiña que decidir se preparaba unha oposición, se montar algo pola miña conta... pero era o teatro o que me estaba levando polo camiño da amargura, como quen di. Tomei un mes para meditar, para pensar, e cando tiña a decisión tomada, empecei a contarlle á xente. A reacción coa que me quedo foi a da miña nai: sufriu moito cando llo dixen, chorou moito. Díxame "estiveches estudando 5 anos..." A día de hoxe, cando falo con ela do tema, cóntame que ela sufriu moitísimo por min ao principio, pero cando miña nai empezou a vir ás estreas nas que eu era actor, e sobre todo cando empezou a vir ver os espectáculos que eu dirixía, e me vía traballar, falar cos actores e coa xente ao rematar, dicía "sufrín moito, pero entendo que isto é o teu, es feliz aquí". Ela agora está moi orgullosa e vai por aí dicindo "o meu fillo é director de teatro e vou ás estreas...", está moi contenta.

3) Con respecto a iso, cando te decataches de que xa eras un profesional? Interiormente cando sentiches que xa eras un home maduro no mundo do teatro?

É unha pregunta difícil, no sentido de que eu, cando comecei a dar clases de teatro e cando comecei a dirixir, eu considérome unha persoa moi profesional. Entón, todo o que fago ten que partir da base de que ten que estar ben exposto, non se poden facer as cousas de calquera maneira, hai que coidar a xente coa que se traballa... esas son as miñas máximas. Pero logo hai outra cousa que é certa, e é que neste tipo de medio, no teatro por exemplo, a min pásame, é que, eu non é que non me considere profesional, que obviamente o son: cobro por facer isto, esa é a definición de profesional, cobras por facer un traballo; pero sempre teño unha sensación estraña (non sei se é falsa humildade), como o complexo do impostor que se lle chama: eu merezo estar aquí? Realmente estouno facendo ben? O que fago está ben presentado? Claro, tamén eu son moi autodidacta, non teño unha licenciatura en Arte Dramática, eu sempre o asumo e sempre o digo, non digo que sexa indispensable, porque eu me formei por outros lados, e entendo o que estou facendo, entendo as claves, pero ante todo, cando me enfronto a un traballo novo, sempre teño o mesmo *resquemor*, o mesmo aviso que me dou a min mesmo, como de "olho, que o tes que facer ben, que non está nada dado nunca". Cada proxecto é novo, é como a sensación de que ti podes facelo ben mil veces, que como o fagas mal unha vez, logo erguerse é duro, hai que levantarse, obviamente, pero sempre hai esa sensación.



4) Dirías que foi unha traxectoria difícil? Cal foi o teu maior éxito?

Non, eu non considero que a miña traxectoria fora ou sexa difícil, teño unha traxectoria, máis que nada, inusual por iso de empezar de casualidade, profesionalizarme de casualidade e formarme cando xa estaba traballando. De feito, o problema de cando te enfrontas a este medio, é querer chegar á fama. A xente, sobre todo cando falo con persoas da túa idade que me dices "quérome dedicar ao teatro", eu sempre digo o mesmo: paciencia. Isto é unha carreira de fondo, non son os cen metros lisos, non podes

pretender empezar e chegar xa a algo. E á parte, chegar a que? O meu obxectivo cando decidín dedicar a miña vida ao teatro foi: eu quero poder vivir disto, única e exclusivamente. Eu non quero gañar un Goia, un Óscar, non quero que me recoñezan nese sentido, non quero fama. Eu son un artesán, eu quero traballar toda a vida do teatro, con iso, xa me vale. E o meu maior éxito... non sei a que se lle chama "éxito" hoxe en día, aos premios? Eu veño de gañar un segundo premio a nivel de Galiza cunha compañía de aquí de Santiago. É satisfactorio? Si.

5) Que vale máis: un aplauso sentido ou un premio?

Un aplauso sentido.

6) Por que, porque dura no tempo?

Un aplauso sentido porque é un recoñecemento directo, acaban de ver algo, acábaslo de presentar, acábano de vivir contigo e responden en consonancia. Os premios, son algo que dependen de moitas variables: variables sociais, políticas, temporais, ás veces é a sorte... Quero dicir, nun xurado de tres persoas, cando che dan un premio, como foi no caso deste segundo premio, significa que a tres persoas lles gustou o espectáculo. Compárame iso con que lle guste a todo un auditorio repleto. E logo acaba a función e esa xente che vén falar. Un xurado non. Entón, eu sempre me vou quedar co aplauso do público. E logo tamén, o maior premio, o maior éxito é seguir traballando a día de hoxe. E cando miro para atrás vexo que teño detrás, que xa pasaron polas miñas mans máis de catrocentas persoas que ao mellor na súa vida fixeron teatro. Ese é o meu maior éxito, ir acumulando xente, deixando unha pegadiña.

7) Que reaccións buscas provocar no público coas túas obras?

Normalmente busco unha reacción emocional, evidentemente. Unha reacción emocional de auto recoñecemento, porque cando escribo ou dirixo, cando penso no público, sempre tento posicionarme no seu lugar. Dáseme bastante ben ler ao público, mover ao público, mover as súas emocións, a través tanto da escritura como da dirección escénica. Gústame moito que o público saia cun sorriso dos meus espectáculos, pero ás veces tamén me gusta desafialos con ideas, con conceptos, e que saian con dúbidas. O que non me gusta é darlle as cousas machucadas ao espectador: que o espectador vexa un espectáculo e saia do espectáculo sen suscitar ningunha pregunta é malo. **Está ben plantar dúbidas de todo tipo: dúbidas emocionais, políticas, dúbidas de contexto...** O teatro é un xogo entre o espectador e a proposta escénica (o que fan os actores, o que lles contan). Para min, ese xogo non pode deterse cando baixa o pano, precisamente é aí cando ten que iniciarse ese xogo, cando baixa o pano. E é xenial cando ao rematar a obra e os actores falan co público, cando interactúan a saída. Dependendo das interaccións,

ves se o espectáculo funciona ou non, porque é cando os espectadores empezan "pois isto que pasou nesta escena..., por que?, gustoume, non o entendo...etc.". Ese tipo de cousas, son a intención directa, é moi "chula".

8) En paradoxo a todo isto, poderías contarnos algunha anécdota chistosa que che pasara no mundo do teatro?

Home, pasáronme moitas cousas... podo contar unha que é un pouco vergoñenta. Cando estaba facendo de actor en "Volponne", de Talía Teatro, era un espectáculo en clave de Comedia da Arte con máscaras, coas personaxes moi deformadas, etc., e eu facía dun vello polo que traballaba practicamente anicado, con zapatos de tacón! e lembro que levaba un pantalón de seda feito a medida, totalmente axustado, estaba moi cinguido, e nunha función, nós traballabamos nunha tarima flotante, e claro, eramos oito actores movéndonos durante hora e media sen parar, suabamos moitísimo e a madeira quedaba encharcada ao rematar a función, algo que o público obviamente non vía. Ao acabar unha función, creo que en Ferrol, e saímos saudar, coma sempre, unha vez, dúas veces, tres, e no cuarto saúdo, eu cos tacóns esvarei, caín coas pernas abertas e o meu pantalón abriuse, rachou totalmente e ía sen roupa interior porque era máis cómodo, quedando todo ao aire! E non me fixen dano, os meus compañeiros asustáronse, o público seguía aplaudindo, e era como "non podo saír así, por favor, parade de aplaudir, parade de aplaudir porque non podo saír así", e xusto coincidiu que morría o aplauso aí, senón, evidentemente non tivera saído así, con todo ao aire.



9) Como coñeciches o noso instituto e como ves o futuro do teatro nel?

Eu coñecín o Antonio Fraguas a través de Artur Trillo, que foi o meu primeiro director a nivel teatral, que estaba dando aquí un curso de teatro, e el sabía que eu tiña teima, que tiña ganas de empezar a dar clases de teatro, á parte polos meus coñecementos de pedagogía e tal. E un día comentoume se me apetecía dar o curso que daba el aquí, coller o grupo "**Tantometén**". E foi así como empecei eu con "Tantometén", fai xa catorce anos tranquilamente.



10) Podes dicir cal foi a túa primeira obra aquí?

A primeira obra que fixen no Antonio Fraguas foi unha obra que eu non escollín, que xa estaba escollida, porque senón eu non a tivera elixido, que foi un sainete moi divertido, pero non era o meu tipo de espectáculo. Chamábase “Repouso absoluto” e foi cun grupo pequeno porque nesa época cando cheguei o grupo eran oito actores. Agora son trinta e dous; a media nos últimos anos dos elencos de “**Tantometén**” é de vinte e seis a trinta actores.

11) A raíz disto, cómo ves o futuro do teatro nel?

Pola miña parte, con “**Tantometén**”, eu véxoo moi vivo, quero dicir, penso que é unha excepción o que pasa no Antonio Fraguas, **que cada ano cando se empeza veñan trinta persoas para facer teatro, cada un do seu pai e da súa nai, de ciencias, de letras, de artes, dá igual, xente que nunca fixo, xente que leva anos facendo... e que se xunten como elenco, iso só pasa aquí.**

12) Poderías falarnos brevemente das túas compañías?

Eu levo unha media de sete/ oito compañías ao ano, algunhas afeccionadas e outras profesionais. As compañías coas que máis traballo, unha delas é unha compañía universitaria que se chama “Tic-Tac Teatro”, que levo cinco anos, e é unha compañía próxima a semi profesionalizarse, e está formada por rapaces de vinte e pico anos que están rematando os estudos na Universidade, e é coa compañía que máis me identifico, máis que nada porque paso moitísimo tempo con eles. E logo teño compañías como “**Tantometén**”, que son compañías que levo por cariño, a verdade, eu traballo aquí no instituto con vós porque lle teño moito cariño e porque foi a primeira compañía que empecei a levar como director e porque me produce moita satisfacción traballar con xente nova á que podo axudar un pouco a entender o que lles está pasando e o que lles vai pasar, e que co teatro aprendan a auto coñecerse, que estades todos nun momento complicado por moitas cousas e o teatro axuda. E logo por exemplo, o ano pasado empecei a traballar cunha compañía de músicos, e estou tratando de converter a un grupo de músicos en actores, a nivel profesional, ademais. Son un grupo de

metais, seis músicos, e para min é moi enriquecedor, porque supón traballar directamente con música en directo sempre, porque a base de traballo neste grupo é a música, pero eles queren traballar a nivel teatral, entón para min é fantástico poder ter músicos en escena que tamén poden ser actores, e aos que lles podo pedir que fagan cousas moi tolas cos instrumentos. E teño máis, pero estas tres poden ser as máis “raras”.

13) Cal dirías que foi o teu maior reto técnico á hora de montar un espectáculo?

Non sei, tería que pensalo, porque claro son tantos espectáculos... pero o maior reto técnico, o que máis me rompeu a cabeza, foi cando tiven que montar unha escenografía dunha personaxe que era unha rata xigante cun estómago no que se tiña que meter un actor e que tiña que estar iluminado dende dentro. A nivel técnico, iso foi un reto moi divertido, pero moi complicado. Actualmente, estou dándolle moitas voltas a escenografía do novo espectáculo de “Tic-Tac”, porque é unha escenografía que eu quero que teña catro metros de altura e estamos vendo a ver como se pode facer desmontable, os materiais, que se poida iluminar dende o interior etc. Cada espectáculo é un reto, porque partes dende o baleiro absoluto, dende cero e tes que pintar unha imaxe con elementos, o que é un reto.

14) Que opinas das axudas do goberno con respecto ao teatro tanto no ensino como no mundo profesional?

Eu non son precisamente fan das axudas a nivel profesional, máis que nada aquí en Galicia pola situación que se foi creando. Créanse unha especie de “illas” que ao final son dez compañías que levan todos os cartos das



subvencións, e as compañías novas ou medianas non levan nada. Créase unha política de subvencións que profesionalmente non me gusta nada. Non digo que non teñan que existir, eu creo nas subvencións, pero penso que en Galicia, en relación a esta profesión, fáltanos o concepto de industria. Pódese vender un produto teatral sen perder a calidade nin a mensaxe que ti queres dar, podes facer algo que lle guste ao público e ao mesmo tempo, ser fiel

artisticamente a ti mesmo. Iso nas subvencións a nivel profesional. A nivel de afeccionado, a nivel de formación, penso que estamos nun deserto. Galicia ten unha rede impresionante e inmensa de grupos afeccionados que se están perdendo, non por non estar subvencionadas, senón porque non son apoiadas, que é diferente. Porque eu **estou farto de facer espectáculos con cero euros**, e pódense producir espectáculos con cero euros, pero logo non estamos apoiados para movernos. Un elenco de afeccionados, non pode mover un espectáculo de aquí a trescentos quilómetros se ten que transportar material técnico, luces, chegar a casas de cultura que non teñen nin un espazo lóxico para facer teatro... Entón, non se trata de subvencionar a produción teatral, trátase de subvencionar a visibilidade, a distribución teatral, de crear público, porque en Galicia prodúcese moito teatro con cero euros, así pois, apoiemos a súa viabilidade.

15) Nos teus espectáculos hai un compromiso coa lingua galega?

Si, eu sempre traballo en lingua galega, en tódolos anos que levo dirixindo, só fixen unha obra en castelán e porque se me pediu especificamente que fose en castelán para poder mandalo a un certame a Sevilla, foi a única vez que fixen algo en castelán. Non é que non me guste traballar en castelán, tamén, ou en inglés, ou en catalán, pero eu traballo aquí en Galicia, e en Galicia, eu traballo en galego. Paréceme unha das linguas máis fermosas para facer teatro. A partir deste ano, pódese facer a Valle-Inclán en galego, por fin! Vaise notar moito, porque Valle-Inclán traducido ao galego, vai soar marabillosamente ben. Á parte, eu creo como pedagogo, como home de teatro e como galego que é un deber coidar este idioma. Non promocionar, non fomentar, coidar. O galego é parte do que somos, esta lingua define o noso modo de pensar, define a nosa maneira de verbalizar as cousas e defínenos como sociedade, non podemos esquecer iso. Os idiomas definen as persoas, expresa a maneira de analizar os problemas e de enfrontarnos a eles. Pódese preguntar a calquera filólogo, é moi diferente pensar en inglés, que pensar en alemán, que pensar en castelán ou en galego. Hai unha escena moi bonita no último espectáculo de "Tic-Tac" ("Desenlace") na que se di: "os galegos temos máis de setenta palabras para definir a chuvia". Como non imos coidar este idioma co rico que é? Hai que coidalo, hai que mantelo, que usalo, é xenial dicir tacos en galego, é xenial falar da chuvia en galego, é fabuloso falar da terra, da morriña... É o que hai que facer, é nosa. **Hai que facer teatro en galego, poesía en galego, hai que cantar en galego, hai que discutir en galego, sempre en galego!**

16) Podes facernos algún anuncio de como será a obra deste ano?

A obra deste ano vai ser mordaz, irónica. Imos falar da falsidade e da hipocrísia, pero vai a ser unha "paxarada" tamén, teño que dicilo, vai ser un pouquiño ida de olla

na proposta escénica, porque imos xogar visualmente só co corpo dos actores, van intentar crealo todo, todo que teña que aparecer en escena vai ser co seu corpo. Van ser



trinta actores en escena en moitos momentos, e imos facer que quede bonito, que quede limpo, que a xente diga "ah mira, son trinta e non se matan!" (que iso sempre é un reto con "**Tantométén**"). E sobre todo, vai a ser unha obra na que todo o mundo se vai ver reflectido para mal, porque somos todos unha panda de hipócritas e falsos día a día, e diso debemos falar este ano, do falsos que somos todos e todas.

O teatro na actualidade, aparentemente, xa non goza de tanta repercusión social como fai uns anos, isto pode deberse a que agora, vivimos con presión, as novas tecnoloxías, ou a políticas educativas pouco acertadas, nos obstante, atopei algúns indicios de que tal vez esta época poida ser perfecta para un rexurdimento das artes, especialmente do teatro, comecemos pois co noso estudo.

Por unha parte, non podemos obviar que nos últimos anos, o teatro tivo que competir con outras formas de entretemento como o cinema, a televisión, realidade virtual... etc, os cales se converteron en verdadeiros fenómenos de masas. Ademais, debido á crise económica, pecharon numerosos locais teatrais, diminuíron os espectadores, faltan novos autores e obras de calidade.

Porén o teatro, como unha forma de arte máis, abarca un concepto moi amplo. O teatro é unha creación inherente ao ser humano, e por tanto, evoluciona paralelamente á sociedade, é dicir, cambia de aspecto segundo o contexto. Así pois, aínda que haxa un rexentamento polo teatro xeneralizado, este non desaparecerá das nosas vidas, transformarase para adaptarse a un novo contexto social, con maior visión mundana. Nesta época, ao aumentar a poboación con estudos superiores, desapareceron as elites intelectuais de antano e incrementouse a demanda de cultura, por non dicir que hai una apoloxía das tradicións que conduce a volver a escoitar vinilos e a ver obras de Molière.



Por outra parte, cabe destacar que o teatro é un sector estratéxico da nosa economía, axudando a mellorar a competitividade das nosas empresas e creando postos de traballo, que van dende directores, actores, guionistas, escenógrafos, deseñadores gráficos, orquestras... e un longo etcétera. Ademais, dende o aspecto económico, a exportación cultural en forma de exhibicións internacionais, fomenta o turismo e a tolerancia entre diferentes pobos.

O teatro estimula os valores sociais, morais e de autoestima. As artes escénicas producen o desenvolvemento da expresión creativa, a apreciación artística e promove a integridade como persoa, así como a crítica social, asumindo o compromiso cívico de propoñer solucións para mellorar a mundo. A cultura é forza, e é un punto en común para toda a sociedade, define quen somos e permítenos sobrevivir. Por moito que as leis educativas fomentaran o desprezo das Humanidades, na formación dun individuo inflúen outros factores: familia, entorno, aptitudes innatas... Por todo isto, resulta evidente que todo bo pai animará ao seu fillo a ser curioso e aprender cousas: o meu pai vai ao teatro e é feliz, eu quero ser feliz, logo planteareime aprender a actuar.

Lembrando a famosa cita do filósofo alemán Nietzsche, "todas as épocas grandes da cultura son épocas de decadencia política", agora que vivimos un tempo de crise e incerteza (que se acentuará nos anos vindeiros), buscaremos escapar do caos, evadirnos da realidade e deixar a un lado a rutina e isto só pode conseguirse a través do teatro, pois é a liberdade de expresión máis pura. Así como os escravos exteriorizaron a opresión cantando, nós refuxiaremonos nos cálidos teatros. Con crise ou sen ela, o teatro sae gañando.

Está claro que na última década, xurdiron novas formas de ocio que eclipsaron outras máis tradicionais, pero cada día, a xente está máis concienciada, as novas tecnoloxías mantéñennos interrelacionados e buscamos grupos so-

ciais que teñan os nosos mesmos intereses, e iso, en si mesmo, é a cultura do século XXI.

A miña relación co teatro non empezou ata ben tarde. Durante anos, diferentes persoas aconselláranme aprender a actuar para superar a miña timidez e tamén para perfilar as miñas habilidades de oratoria. O certo é que cando entrei en 1º da ESO, aquí no Fraguas, tiña moito medo de facer o ridículo, pois nunca falara en público. Falei con Lupe e ela levoume ao ensaio.

O noso director Gustavo, pareceume moi simpático, ao igual que os meus compañeiros. Gustoume que fomos xente tan diferente, tanto en idade como en gustos. Lémbrame que para a primeira proba eu preparei unha escena de Romeo e Xulieta, e despois fixen a miña primeira improvisación, que consistiu nunha imitación en clave de parodia dalgunhas personaxes arquetípicas. No grupo, coñecín a persoas moi especiais... así, comecei unha amizade con dúas rapazas que se chaman Camila e Antía, que foron as persoas que máis me axudaron a perder a vergoña, a proxectar a voz, a facer coreografías... en definitiva, ensináronme a actuar. Tamén estaba Helena, a actriz máis impresionante que coñecín na miña vida, que por aquel entón contaría coa mesma idade que teño eu agora.

En "Tantométén" pasei momentos maravillosos, como cando fixen o meu primeiro monólogo como feiticeira real e tiveron que aprender a atragoar con codias de porco... Tamén vivín momentos cómicos, como cando me saí voando un zapato fóra do escenario, ou cando pisei a saia e caín. Pasei momentos de moitos nervios, sobre todo no último ensaio antes da estrea. Nunca esqueceré esa especie de "vínculo familiar" que se forma entre os actores, ese compañeirismo, ese afecto sincero. Tampouco esqueceré o caos dos camerinos e o medo ao ver entrar ao público polos buracos do pano.

As estatísticas danme a razón: no 2015, fixéronse en Galicia 1.527 representacións, un 3,3 por cento da produción teatral en todo o Estado. Aí queda iso!

Beatriz González Cobas
2º Bach C



AS SETE MARABILLAS DO MUNDO ANTIGO



Unha das listas máis famosas de todos os tempos, as 7 marabillas do mundo antigo, 5 edificios e 2 estatuas, das cales só queda unha en pé: a Gran Pirámide.

Xardíns colgantes de Babilonia

Ubicados en Babilonia (actualmente Irak) foron uns xardíns formados por varias terrazas escalonadas das que divesas árbores asomaban e colgaban sobre os muros da cidade.

Non queda nin rastro deles. É a marabilla máis fantasmagórica, inutilmente buscada en numerosas excavacións. Ninguén sabe exactamente como eran en realidade.

Mausoleo de Halicarnaso

A tumba do rei Mausolo, situada en Halicarnaso (actual Bodrum, Turquía). Hoxe en día emprégase o termo “mausoleo” como sinónimo de tumba monumental.

Foi mandado construír por Artemisa II para o seu marido e para ela mesma. Era un monumento macizo, con columnas xónicas e coroado cunha pirámide escalonada cun carro triunfal na cima.

Destruíuse debido a un tremor de terra e as súas pedras empregáronse en construcións posteriores, como o Castelo de Bodrum. Porén, Newton excavou o lugar en 1857 e

levou fragmentos do templo, entre eles as estatuas de Mausolo e Artemisa, ao British Museum de Londres.

Coloso de Rodas

Estatua en bronce do deus grego do Sol, Helios, na illa de Rodas (Grecia) e medía uns 35 metros. Estaba colocada no porto de Rodas e os barcos pasaban por debaixo das súas pernas abertas.

Foi destruída por un terremoto no ano 227 a. C. (uns 56 anos despois da súa construción) e os restos do bronce mercounos un comerciante de Edesa, cidade que actualmente está localizada en Turquía, e fundiunos.

Zeus de Olimpia

Estatua de ouro e marfil no templo de Zeus, en Olimpia, Grecia, construída por Fidias, un famoso escultor grego. Medía uns 12 metros.

Desapareceu completamente. Segundo algunha fonte, sobreviviu ata o século V en Constantinopla. Que estivera construído en ouro e marfil favoreceu a súa posible reciclaxe.

Algunhas excavacións descubriron indicios do taller de Fidias, como utensilios e moldes.

Templo de Artemisa

Templo dedicado á deusa grega Artemisa, situado en Éfeso, cidade santa de Artemisa.

A súa construción durou 120 anos aproximadamente. Levantouse sobre un terreo rochoso para evitar terremotos e contaba co primeiro sistema antisísmico do que se ten constancia nun edificio. Este consistía nunha capa de carbón en anacos e lá de ovella sobre o que se construíu o templo.

Foi destruído por un incendio, pero posteriormente reconstruíuse. Finalmente foi arrasada polos Godos 100 anos despois da súa reconstrución.

Faro de Alexandría

Foi unha torre construída no século III a. C. na Illa de Faro (Pharos) en Alexandría, Exipto para servir como punto de referencia do porto, e cunha altura aproximadamente entre os 115 e 150 metros.

Na parte máis alta, un gran espello metálico reflectía a luz do Sol durante o día e pola noite proxectaba a luminosidade dunha gran fogueira a unha distancia de ata uns 50 kilómetros.

O nome da Illa deu orixe á palabra “faro” na maior parte de linguas romances.

Gran Pirámide

É a máis antiga das 7 marabillas do mundo e a única que aínda segue en pé. Está situada en Guiza, Exipto.

Durante 28 séculos foi o edificio máis alto do planeta. Foi ordenada construír polo faraón exipcio Keops.

Tiña un revestimento de pedra calcárea, que xa non conserva debido a un terremoto, co que era moito máis impresionante que agora.

O que teñen en común todas estas construcións, ademais de significar un desafío ao imposible, é que todas formaban parte das grandes civilizacións que conquistou Alexandro Magno. Esta pode ser unha das razóns pola que esta lista non pasou desapercibida como moitas outras.

As sete marabillas coexistiron nun breve período: do 300 ao 227 a. C. (exceptuando os xardíns de Babilonia, que probablemente desapareceron antes). Esta época, a Helenística, valoraba moito a capacidade do home de realizar cousas grandiosas. Foi unha civilización que creou a consciencia de que non hai nada imposible. A partir disto veñen as nosas marabillas modernas, como grandes rañaceos, longos túneles e vertixinosas pontes.

Laura Vázquez Vilanova
2º ESO A

CRÓNICA SEMANA CULTURAL BOB DYLAN

Durante unha semana toda a comunidade educativa do IES Antonio Fraguas uniuse e colaborou para participar na Semana Cultural de Bob Dylan, un dos eventos máis importantes, incluso o principal, dos celebrados neste curso académico 2016/17.

Todos os actos desenvolvéronse na semana do 30 de xaneiro ao 3 de febreiro e estiveron dedicados ao cantante e poeta de Minnesota que este ano recibiu o célebre Premio Nobel de Literatura, que tanto sorprendeu a algúns, aínda que nós temos claro que foi totalmente merecido. Probablemente unha das cousas que máis contribuíu ao éxito da experiencia foi a gran variedade de paus que tocaba. Ademais de deleitarnos con música e poesía, todos puidemos asistir a actividades relacionadas con outras artes que en principio non parecen tan relacionadas con Dylan coma a pintura, o cine,...

Exposicións:

Con motivo da semana cultural de Bob Dylan o *hall* do instituto acolleu dúas exposicións con motivo dos eventos. A primeira reunía unha serie de obxectos de distinta procedencia e natureza que foron emprestados ao centro por diversas persoas (profesores, familias dos alumnos,...). Entre estas cousas atopábanse vinilos e as súas fundas, revistas, fotos,... En definitiva todo o que se tivese pola casa en relación a Dylan.

Por outro lado, o alumnado de artes organizou unha exposición na que as diversas obras de arte, sobra dicir que todas eran maravillosas, contiñan un vinilo (enteiro ou non) empregado dunha forma maxistral.

Ademais, para acabar de conferirlle ao instituto ese ambiente festivo-cultural que se buscaba empapeláronse algunhas ventás con fotos ou noticias de Dylan e colocáronse programas en lugares estratéxicos. Xa para finalizar, proxectábase de forma ininterrompida vídeos e fotos en relación co xenio de Minnesota sobre a pantalla branca do *hall* e durante os recreos unha banda formada por alumnos de artes versionaba de maneira exquisita grandes éxitos coma *Like a Rolling Stone* ou *Knockin' On Heaven's Door*.

Apertura: A semana comezou de forma oficial (con todo o que connota esa palabra) cunha conferencia que deu Xurxo Fernández; periodista, escritor, polígrafo, gourmet, amante da noite. Un tipo libre con amplos coñecementos do mundo da arte. O acto tivo lugar o luns 30 entre as 10:45 e as 2:25 e ía dirixido a 2º de Bacharelato. Tivo lugar no salón de actos. Non obstante, tamén participaron os profesores Xosé Dobarro e Rafael Varela falando da pertinencia da Semana Cultural e dos seus propios recordos acerca de Bob Dylan.

Durante toda a semana cada un dos cursos tivo oportunidade de ver cando menos unha película que tivese relación co obxecto da semana. Así, mentres os de 2º de bacharelato asistían á conferencia inaugural todos os rapaces de 3º de ESO puideron ver a película *The Hurricane, Huracán Carter* en España, na biblioteca do centro. Nela represéntase unha historia baseada en feitos reais. Rubin Carter era un boxeador estadounidense que en 1966 foi acusado e condenado inxustamente por un triplo asasinato que non cometera. Bob Dylan escribira unha canción que se facía eco desta inxustiza cos emotivos versos:

Put in a prison cell, but one time he could-a been
The champion of the world.

No mesmo día, entre as 12:45 e as 14:25, tiveron lugar simultaneamente dous actos. *The Hurricane* proxectouse na aula de 1º ESO B para esta clase. Por outro lado proxectouse na Biblioteca *Pat Garret y Billy the Kid* para o alumnado para 1º de Bacharelato A e C. A película é un *western* de 1973. Pat Garret, o novo shériff arresta ao seu antigo compañeiro Billy el Niño, pero este escapa e aquel vese na obriga de perseguido no seu camiño a México. Bob Dylan actúa na película e ademais encargouse da música.

O martes comezou cun dos pratos fortes. Entre as 10:45 e as 12:25 o alumnado de 1º de Bacharelato tivo a oportunidade de asistir a unha conferencia de Eduardo Herrero, xornalista da TVG. É o creador da primeira banda tributo a Dylan de Galicia e tamén funda o grupo *En Casa del Herrero*. Ademais de conversar cos alumnos sobre a traxectoria vital de Dylan tocou en vivo algunhas cancións que leu primeiro traducidas. Foi unha das actividades que os alumnos encontramos máis atractivas.

Ao mesmo tempo, o alumnado de 2º de Bacharelato puido ver na biblioteca o documental *No Direction Home* de Scorsese. Trata sobre a vida de Bob Dylan e a súa influencia na música e na cultura posteriores. Céntrase sobre todo na súa etapa xuvenil. Á mesma hora 1º ESO C puido ver *The Hurricane* na súa aula. Máis tarde ese mesmo

martes (12:45-14:25) proxectouse de novo *The Hurricane* na Biblioteca para 4º de ESO A y B.

O mércores a primeira hora (8:45-10:25), proxectouse na biblioteca *The Hurricane* para 2º de ESO C e D. Logo, entre as 10:45 e as 12:25 volveuse a repetir na aula de 1º ESO D. Á mesma hora tivo lugar un recitado na Biblioteca para 3º de ESO. Os recitadores foron os profesores Andrés Romarís e Ana Cabanelas e os alumnos Daniel Wall, Brem Noceda, Nadine Braña, Xacobo Insua, Alejandro J. Muñoz, Rosalía Rodríguez e Beatriz González. Recitáronse diversas poesías nun ambiente moi apropiado, iluminado por algunhas velas. Tamén o acompañaba un grupo que interpretou algunhas das cancións. O recitado repetiuse entre as 12:45 e 14:25 para 2º de ESO A B e D.

O xoves 2, entre as 10:45 e as 12:24, 1º de Bacharelato D e 2º de Bacharelato D puideron escoitar o recital de poesía. Á mesma hora 2º Bacharelato puido ver nunha aula *No Direction Home* de Scorsese. Máis tarde (12:45-14:25), Pat Garret proxectouse para 1º Bacharelato D e B.

O venres foi o broche de ouro a unha semana marabillosa. Todo o instituto se reuniu ás 12:45 no Ximnasio. Ademais de repetirse o recital, a banda fixo unha actuación grandiosa con avións de papel incluídos e entregáronse os premios aos «vinilos artísticos» expostos para que finalmente se clausurara a Semana Cultural.

ENTREVISTA A EDUARDO HERRERO LAPIDO:

En primeiro lugar bos días e grazas por concedernos esta entrevista e por vir ao noso centro. Debo dicirle que a súa conferencia foi unha das actividades que máis gustou ao alumnado.

Ola. Ante todo, grazas a vós por me deixar participar nunha iniciativa tan chula e tan ben montada. Para min foi un pracer.

1. Cal foi o seu primeiro contacto con Bob Dylan?

O meu primeiro contacto coa música de Bob Dylan foi aos 14 ou 15 anos. Estaba na casa dun primo e puxo unha canción cuxa melodía eu coñecía porque se cantaba na misa. Era *Blowin' In The Wind*. Nas igrexas cantábase (aínda agora nalgúns sitios) co título de *Saber Que Vendrás*. Chamoume a atención que fose unha canción escrita orixinalmente en inglés. Así que cando xuntei oitocentas pesetas da época merquei o *Grandes Éxitos* de Dylan. Dez cancións dos seus primeiros discos que foron suficientes para acabar de espertar a miña curiosidade. Desde entón pasaron máis de 25 anos e aínda intento saber algo máis con cada disco ou entrevista súa que acaba nas miñas mans...

2. Significaron sempre o mesmo para vostede as cancións de Bob Dylan ou a súa percepción delas cambiou coa idade?

Cando empecei a escoitar a Dylan non era quen de entender moitas das súas cancións. Diría que a maioría. Así que só lles prestaba atención ás súas letras máis sinxelas ou directas. As da súa primeira etapa sobre todo, a de cantautor folk. Fun madurando mentres fun profundizando na obra de Dylan. Deixoume algunha que outra moza. Deixei eu tamén algunha. Notei como a miña vida e mesmo o meu aspecto cambiaba segundo pasaban os anos, é dicir, non son vello, pero sei que hai cousas da miña mocidade que xa non volverán... Tiven contacto coa morte a través de familiares e coñecidos... Agora son pai de dous fillos... Dylan ten cancións sobre todas estas cousas. Cancións que hoxe non significan para min o mesmo que hai vinte anos. E segue habendo moitas outras que non teñen nada que ver con todo o anterior. Cancións tan enigmáticas que para cada persoa que as escoita significan algo diferente... Cousas como *Visions Of Johanna* ou *Desolation Row*. Non sei de que fala, pero gústame como o conta e transpórtame cada vez a un lugar diferente.

3. Que o levou a fundar a primeira banda tributo a Bob Dylan de Galicia?

Ben. Eu sempre tiven a ilusión, case a fantasía de ter un grupo. Pero non me atrevín cando debín facelo. Ou non podía, porque as miñas circunstancias familiares facían prioritario sacar os estudos adiante e comezar a traballar. Ademais, sempre fun moi tímido. O de ter un grupo xa digo, parecíame un soño imposible. Cando tiña vinte e moitos anos fun traballar un ano a Nova York. E aquela cidade abriume moito os ollos. Alí cadaquén viste como lle peta e fai o que quere co seu tempo libre. Hai tipos de traxe e gravata que van *currar* en bici con botas de pel de serpe. Hai executivas que visten como se viñesen dunha festa *punki*. Quero dicir que nunha cidade como esa cada un defende a súa identidade e loita polo que quere facer coa súa vida e non lle importan os xuízos de terceiros. En Nova York coñecín un tipo que tiña unha banda tributo a Bob Dylan. «Para un fan non hai nada máis divertido», contoume, «non só escoito as cancións que máis me gustan, son eu quen as canta». Así que cando volví a Galicia, case con trinta anos e ningunha experiencia nos escenarios, decidín botar andar o proxecto de The Highlights porque, simplemente, era o que me apetecía facer. Non lle facía mal a ninguén e era o que me pedía o corpo. Eramos bastante malos, polo menos ao principio, pero movíanos un espírito que poderíamos definir como evanxelizador: moita xente escoitou algunha vez falar de Bob Dylan, pero a inmensa maioría non pode citar máis de dúas ou tres cancións súas. Os Highlights eramos todos máis fanáticos de Dylan que músicos (e así de malos eramos, xa che digo). Pero daquela os tributos non estaban aínda de moda, non era como agora. Era algo orixinal, mesmo arriscado, e máis se temos en conta o anterior: que Dylan é un gran descoñecido. Non era como facer un tributo dos Beatles ou de Queen ou de Elvis... Sempre coa única intención de nos divertir, todo o anterior tes que poñelo en perspectiva. Esa era a filosofía, pero sen nos tomar a cousa moi en serio, conscientes das nosas limitacións...

4. Pensa vostede que a xuventude coñece suficientemente a Dylan?

A resposta xa cha din, creo. Non. Nin antes nin moito menos agora. Pero non é culpa da mocidade. Dylan é un artista. Hai moitos grandes artistas ignorados. El non é ademais un tipo que se esforce en absoluto por ser coñecido. Dylan foi sempre de consumo minoritario, pese a súa enorme influencia. As vendas dos seus discos sempre foron baixas en comparación coa entidade de Dylan como artista. Pero, como vos dixen ese día, un tipo que canta mal e toca mal ten difícil o acceso á popularidade. Para que che guste Dylan tes que rascar, de primeiras é complicado... É comprensible que a moitos mozos lles dea pereza escoitar a Dylan. A mesma que pode dar ler a Dickens ou a Poe. Ou ver pelis de Chaplin. Pero iso non quita para que todos eles fosen artistas fóra de serie. Se

lle dás unha oportunidade a Dylan, ten paciencia, escoita, le, mira. Creo que acabará seducíndote. Pero hai que ir máis aló da superficie...

5. En que aspectos da arte e da cultura modernas pensa vostede que Dylan segue a ser un referente?

Bufff... esta é difícil, eh? Vale, empezo polos descartes. Dylan fixo un par de “pelis” ou tres, pero é moi mal actor. As pelis mólanos aos fans porque o vemos facendo algo distinto, pero é mal actor obxectivamente falando. Tampouco me gusta como pintor, malia que nese debate hai opinións máis encontradas. De todos os xeitos, non creo que pasa á Historia por como pinta. Dylan é un escritor de cancións. Para min non é un poeta. Moitas das súas letras soan pobres sen a música que as acompaña. E moitas das súas cancións soan pobres se lles quitamos a letra. Así que para min non é nin un gran compositor musical nin un gran poeta... e porén é o mellor escritor de cancións de toda a Historia. O tipo que mellor soubo conxugar letramelodía e iso que os anglosaxóns chaman *delivery*, que é o xeito en que interpretas ou *entregas* a canción cada vez que a cantas. Dylan transforma as súas cancións con cada interpretación que fai. En cada concerto soan diferentes. Iso está ao alcance de moi poucos artistas.

6. Cre vostede que xa podemos tratar a Dylan de «clásico»?

Si, claro. É un adxectivo que eu lle aplicaría a Dylan sen dúbida ningunha. Un clásico contemporáneo pero un clásico. Dylan transcende o momento no que vive. Dentro de 60 ou 80 ou 100 anos os nosos netos estudarán a Dylan, non a One Direction ou Pitbull, diso podes estar seguro.

7. Cre que se poñen en marcha por parte das autoridades e centros educativos suficientes actividades para dar a coñecer figuras clave da cultura moderna? Vostede que proporía para mellorar as que se toman?

Esta é demasiado difícil. Síntoo, non me considero capacitado para responder a esta pregunta, non coñezo os plans de estudo, os meus fillos son moi novos aínda. Só che podo dicir que o que facedes no voso instituto paréceme marabulloso, sexa en torno a Dylan ou a calquera outro gran artista cuxa obra e traxectoria permitan un achegamento multidisciplinar. Pero non sei en cantos lugares máis se fai algo parecido ou se as autoridades o fomentan o que deberían. Non podo opinar.

8. Cre que este tipo de actividades teñen un impacto positivo na vida dos estudantes?

Espero que si! Esta entrevista túa sería unha proba excelente. Eu aquel día marchei do voso instituto consciente de que moitos seguramente se aburriron. Non todos somos do mesmo equipo de fútbol nin nos gusta o mesmo tipo de cine, nin o mesmo tipo de roupa. Coa música pasa

igual. E máis cun artista como Dylan. Pero se tres, catro ou cinco dos que estiveses alí buscastes algo ese día ou os seguintes na internet, se escoitastes algún disco seu, se lestes algunha entrevista ou reseña biográfica, o impacto xa é positivo. O meu propósito non era conven-

cervos do bo que é Dylan, só convidarvos a descubri-lo e xulgalo por vós mesmos.

Enrique Salvado Vigo
1º Bach C

UNHA CLASE MÁXICA



O día 19 de outubro recibimos con ilusión a visita dun dos magos máis veterenos e importantes da nosa comunidade: o Mago Teto.

Goza dunha gran popularidade e recoñecemento ao ser un dos perfís máis orixinais da maxia polo seu humor, personalidade e nivel técnico. Estas son as claves do seu éxito en Galicia, Alemaña, Arxentina, República Checa e Palestina, acumulando nalgúns dos seus espectáculos máis de cincocentas representacións.

Coorganiza festivais de maxia en Santiago de Compostela e Lugo, coñecidos a nivel internacional, e participou en innumerables eventos dentro e fóra das nosas fronteiras.

Gústalle levar a ilusión a todas partes cos seus espectáculos; ás rúas, ao teatro e á televisión. Tamén é habitual que acuda a hospitais e centros da terceira idade, para levar a maxia á xente que non pode ir vela, ou a Centros Educativos coma o noso, para abrírnos as portas ao mundo da maxia:

1-Que é a maxia para ti?

A maxia é unha maneira de gozar da vida, de pasalo ben, de compartir coa xente, no meu caso co meu público, unha paixón, un soño, e de transmitir felicidade, que ao fin ao cabo é o que todos buscamos neste mundo.

2-Cal é a situación da maxia en Galicia respecto á doutros lugares que visitaches?

En Galicia a maxia está moi ben vista; está recoñecida como unha arte escénica, o cal implica que haxa organismos culturais que inclúen espectáculos de maxia na programación de teatros, auditorios... Ademais en Galicia contamos cunha serie de magos bastante bos, o cal potencia que haxa moitas actuacións. Noutros lugares tamén atopamos estes organismos culturais, pero hai menos magos e realízanse menos espectáculos.

3-Pódese vivir da maxia en Galicia?

Eu vivo da maxia, co cal si se pode, pero hai que dedicarlle todo o teu tempo a preparar, ensaiar e sobre todo a gozar do que fas. Penso que é cuestión de sorte que poidas vivir da maxia, e eu de momento non me queixo.

4-Cando e por que decidiches dedicarte á maxia?

Creo que, como para todo, nácese. E nalgún momento da miña vida tiña que haber un encontro entre o mundo da maxia e mais eu. Tiven a sorte de atoparme coa maxia a unha idade temperá, os 13 anos. A esta idade caeu nas miñas mans un libro de Juan Tamariz, e a partir de aí empecei a aprender trucos e vin que a maxia era algo marabilloso.

5-Onde te formaches?

Na maxia hai que formarse continuamente. Eu aprendín de maneira autodidacta, pois formeime con libros que chegaban dende Madrid, Barcelona, do estranxeiro e con cartas.

Podía estar tres, catro meses cun libro. Despois xa chego o momento no que tiña que formarme con persoas, así que marchei a Lugo onde estaba o Mago Antón. E a partir de aí empecei a viaxar e a aprender dos magos que admiraba.

6-Herdas dalgún antepasado o gusto pola maxia?

Non. Son o primeiro da familia.

7-Cal é a orixe do teu nome?

Boa pregunta (sorri), o meu nome artístico vén do meu nome real, Héctor. Como de pequeno non sabía falar moi ben, e aínda me custa agora de maior (ri)... A xente preguntábame, moi graciosiña ela, como me chamaba, e eu respondíalle con moito orgullo: «Eu chámome Heto». Iso derivou a Teto, e todo o mundo me chamaba así! Así que cando me dixeron que había que pór un nome artístico, eu dixen “O Mago Teto”.



8.-En quen te inspiraches para dedicarte á maxia?

A verdade é que foi por gusto propio, porque con trece anos adoraba as cartas. Ademais quería cumprir o meu desexo: compartir o que non sei expresar con palabras: A FELICIDADE!

9-Quen son os teus referente do mundo da maxia a día de hoxe?

Pois mira, Juan Tamariz é un dos máis grandes ilusionistas españois, con el empecei e aprendín moitas cousas sobre a maxia. Douglas James Henning, foi o primeiro mago en traballar na televisión das Vegas. Outro mago moi importante para min no gremio é René Lavand, que morreu fai un ano, con el aprendín cousas moi importantes da maxia: as pausas e a dramaturxia. Ademais de ser mago era o meu amigo.

*Andrea Moscoso Espiñeira
Clara Rey Castro
Noela Sanjurjo Carballeira
2º ESO D*

INSTRUMENTOS TRADICIONAIS GALEGOS



As Tobas:

Empezamos por falar dos óboes de luz cónica ou tobas, que se remontan cara o século V a. C. ás montañas do oriente lucense.

Consisten en enrolar en forma de espiral a codia dunha grosa póla de castiñeiro e, na última volta, cravarlle un guizo para que non se desenrole. O propio zume da cortiza permite que a codia se pegue e emita así un ou varios sons. Para iso, no extremo estreito da toba hai que poñer

una lingüeta dupla, neste caso chamada pipón. Ademais contan con furados tonais que permiten executar sinxelas melodías. Antigamente eran usadas polos nenos para xogar, xa que emitían un son forte e profundo. Tamén se di que era moi frecuente facer concursos, a ver quen facía a máis grande, conseguido tamaños enormes e xuntándose varios rapaces para facelas soar. Óboes similares ás tobas aparecen por toda Europa, Asia e zonas de África e América do sur.



Os ciceis dos canteiros:

Os ciceis son ferramentas usadas polos canteiros para dar forma ás pedras. Bátense neles con outra ferramenta máis ou menos cónica, chamada maceta. Os canteiros aprovei-

taban este son característico para acompañar os cantos que os distraían do traballo, dándolle un ritmo axeitado. Ademais, o erguer e colocar as pedras esixía coordinación, polo que interpretaban cantos de ritmo libre como arriba!, puxar!; ou sílabas de esforzo como ouh!, eih!. Isto cadra á perfección coa musicalidade do pobo galego. Os cantos dos canteiros lémbrense nas coplas tradicionais. Exemplo disto é esta:

*Os canteiros xuran, xuran
que non marchan desta terra
sin que enganen ónha nena
ó son do picar na pedra.*

*Non te namores meniña
do canteiro que ben canta,
que é a fariña da pedra
que se lle pon na garganta.*

Agora, os ciceis non son considerados instrumentos musicais, pois nacen con outra función moi diferente.

As follas:

En Galicia hai numerosas persoas que saben como tocar unha folla, polo que debeu ser un instrumento bastante empregado. Esta xente sabe como usar unha folla de hedra, limoeiro, laranxaeira... para producir unha melodía limpia, forte e exacta. Para tocala, a folla sostense lixeiramente tensa entre os dedos índice e polgar das dúas mans. O borde apóiase sobre o beizo superior ou inferior, facendo pasar o aire cun sopro. Esta vibra con forza, podendo modular o son movendo a lingua adiante e atrás. O son conseguido polos que dominan o instrumento é impresionante pois é máis forte que o dunha gaita de fol. É un instrumento destinado a pasar o tempo ao coidaren o gando, ou para amosar a habilidade do tocador nun festival.




O rabel:

Atópase nun concello pertencente a Galicia ata o século XIX, pero que agora forma parte de Zamora. Estamos a

falar de Porto, nas Portelas ou Alta Seabra, onde nace o río Bibei. O rabel é un instrumento de pastores (parecido a un violín pero con oitocentos anos de antigüidade), tocado especialmente por homes, aínda que tamén por mulleres. Úsase para acompañar o canto na cociña, de noite... Fabricácase dunha soa peza en madeira de chopo, previamente cocida unhas horas para que non fenda. A caixa de resonancia ten forma de elipse e o seu fondo é plano, ademais de ir totalmente escavada no seu interior. Dun dos extremos parte un brazo, rematado nunha man plana atravesada por tres caravillas que soportan tres cordas. O rabel tócase fretando un arco contra as cordas. Debeu ser un instrumento moi importante, pois diversas coplas faltan del:

Teño un rabeliño novo
que me custou un vinté,
un vinté non é diñeiro
se o rabel tocara ben.

O rabel que ten a culpa
o rabel a culpa ten
porque non lle dan daquelo
que rechina na sartén.



Estraloque:

É un instrumento de madeira con dúas láminas, que ao ser axitado no aire, fai percutir estas láminas contra ou-



tra. O seu nome procede seguramente de estalar, pois outros xogos que fan un ruído semellante reciben un nome parecido, por exemplo, as flores de estalote. Durante a Idade Media, utilizábase os rapaces para escorrentar aos paxaros das leiras sementadas; empregábase para pedir esmola para os hospitais; ou usábase os leprosos para avisar da súa presenza. O instrumento destes últimos chamábase "Tablilla de San Lázaro". En todo caso, no século XX foron simplemente brinquedos dos nenos e non participaron en absoluto na música, e por tanto non eran instrumentos musicais propiamente ditos.



A zoadeira:

É un instrumento consistente nunha taboíña de madeira máis ou menos rectangular, e cun furadiño nun dos seus extremos. Por ese furado pásase a punta dunha corda, permitindo así facer xirar a taboíña por enriba da cabeza cun movemento circular. Ao dar voltas no aire produce o seu son característico, semellante ao zoar do aire (de aí lle vén o nome). As culturas da antigüidade coñeceron tamén as zoadeiras co nome de rhomboi, fabricadas de madeira e ás veces talladas nunha pedra preciosa. A miúdo cumprían a función de expresar a voz das divindades, dos espíritos ou dos devanceiros, é dicir, ritos relacionados coa morte e co outro mundo. Máis adiante tiñan forma elíptica, de peixe, bordes dentados como aletas e, ocasionalmente, debuxos de escamas, relacionándoas así coa agua e o seu son co vento. Ademais, en lousas atopadas en monumentos megalíticos, aparecen representadas con formas vexetais. Ata hai ben pouco, empregáronse nalgúns lugares para asustar e escorrentar aos animais das leiras, ou para asustar ás vacas imitando o fungar do tabán. E, como con outros instrumentos musicais na súa última etapa, antes da súa completa extinción, convertéronse en xoguetes para nenos, estado no que se achaban hai pouco en Galicia.

Lúa Carpintero Sánchez
2º ESO B

VANTAXES DO MULTILINGÜISMO

A palabra **multilingüismo** describe o feito de que unha persoa ou unha comunidade sexa multilingüe, é dicir, sexa capaz de expresarse en varias linguas.

Galicia e tamén España son dos máis atrasados da U.E no dominio das segundas linguas, cousa que afecta á cultura cidadá e á economía.

O multilingüismo é unha das razóns para cualificar ás cidades para os negocios. Un claro exemplo é Barcelona unha cidade cualificada de boa para vivir, pero mala para os negocios debido ao baixo coñecemento do inglés na Administración.

As principais causas son a insuficiente inversión en recursos e a mala aprendizaxe das segundas linguas.

Unha investigación norteamericana descobre que cando as segundas linguas se aprenden tarde sitúanse nun lóbulo do cerebro diferente, pero cando se aprenden á vez, ubícanse en áreas comúns, por iso os bilingües tardíos non se expresan como os nativos.

As linguas nativas exprésanse de forma automática debido a que se almacenan no cerebro con memoria implíci-

ta como coñecemento inconsciente, o cal se perfecciona coa práctica. A lingua dá así lugar a coñecementos automáticos difíciles de conseguir, pero tamén difíciles de esquecer. Por iso non se pode aprender unha lingua con dúas clases semanais. Cómpre practicar con asiduidade. A mellor aprendizaxe dunha segunda lingua é introducila moi cedo nas vidas das persoas e levala á práctica no ámbito familiar, escolar e profesional.

O multilingüismo ofrécenos unha gran variedade de vantaxes:

- As linguas son un poderoso medio de representación do mundo interno e externo.
- As persoas con dominio de múltiples linguas teñen máis capacidade de execución mental e están máis protexidos contra as enfermidades dexenerativas e o envellemento.
- Tamén teñen mellor atención selectiva e máis rapidez en exercicios mentais.

Investigadores canadenses mostraron que 182 individuos diagnosticados con demencia dos cales o 51% eran bilin-

gües tardaron 4 anos máis en desenvolver os síntomas da enfermidade.

Moitos son os factores que cobran relevancia á hora de ser un verdadeiro bilingüe. Como por exemplo ter pais nativos que falen constantemente aos seus fillos en cada unha delas, e os mestres que poden ter tamén un papel importante nesa indución lingüística múltiple nos primei-

ros anos de vida.

Aprender cedo e practicar toda a vida diferentes linguas conporta moitas vantaxes.

Elena Rodríguez e Mariña Palacio
2º Bach

OUTRAS PERSPECTIVAS PARA A MÚSICA: ETNOMUSICOLOXÍA

A modo xeral a etnomusicoloxía é unha área de estudo que abrangue varios enfoques da música salientando os seus aspectos sociais e culturais, constituíndo, ao tempo, parte da musicoloxía e da antropoloxía. Nace da idea de que esta arte constitúe un recurso esencial no desenvolvemento de individuos, pobos e culturas .

Sabemos que a música, na súa calidade de linguaxe sonora e expresión artística do ser humano, é produto da cultura e non da natureza. Polo tanto, procurando resposta ao longo da Historia a cuestións como *quen fai a música? para quen? cal é a finalidade? que función social presenta?, etc.* atopámonos ante unha notable ferramenta de estudo antropolóxico. Por isto o pai da etnomusicoloxía, Albert Ellis, consideraba a música como “feito social” e non como “feito acústico”.

Nos nosos días poderíase dicir que esta dimensión da música está infravalorada: en moitos casos non deixa de ser máis que un produto comercial no gran mercado en que se converteu o mundo. Porén, segue a servirnos como símbolo de celebracións, vínculo con outras persoas en moitas xuntanzas sociais, método de relaxación ou mesmo de abstracción e evasión...

Mais a súa importancia non radica só niso. Se cadra, sexa aínda máis relevante o feito de que a etnomusicoloxía concede valor en si mesmas ás músicas populares de calquera parte do mundo alén dos aspectos etnográficos.

En primeiro, cómpre decatármonos de que por moito que

se tivese estudado o folclore de moitas nacións, sempre foi un labor feito como apéndice etnográfico e dende a perspectiva da Historia da Música europea. *Ante séculos de música culta en Occidente cos excelentísimos Johan Sebastian Bach, Wolfgang Amadeus Mozart ou Ludwig Van Beethoven, pais da única e universal MÚSICA, con maiúsculas, imos ver un pouquiño deses sons exóticos que fan os indíxenas incultos de África ou de América... non?* Este, caricaturizado, sería a exposición da primeira etnomusicoloxía nacida de man do Positivismo e, por desgraza, a concepción universalista e da supremacía do home branco que inconscientemente planea aínda na actualidade en demasiadas conciencias; claramente, non só no eido da música.

Sería a mediados do século pasado cando, evolucionando da musicoloxía comparada á coordinación de musicoloxía e antropoloxía, se abriría paso a idea de que todas as culturas musicais teñen igual valor, acollendo múltiples puntos de vista sobre a música e a súa comprensión incluíndo a apertura a todas as tendencias musicais e científicas.

É, por tanto, a etnomusicoloxía, unha disciplina relativamente recente cuxos límites de estudo non están coutados por agora; estando nunha evolución ideolóxica, de contidos e de métodos de estudo, aínda que controvertida, con moito futuro en investigación en paralelo á filosofía de cada tempo.

Marta Rama Ferreira
1º Bach



ESTÁS CONTENTA/O?

Non é doado elixir o noso camiño. Obsesionámonos de novo de cativos con tentar descifrar cal é a nosa función, sen percatarnos de que unha función só pode ser asimilada por un obxecto, mais non por un suxeito coma nós. Lamentablemente precisamos máis datos ca os nosos simples intereses para elixir unha u outra opción no instituto que despois, din, “determinará a nosa vida”. A miúdo son as limitadas saídas laborais coas que nos atormentan no momento no que pisamos o chan. Sen unha “boa carreira” non teremos un traballo, sen traballo non teremos diñeiro, sen diñeiro non seremos ninguén e, dende un punto de vista un pouquirriño máis adolescente, non poderemos independizarnos de mami, papi ou titor legal. Ás veces ese desexo obrígate a escoller o que menos queres ou peor, a non meditalo nin un momento. Eu collera a miña matrícula de primeiro de bacharelato o mesmo día das notas, pero agardei ata o último día para ir ao instituto, sentarme no chan en fronte a secretaría e rematar de cubrila. Eu escollín as ciencias, eu sempre fora de ciencias, encantábanme en todos os sentidos e así segue sendo aínda que moita xente non o crea por considerarme desertora. Eu non sabía o que facía, pero a xente tiña máis claro o que eu quería estudar ca min, o problema foi non escoitar á xente adecuada. Non sei ben o que pasou ese ano, pero chegou un momento no que levaba dous meses durmindo catro horas ao día, sen apenas parar a comer, había días que despois das seis horas da mañá no instituto, comezaba ás tres e media da tarde outras tres horas, e despois marchaba á biblio ata chegar ás dez á casa. O peor de todo isto é saber que hai moita xente que a día de hoxe segue vivindo así. Bacharelato é duro, e levalo ao día é tan só un mito. A miúdo estudamos cousas que sabemos de sobra, nunca servirán para nada agás para programas como “Saber e ganar”, e iso no caso de que te lembres ás dúas semanas, porque só temos tempo para “chapar” por pouco que nos guste. Por iso o único que che pode servir nesta constante tortura inintelixible á nosa idade é ter unha meta clara, é saber que todo iso nun futuro servirá para algo que realmente sexa a túa paixón. Por iso buscar as saídas ignorando os teus intereses por completo non sempre resulta beneficioso.

Eu amarreime ben forte á filosofía, aínda non sei por que, pero adoitaba mercar libros que despois non tiña tempo para ler e sorprendentemente todos roldaban ese mesmo tema. Cando conseguín orientarme deime conta de que ese bacharelato non me motivaba o suficiente como para continuar con el. Realmente non quería estudar, de non ser polo voluntariado teríao deixado todo, era o único que me mantiña firme e me lembraba que se seguían a existir cousas que se achegaban máis á miña meta. Así que falei con profesores, informeime e volvinme tola unha media de dúas veces por semana e ao ano seguinte cambiei de modalidade. Marchei de primeiro de ciencias a segundo de humanidades. Quero aclarar que mentres escribo isto non terminei segundo. Todo segue a ser un caos, ademais de que é segundo e estreamos unha “novidosa” lei. Cambiar de bacharelato implica estar seguro, algo que nunca levei ben, e recuperar materias, concretamente no meu caso 3 pendentos de primeiro. Pero esa seguridade obrígame tamén a dicir que paga a pena. Non me arrepinto de facer o que fixen, e aínda cando me custa estudar algo sei que o estudaría mil veces máis porque fun quen de atopar a motivación que antes non tiña. Nalgunhas clases parece que non estivera no instituto, algunhas cousas non son estudar, é ler e gardalas de seguido na memoria. Fixen dous anos de latín nun só, debuxo artístico e literatura universal, e con moita paciencia por parte dos profesores e nervios a parte... é posible, todo é posible se de verdade é o que queres, tan só require esforzo e iso conseguímolos con motivación e a vocación que posteriormente estará nos nosos traballos. Eu sei que non vai ser nada fácil tentar ser profesora de filosofía, sempre bromeo con que rematarei debaixo dunha ponte, pero eu realmente quero ser educadora. E... aínda que a día de hoxe continúe dubidando un pouco respecto a isto... arríscome a dicir que dá absolutamente igual o que estudedes, con tal de que vos esforcedes niso e sinto dicirvos que esforzarse só é mais leve cando algo nos gusta de verdade.

Sofía Sánchez Patiño
2º Bach C



OS XERMINADOS



QUE SON?

Son sementes que ao estar nun medio coa auga, o osíxeno e a calor suficientes, xerminan e comezan a brotar para formar un novo ser vivo, unha planta, que á súa vez producirá novas sementes.

O desenvolvemento do embrión permite que grande parte dos almidóns que se atopan no gran se transformen en azucres simples e incrementa a cantidade de proteínas como consecuencia do proceso de desenvolvemento da planta.

PROPIEDADES DOS XERMINADOS

Axudan a previr enfermidades ou a tratalas no caso que xa se manifestasen.

-Favorecen os procesos de desintoxicación, depuración e eliminación de residuos almacenados nos tecidos ou no sangue.

-Fortalecen o sistema inmune.

-Antioxidantes, combaten a acción dos radicais libres.

-Estimulan as secrecións do páncreas.

-Facilitan a dixestión, activan os procesos de rexeneración e desinflamación do aparato dixestivo, revitalizan os mecanismos metabólicos internos.

-Melloran o funcionamento intestinal.

-Rebaixan o índice de colesterol.

-Tonifican o sistema nervioso.

-Contribúen a manter a elasticidade das arterias.

-Retrasan o envellecemento.

-Favorecen o metabolismo pola súa acción reconstituínte.

-O seu consumo está recomendado en casos de anemia pola súa riqueza en clorofila, e para persoas co estómago delicado.

INFORMACIÓN NUTRICIONAL

Conteñen:

Aminoácidos esenciais, vitaminas B, C, E, K, betacarotenos (pro-vitamina A), clorofila, calcio, potasio, ferro e oligoelementos.

SEMENTES QUE SE PODEN XERMINAR

Trigo, lentellas, soia, soia verde, garavanzos, xudías, chícharos, alfalfa, xirasol, centeo, sésamo, etc.

VANTAXES

Por que tomar xerminados?

Porque ao xerminar as sementes aumenta de forma espectacular o seu contido nutricional e porque este proceso as converte en alimentos moito máis fáciles de dixir polo noso organismo. Hai persoas que non toleran os legumes cociñados pero si os seus xerminados.

Por outra parte, o proceso da xerminación fai que o contido en minerais e vitaminas aumente considerablemente. Así, por exemplo na soia xerminada, o contido en vitamina A e carotenos duplícase nos días da xerminación, e no trigo, a vitamina C aumenta un 600% e a vitamina E triplicase aos catro días.

Hai que destacar que o contido en vitaminas e minerais segue aumentando ata o momento xusto en que son inxeridas polo individuo e, por esa razón, superan en nutrientes a froitas e verduras, xa que estas últimas durante o almacenamento, e a medida que pasan os días van perdendo vitamina C.

Na xerminación fórmase a clorofila, que actúa como desintoxicante do organismo, rexenerador do intestino e posúe propiedades antianémicas.

O resultado é que os xerminados fortalecen o sistema inmunitario e constitúen un excelente suplemento vitamínico para contrarrestar os efectos negativos do estrés e da contaminación. En definitiva, axudan a que o organismo se manteña san. Son grandes superalimentos, teñen máis nutrientes e permiten unha mellor absorción que os grans non xerminados.

CONSUMO DOS XERMINADOS

Podemos consumilos en forma de fariñas e flocos de grans de cereais xa xerminados, sendo habituais os de trigo, cebada, espelta, avea, arroz e millo.

As fariñas dos xerminados poden empregarse para facer pasta, pan, masas de filloas ou crepes, pizzas, empanadas e repostería, como unha boa alternativa á fariña tradicional.

-Os xerminados pódense adquirir en establecementos especializados como tendas de dietética, pero tamén se poden mercar as sementes e xerminalas na casa. Nese caso, mellor elixir sementes ecolóxicas, xa que así é máis seguro que conserven todo o seu valor nutritivo.

COMO ELABORAR XERMINADOS NA CASA?

Pódense facer nunha xerminadora, pero se non se dispón dunha, farémolo da seguinte maneira:

-Colocar tres culleradas de sementes nun recipiente de vidro (nunca de metal) coa boca ancha e cubrilas con auga (ata tres ou catro veces o seu volume).

-A continuación, tapar o recipiente cunha tea fina e deixar repousar as sementes durante 12 horas nun lugar escuro e cálido.

-Tirar a auga e lavar as sementes con auga morna.

-Durante os días seguintes, cambiar a auga de dúas a tres veces ao día ata que aparezan os primeiros brotes (tardarán de dous a cinco días).

-Canto teñan dous ou tres centímetros, eliminar toda a auga e deixar xerminar as sementes no recipiente expostas á luz solar para que se forme a clorofila e as follas consigan a característica cor verde. As sementes que non xerminan deben tirarse.

RECEITAS CON XERMINADOS

1.ENSALADA DE LENTELLAS (4 porcións)

Ingredientes:

3 tazas de lentellas xerminadas
1 cebola
1 dente de allo
Zume dun limón ou vinagre
Aceite de oliva

Picar a cebola e o allo e mesturar coas lentellas e demais ingredientes.

É unha ensalada para tomar soa ou tamén para acompañar outros pratos como arroz ou pasta.

2.REVOLTO DE XERMINADOS

Cantidade de brotes xerminados ao gusto de cada un

Ovos
Cebola
Sal
Pementa
Aceite de oliva

Separamos as xemas das claras e batémolas por separado. Nunha tixola antiadherente ou wok poñemos o aceite a quentar e botamos a cebola. Tras uns minutos incorporamos os xerminados e seguimos salteando durante uns minutos. Incorporamos as xemas e despois as claras. Botamos a pementa e o sal e deixamos facer ao gusto de cada un. Servimos quente.

Eva Carrillo Mata
4º ESO D

RECEITAS DE XERMINADOS E BROTES TENROS.

Wrap de tenreira, xerminados e brotes verdes

1.- Tortas de millo, compradas ou elaboradas na casa de seguinte maneira:

175 gr. de fariña de millo precocida(en supermercados comercializada como fariña de millo precocida PAN, 265ml de auga temperada e sal. Mesturar ben integrando os ingredientes, formar unha bóla e repousar 1 hora, amasar un pouco e estirar formando pequenas tortas que se

cociñan en tixola quente.

2.- Recheo:Nun chorro de aceite cociñar en placa ou tixola ben quente un bisté moi tenro ou un entrecosto; unha vez feito macerar no seguinte mollo: no mesmo aceite de cociñar a carne ou un pouco máis saltear moi lixeiramente 2 dentes de allo e unha cullerada de xenxibre relados, xa fóra do lume engadir copos de chile vermello secos (cantidade segundo se queira de picante) ou ben copos de chile secos doces, unhas pingas de salsa Perrins, só un-

has pingas de vinagre e sal Maldon. Cortar a carne en tiras e colocala nas tortiñas cun pouco de cenoria escaldada uns minutos e cortada en cubiños, unhas láminas de ravos, piparras encurtidas picadas en aros, un pouquiño de ceboliña picada, uns anacardos tostados e picados grosso modo e uns cubiños de pan de millo torrados.

3.- Rematar con xerminados de ravos (rábanos), nabo daikon ou incluso de garavanzos (1) e tamén brotes verdes de tirabeques, berros ou coandro (cilantro).

Servir ao momento para que non abranden as tortas.

Coca de agulla e tomates cherri

Sobrepoñer tres láminas cortadas en rectángulo o en forma ovalada de pasta brick ou filo pintadas lixeiramente de manteiga e un pouco apremadas, levar a forno 160°, 12 minutos (que estea dourada e que trisque na boca). Arrefriar e colocar enriba lombos de agulla limpos de espiñas de conserva artesá. (Conservas Cambados), tomates cherri confeitados (escaldar de 3 a 5 segundos, pasar a auga fría e retirar a pel. Cubrir con aceite suave, como arbequina, un pouco de azucre moscobado ou ben integral de caña, un chorriño de vinagre balsámico e unhas follas de tomiño fresco. Confeitar 40 minutos a lume mínimo. Engadir unhas follas de rúcula e uns puntos de maionesa feita cunha redución de parte do líquido do confeitado dos tomates.

Rematar con brotes de mostaza e xerminados de sésamo.

Servir ao momento para que se manteña crocante a base de pasta.

Ensalada de quinoa.

Lavar a quinoa en tres augas diferentes, cocer en tripla de auga que de quinoa, ferver e baixar a lume suave, arrefriar en auga, escoar e engadir tomate concassé adubado con pementa e aceite, aguacate en brunoise con aceite, limón e pementa de Jamaica, olivas negras picadas, tomate seco (en aceite) picado, e un pouco de queixo feta esmiazado. Engadir un aliño de anchoa (2), aceite, un chorriño de vinagre triturado e perexil picado. Terminar con xerminados de alfalfa e de quinoa.

Pasta con aceite de xenxibre.

Cocer pasta curta, regar con aceite de xenxibre e engadir queixo parmesano ou grana padano relado. Remover. Terminar con brotes de sisho morado e sisho verde.

Aceite de xenxibre: 150 ml de aceite suave (arbequina ou cornicabra), con 100gr de raíz de xenxibre en láminas finas a confeitar 3 horas a 65°, arrefriar, coar, pasar a unha botella ou bote de cristal e poñer en neveira 12 horas.

(1) Para usar garavanzos xerminados teñen que estar a remollo en auga fría 12 horas, logo escoalos e poñer en lugar algo cálido tapados cun pano húmido e mollar 3 veces ao día; en cinco días abrandan e xerminan, entón xa se poden consumir, sempre crus.

Eva Carrillo Mata
4º ESO D

CAMBIAMOS GRAXA POR AZUCRE



Na sociedade actual é sabido que a cantidade de azucre dalgúns produtos é moi elevada, como as bebidas ener-

xéticas, as galletas ou biscoitos que son tan frecuentes no almorzo, pero pouca xente espera que os produtos considerados “light” conteñan as inxentes cantidades de azucre que posúen na realidade

En primeiro lugar, caben destacar os iogures nos que se pode encontrar 16 g de azucre nun só iogur 0%, que se supón que debería ser saudable ou os iogures deseñados para nenos pequenos que chegan a conter incluso 9 g de azucre por unidade. Por outra parte, un caso sorprendente é o tomate frito que contén, nun pequeno envase de 210 ml 4 gramos, mentres que este mesmo produto cunha receita caseira ou ben non levaría azucre en absoluto ou levaría cantidades moito menores.

A pregunta neste momento é: por que se lle engade azucre a calquera tipo de produto? A resposta resulta ser que o azucre ten un alto factor adictivo, o que incita ao consumidor de tales alimentos a comprar máis e máis cantidade, o que beneficia enormemente á empresa. De feito o

azúcar é aínda máis adictivo que a graxa e tendo en conta o atractivo que lle confire a un produto que sexa etiquetado como "light" non deixa de beneficiar ás empresas.

Por outro lado, e tendo en conta o azúcar que xa consumimos con outros alimentos nos que xa contamos que o teñan, remata sendo unha cantidade moitas veces superior aos 50 g que a OMS (Organización Mundial da Saúde) establece como máximo diario, o que acaba provocando graves prexuízos á poboación, tales como a obesidade, un dos maiores problemas aos que se enfronta a sociedade actual, que se ve favorecida polo excedente de reservas que provoca o consumo excesivo de azúcar e os problemas que desta derivan.

Por outro lado, a redución do azúcar consumido diariamente está probado que é moi beneficioso, pois a parte de reducir a posibilidade de contraer as enfermidades anteriormente mencionadas, reduce o risco cardiovascular, ao reducir a presión arterial; axuda a un mellor control do

apetito, ao xerar unha maior resistencia á leptina, hormona reguladora do apetito; e, como consecuencia das anteriores, un aumento da esperanza de vida.

Ademais, unha consecuencia, tan grata como sorprendente da redución do azúcar na dieta é a maior apreciación do sabor doce, incluso ata un 40% máis, isto prodúcese porque a satisfacción producida polo consumo de azúcar, ao gorentala máis ocasionalmente, intensifícase en gran medida.

Así que en conclusión, non debemos fiarnos dos cualificativos que se lle poñan aos alimentos, senón que é máis aconsellable ler o etiquetado, e así poder distinguir entre os produtos que son realmente saudables e os que non sen temor a equivocarnos.

Ismael Alonso Vilela
4º ESO A

OS EDULCORANTES TÓXICOS

Os edulcorantes son substancias que serven para adoçar os alimentos e bebidas. Poden ser naturais e artificiais. Encóntanse en case todos os produtos de alimentación procesados, sobremesas, comidas preparadas, xaropes, chocolates, doces, xeados, gomas de mascar, etc.

Nos edulcorantes naturais encontramos substancias derivadas de produtos orixinais da natureza como o amidón que provén da sacarosa; os azúcares-alcohois ou poliois, etc.

Todos eles se caracterizan por aportar enerxía en forma de calorías en menor ou maior cantidade, desde as catro calorías por gramo dos edulcorantes nutritivos ata as variedades que non aportan case calorías ao organismo.

Fronte ao grupo dos edulcorantes naturais encontramos os edulcorantes químicos ou artificiais, que presentan unhas estruturas diferentes entre si e que se caracterizan por non ter calorías, polo que se utilizan como substitutos do azúcar, aínda que poden ser tóxicos. Os efectos secundarios van ser desde dores de cabeza, migrañas e trastornos de estado de ánimo ata afeccións as glándulas do timo e deterioro da función hepática e renal. Neste grupo encontramos a sucralosa, o aspartamo, o acesulfamo, a sacarina e o ciclamato.

A pregunta que nos facemos como consumidores é se estes edulcorantes artificiais son saudables. Se preguntamos a súa opinión aos fabricantes a resposta é positiva. Realizan moitos anuncios para convencernos de que os edulcorantes son óptimos, que axudan para previr a caries dental, controlar os niveis de azúcar e a reducir a

obesidade debido á redución do noso consumo de calorías. Dos cinco edulcorantes artificiais a sucralosa e o aspartamo son os substitutos do azúcar máis habituais e máis perigosos. Ademais, son os que máis se usan nos alimentos.

A sucralosa é un edulcorante que se utiliza dende 1976 e que se comercializa co nome de Sucralin ou Splenda. Na Unión Europea etiquétase co código E-995. É basicamente sacarosa desnaturalizada por cloración, que cambia a estrutura química e engade tres átomos de cloro á molécula. Este elemento pode provocar cancro, polo que o seu uso ten riscos reais para a saúde. Entre os efectos secundarios encontramos problemas gastrointestinais, irritacións da pel, erupcións e urticaria, dificultades respiratorias, destilación nasal e tose, ansiedade, depresión e cambio de ánimo.

O aspartamo é un edulcorante moi polémico desde o seu descubrimento pola súa toxicidade, e sospeitase que o seu consumo pode ser causa de xaqueca, fatiga, problemas de visión, ansiedade, tumores cerebrais, defectos de nacemento, epilepsia, a enfermidade de Parkinson, fibromialxia e diabetes. Comercialízase baixo os nomes de Sucrycan e NutraSweet, e encóntanse en iogures, refrescos, substitutos de azúcar de mesa, gomas de mascar, produtos de pastelería e sobremesas. Está autorizado na Unión Europea como aditivo E-951. A molécula de aspartamo fórmase a partir de tres compostos, o ácido aspártico, a fenilalanina e metanol. Por enriba dos trinta graos centígrados a molécula descomponse en ácido fórmico e metanol, os cales afectan ao organismo en diferentes formas ata provocar a morte. Os efectos máis graves de-

bido a súa toxicidade son o cancro, a esclerose múltiple, o lupus ou o alzheimer.

O acesulfamo é un edulcorante duascenas veces máis doce que o azucre. Non tende a acumularse no organismo, excrétase. Está incluído na lista de aditivos autorizados pola Unión Europea e encóntrase en multitude de alimentos como refrescos, gomas de mascar, sobremesas, zumes, alimentos *light*, etc. Sobre este edulcorante artificial fixéronse moi poucos estudos como para definir as súas consecuencias.

A sacarina sintetízase do tolueno e outros derivados do petróleo. Úsase para edulcorar bebidas, adoazar iogures baixos en calorías, en refrescos industriais, en zumes de froitas embotellados, galletas e marmeladas para diabéticos, chocolates en baixas calorías e produtos diabéticos ou baixos en calorías. Durante décadas o consumo da sacarina ligouse ao cancro, pero despois de varios estudos descubriuse que non era canceríxena, senón un desencadeante dunha agresión ao organismo e que a resposta produce os tumores.

O ciclamato é un edulcorante non calórico que é ata cincuenta veces máis doce que outros baixos en calorías. A OMS avala o seu uso como seguro para a saúde humana e está permitido en máis de cen países do mundo, porén está prohibido en Estados Unidos desde 1970. Utilízase, sobre todo, en bebidas gasosas, iogures e, incluso, en dentífricos. É un dos principais compoñentes da Coca-cola Zero pero, para que represente algún risco para a saúde humana, unha persoa media de 70 quilos debería inxerir máis de 3 litros cada día durante toda a súa vida.

Non hai razón ningunha para recorrer aos edulcorantes químicos e arriscar a nosa saúde, cando temos mellores e moito máis sas e saudables opcións. Se non se ten ningún problema de saúde, pódese usar como alternativa ao azucre o mel. É un alimento repleto de enzimas, antioxidantes, ferro, zinc, potasio, calcio, fósforo, vitamina B6, riboflavina e niacina. Ou ben optar pola stevia, unha planta que provén de América do Sur e que se utiliza dende fai miles de anos como edulcorante natural. O esteviosido, un dos azucres que conteñen as follas da planta, é trescentas veces máis doce que o azucre e non aumenta a súa concentración no sangue, polo que o seu consumo é apto para diabéticos. Encontrámolo dispoñible en po, líquido en gotas e en pílulas para disolver. Non ten calorías e carece de efectos secundarios dos edulcorantes artificiais, sendo por isto o edulcorante ideal.

Evita o consumo de produtos que estean etiquetados como que son baixos en calorías ou sen azucres engadidos, así como as bebidas enerxéticas, pois todas elas teñen edulcorantes tóxicos. É necesario estar vixilantes e manter fóra da dieta e de a nosa vida estas substancias tóxicas.



Imaxe acesulfamo



Imaxe sacarina



Imaxe ciclamato



Imaxe aspartamo



Imaxe sucralosa

*Xiana Torres Guerra
2ºESO C*

INVENTOS QUE CAMBIARÁN A TÚA VIDA

Unha listaxe de inventos que decidirán o destino do noso planeta.

Poden parecer inventos absurdos que non terán moita importancia na futura sociedade mundial, pero se empresas investiron diñeiro nestes produtos será porque rematarán abraiado á nosa poboación. Son innecesariamente necesarios:

1. **Zapatillas luminosas:** Nunca espertaches de madrugada e quixeches ir ao baño ou a alimentarte? Aquí tes a solución para non espertar aos teus familiares ao acender a luz do cuarto. O truco está na lanterna LED que teñen incorporada e que se accende con accionar o interruptor lateral. Fantástico para non recibir berros por parte dos demais, iso si, só iluminan o chan.
2. **“Rolling Bench”:** O invento público que fará que a xente lle dea de comer ás pombas a miúdo. Bancos normais como os que se atopan no noso patio escolar, pero cunha diferenza, o grillón xiratorio que fará rotar ó instrumento. Estes bancos contan cun mecanismo de xiro que torna a face na que te sentas cada vez que accionas o mecanismo mediante a manivela. Isto por exemplo serve para cando despois dun día de choiva tratas de sentarte sobre terreo seco, e decides mover a manivela para usar a face seca do banco e non mollarte.
3. **Magnetics zippers:** A cremalleira é un deses inventos que nunca cambiou dende que fora ideada no 1914. Porén, sempre hai espazo para a innovación. Así nolo demostra a marca de roupa deportiva “Under Armour”, que vén de inventar un peche para a roupa que funciona cunha soa man e non se atasca. Este artefacto noméase “Magzip” e funciona mediante un imán que se introduce totalmente nun cilindro e mantense pechado ata que o usuario preme un botón lateral.
4. **Angled Corner Picture Frames:** No momento de decorar o noso fogar, as esquinas adoitan ser un problema para a colocación de todo tipo de elementos, especialmente marcos ou cadros. Pois grazas a estes deseñadores alemáns seremos quen de aproveitar ao máximo o espazo do que dispoñemos. Están fabricados tanto para exteriores como interiores e veñen con acuarelas para que ti mesmo os decores. Vas deixar pasar a oportunidade polo miúdo de 224 euros?
5. **Espertador Ruggie:** Este curioso invento trata dunha alfombra con espertador incorporado que vai facer que leves os horarios ao pé da letra. A utilidade do artefacto é facer que te levantes da cama, para iso soará o clásico son de espertador ata que o instrumento verifique que estás de pé e listo para comezar un novo día.
6. **Chaises Longues solares:** A evolución dos sofás con enchufe dos centros comerciais. Estes son bancos individuais que permiten ao usuario recargar o seu teléfono mediante un enchufe que recibe enerxía por placas solares, ou botar unha cabezadiña recostándose no respaldo. A innovación dos bancos chegou ao noso planeta con fame de progreso.
7. **Rolo con protector:** Nunca manchaches a parede equivocada pintando? Pois aquí atopamos a solución. É un rolo normal que conta con dúas proteccións para poñer e quitar cando sexa necesario e así pintar só o que queremos pintar.
8. **Window Socket:** Este enxeñoso aparello será imprescindible para todo viaxeiro de móbil en man. Un enchufe portátil que se recarga mediante enerxía solar e que resulta sinxelo e fácil de utilizar. No ámbito doméstico pode pegarse nas fiestras e mantelo coma un enchufe normal.
9. **Chalkeeper:** Este é un dispositivo que reciclará todo o po que atope e formará estruturas simples con el, dependendo da cantidade. Por exemplo, cando xa non hai máis xiz na clase no canto de ir por outro xiz poderemos recoller todo o po que estas soltan e introducirlo neste invento para que faga a súa maxia e nos recargue as nosas provisións. Invento que axudará moito á reciclaxe.
10. **Uni Promarks:** Este subliñador vén con dúas innovacións. Conta cun plástico transparente que permite ver o que estamos a subliñar para non ter que crear poses para ver o que estamos facendo. E grazas á súa substancia especial aos seis meses do seu uso desaparece por completo o subliñado, isto permitiría marcar un libro que non é noso para deseguido devolveo intacto.

Breixo Barreiro Mira
2º ESO D

VENRES, “NEGRO” PARA OS PEQUENOS COMERCIOS

Esta moda estadounidense implantou o sistema de compra compulsiva na Galiza e en toda Europa arredor do ano 2011. Na actualidade, case non queda ninguén que non coñeza o significado de *Black Friday*. E é que esta tendencia se alicerza na propaganda e en provocar nos compradores esa tensión baseada nunhas rebaixas impresionantes concentradas nun só día, ou nunha curta fin de semana. Así, os clientes cren aproveitar os descontos e adiantan as compras do Nadal. Mais non é esta a única novidade chegada da outra beira do Atlántico. Algunhas das artimañas empregadas polos grandes almacéns para baleirar os petos dos consumidores tamén son o *Ciber Monday*, as rebaixas de xaneiro ou as campañas de *Halloween*, *San Valentín*...

O certo é que estas presuntas baixadas de prezos non son máis que iso, trátase dun engano para sementar o espírito consumista entre a poboación. Un obxectivo ruín é o deste *Venres Negro*, mais é aceptado e agardado impaciente por milleiros de persoas, non só nos Estados Unidos, senón tamén no noso país. Estamos polo tanto, desgrazadamente enganchados ás rebaixas. Debemos pois pararnos e reflexionar sobre a real natureza desta moda. Os xigantes da venda non permiten perdas, e non están a dar un paso en falso promocionando estes descontos; teñen entón un segundo fondo que non estamos a contemplar. Por desgraza, moitas das tendas pretenden enganarnos miserabelmente aumentando os prezos unhas semanas antes, para despois realizar unha pequena baixada simbólica e completamente interesada.


Entran tamén neste xogo de grandes estratagemas as entidades financeiras máis importantes, xa que non son poucos os que recorren a préstamos para poder cubrir estes gastos. Así, o enredo continúa enguedellándose, pois os intereses que corresponden a ditos empréstitos fan que os usuarios rematen pagando, a prazos, iso si, o custo de ter caído en compras irreflexivas.

É certo que estas campañas tamén xeran emprego, mais con poucos dereitos para os traballadores, pois trátase de contratos temporais e cunhas xornadas laborais longas e esgotadoras.

Un pilar fundamental neste ciclo de consumo son as tarxetas de crédito, pois permiten ao cliente pagar as súas compras sen ter contacto co diñeiro físico, polo que se perde en certo modo a conciencia de estar facendo un gasto. Debemos entón intentar conservar o xuízo.

A última personaxe desta lería é a venta online, pois permite adquirir produtos a horas intempestivas, polo que se actúa de xeito compulsivo, descontrolado e mesmo perdendo a cordura. Aínda así, este sistema está en alza, pois ábrenos as portas a un mercado moi diferente e variado. Mais as consecuencias preséntanse prexudiciais para o medio ambiente pois impórtanse mercadorías seguindo longos traxectos.

INTENCIÓN DE COMPRA DURANTE ESTES PERÍODOS



En consecuencia e de acordo co amosado na anterior gráfica, estas célebres rebaixas favorecen o consumo irreflexivo, non para cubrir necesidades básicas como a alimentación ou a vivenda. Isto indícanos, polo tanto, que se trata dunhas compras ilóxicas que pretenden crear pracer. Realmente é bastante triste e significativo que ese deleite anhelado só se poida conseguir por medio dun pagamento.

Pero a máis dolosa das repercusións deste sistema capitalista de consumo é a presión exercida sobre o pequeno comercio, que de continuar nesta dinámica podería chegar a desaparecer. É o noso deber evitar que se perdan as tendas da rúa, eses establecementos abertos tantos anos atrás e traspasados de xeración en xeración. Conseguiremos tamén novas propostas de xente nova, que poderán triunfar sen ter que combater contra as grandes multinacionais. Ademais, fomentaremos o comercio de proximidade, potenciando os nosos produtos fronte ás tendencias estranxeiras impostas.

Así pois, unámonos todas as galegas e galegos para evitar que estas modas nos arrebaten os nosos costumes e a personalidade do noso país!

Rosalía Soto Rey,
2º ESO B

**Non debemos confundir o Black Friday co Xoves Negro, un fatídico día para a bolsa neiorqui-
na, o 24 de outubro de 1929, que provocou o Crac do 29 e unha forte crise bancaria nos EEUU.**

LE ESTE ARTIGO E NON CRERÁS O QUE PASA A CONTINUACIÓN!

A recente chegada da internet cambiou moitas cousas. É evidente que a rede é algo sumamente importante xa que, en moi pouco tempo, mudouno todo, dende a forma global de comunicarse até a maneira que temos de vivir a vida cotiá. En termos económicos, a internet foi unha revolución en case todos os sentidos. Calquera persoa crería que aquilo que máis influíu no público foron as mercas en liña, ou quizais unha baixada xeral no prezo dos produtos. Nada máis lonxe da realidade, o elemento que máis influencia tivo nos compradores foi a publicidade. Ó mellor pasou desapercibida porque case todos están xa acostumados a ela, pero non por iso deixa de ser importante. Sempre estivo alí: na prensa, na radio, na televisión... e agora na internet.

Porén, se nos fixamos, na rede a situación deu un xiro. Normalmente os anunciantes eran as empresas, as organizacións ou os negocios, pero agora tamén son os particulares. Neste espazo virtual todos podemos crear e subir contido, sexa o que sexa, para obter unha audiencia e, se temos sorte, gañarnos a vida con iso grazas á publicidade. Así, se se quere gañar un público pódense facer dúas cousas. A primeira é producir un bo contido, que guste á xente (sexa de calidade ou non, por desgraza) e esperar a que o número de visitas vaia subindo. A algúns este método parécelle moi lento, e por iso optan pola segunda opción: facer publicidade, si, pero da peor forma posíbel.

Unos 1.240.000 resultados

ESTE VIDEO CAMBIARA TU VIDA | Parte 1


miamigoJosh
 Hace 9 años • 18.777.863 visualizaciones
 Déjanos tu comentario! "¡GRACIAS POR SUSCRIBIRTE!"
<http://bit.ly/1SMNAGo> Parte 2. <https://youtu.be/mTQvOLewgAM> Parte 3.

No pasado ano 2016, déronse na comunidade de Youtube España (aínda que non foi o único caso, nin o peor) moitos exemplos desde fenómeno, de modo que se fixo moi coñecido. O que aconteceu é que aos propietarios de moitos canles, vendo que as reproducións non alcanzaban as súas expectativas, ocorrúselles unha grande idea para

atraer público. Principalmente consistía en poñer como título frases suxestivas e co claro obxectivo de espertar a curiosidade do espectador, ademais de incluír nas miniaturas imaxes enganosas coa mesma misión. Nos medios tradicionais esta estratexia non tería moito éxito xa que o receptor non interactúa ou, se ve que non lle gusta o contido, deixa de velo, aforrándose así a publicidade. Mais en Youtube (e en case toda internet), onde os anuncios se rexen por visitas, esta práctica é a galiña dos ovos de ouro. Cando o espectador se retira, se o fai, seguramente xa viu un anuncio e o sitio web xa rexistra a súa visita. Esta onda de publicidade enganosa foi tan soada entre a comunidade que acabou sendo, como non podía ser doutra forma, obxecto de sátira e parodia, polo que agora mesmo é un pouco menos común.

Aínda así, isto tamén se pode extrapolar a moitas das páxinas e redes sociais que case todos usamos a diario. Tan só hai que abrir Facebook ou Twitter e mirar atentamente para ver canto contido hai que promete cambiarche a vida despois de premer nel, e que, no mellor dos casos, remata sendo unha publicación mediocre. O tema non sería tan grave de quedar só aí, en sitios que son propios da rede e que conforman esa especie de ecosistema virtual que nela atopa o seu lugar, pero estendeuse tanto e tan rápido que, a día de hoxe, hai até periódicos importantes que usan este truco. Cada vez son máis comúns titulares como "Non crerás o que pasou en X!" ou "X fai isto, o que pasa a continuación vai te sorprender!". A situación é realmente lamentábel.

Así o usuario termina asolagado con publicidade enganosa e sen sentido, que o leva a ver cousas que nin sequer lle interesan. Os creadores, pola súa parte, métese nunha especie de guerra noxenta para ver quen consegue máis visitas, onde se alternan as publicidades enganosas, as pelexas en público para conseguir audiencia (en España chegaron até o punto en que lles houbo que dar nome, "salseo") e o contido "politicamente incorrecto", que case sempre remata non sendo máis que unha ladaíña de comportamentos machistas ou racistas, segundo o día. Todo para que o usuario prema onde queren. Mais o



Hacemos PARKOUR con muchas ganas Y PASA ESTO...

Álex Segura LR
 Hace 6 días • 362.491 visualizaciones
 VLOG 46 ▷ Estaba siendo un entrenamiento normal hasta que casi... bueno, lo verás al final del vídeo! Si os ha gustado los ...

NUEVO

que de verdade se prexudica é o propio contido. O de calidade queda soterrado debaixo desta montaña, e o que acaba saíndo á luz é unha de dúas: malo ou directamente tóxico. Ninguén parece quedar realmente contento pero o certo é que, se o sistema continúa, é porque funciona.

A xente segue a premer nos artigos que supostamente os van sorprenden, segue a ver os vídeos cuxo desenlace non se van poder crer e segue compartindo o contido que, inevitabelmente, fomenta estas prácticas. O peor é que isto obriga, en moitas situacións, ós creadores de contido a sumarse a elas, alimentándoas así. Algúns chegan a dicir que é imposible triunfar en internet sen facelo, e ata hai periodistas que remarcan o feito de que, se non o fan, a xente simplemente non vai entrar, sen importar a calidade e o traballo que hai detrás do contido. Por iso teñen que facer as noticias máis fáciles de ler e máis apelativas ao público, en outras palabras, fabricar virais. Isto podería parecer algo bo, que fai que a noticia se achegue máis ao público ou que sexa máis comprensible, pero persoalmente opino que, pola contra, case sempre acaba danando o resultado final, xa sexa na cantidade da información ou na calidade da mesma. Iso nun periódico, onde a principal misión é a de informar, é preocupante, xa que semella que fai o contrario, desinformar, pero a petición do propio lector.



Pola outra banda, hai opinións que defenden que na rede, se algo é bo ou de calidade, acabará por acadar recoñecemento tarde ou cedo. Ademais propician que estas prácticas non son nada novo, e que a prensa, por exemplo, as leva utilizando dende hai moito tempo. Non obstante, historicamente a prensa tiña unha serie de limitacións e, contaran a mentira ou a verdade, adoitaban contala coa maior cantidade de información que puidesen. O principal motivo para facelo non era o altruísmo, senón as vendas. É que o propio lector cambiou e, mentres que antes o normal era comprar o periódico que dese máis información (de aí a importancia das novas de última hora, das entrevistas exclusivas, das reportaxes...), agora o habitual é premer na noticia co titular que mais cuestións deixa sen resolver.

Pero quizais a culpa non sexa na súa totalidade do receptor. Como con case todo, hai varios motivos. Seguramente o principal sexa a perda de interese polas noticias, a

perda da fame de saber. Isto está estreitamente relacionado coa propia rede que, ao ser a maior fonte de información do mundo, ten abundancia da mesma. A “sobreinformación”, como se lle chama a este problema, causa moitos efectos secundarios, sendo algúns deles tan dispares coma a indiferenza, a paranoia colectiva, o aburrimiento de cara á propia información e, de forma estraña, a perda de interese pola mesma. Así explícase o paradoxo de que, antes da chegada da internet, a xente estivese, de media, mellor informada do que está hoxe, aínda que nestes tempos sexa moito máis fácil atopar datos sobre calquera tema.

De forma secundaria, tamén inflúen as tendencias sociais, especialmente o fenómeno do viral. Mentres que non é algo totalmente novo e comportamentos semellantes se viron antes da chegada da rede, é innegábel que esta xogou un papel importante á hora de promoverlo. O propio ecosistema virtual, que adoita buscar o efémero e fácil de consumir por unha parte, e a forma de sacar grandes beneficios da rede no menor tempo posible, tamén contribúe.

A pesar de todo, semella que, como pasou no seu día co *spam*, o rexeitamento xeral cara a este tipo de prácticas está en alza. Os motivos son obvios, xa que as consecuencias das mesmas estanse a notar cada vez máis. De forma espontánea, xurdiron pequenos boicots contra determinadas publicacións ou canles por parte da comunidade. Mesmamente, como xa mencionei antes no artigo, o ano pasado parodiouse moito este fenómeno, sumándose á sátira e dando un paso adiante para falar do tema varias personalidades importantes de Youtube España. Ademais, as grandes compañías coma Facebook tamén están intentando poñerlle solución o problema cambiando algúns dos seus algoritmos de funcionamento para que na rede social non destaque a publicidade enganosa. Mais, aínda que a publicidade enganosa remitiu un pouco en sitios coma estes, non semella ser suficiente.

Ao final, o fenómeno non deixa de ser unha representación do que é e do que pide o público. Cada vez impórtanos menos a calidade, a veracidade ou o traballo que hai detrás dun contido, para premiar o que se pode consumir rápido e que, en moitas ocasións, está impulsado pola competencia desleal. En realidade, pode que esta tan só sexa a última moda para conseguir atención na internet, ou pode que sexa unha práctica que se converta nunha revolución a nivel da mercadotecnia na rede. O importante é que a premiamos e, se o noso proceder é así ante estas prácticas prexudiciais, que non nos estrañe se no día de mañá o único contido dispoñíbel é, falando claro, unha merda.

Fermín Caamaño Louro,
1º BACH A

A REVOLUCIÓN AUTOMOBILÍSTICA

Xa dende o século pasado, o ser humano, ansiou unha revolución automobilística que cambiase radicalmente o concepto que temos da palabra "coche". Durante o século pasado prevíase que no ano 2000, debido a que non só se cambiaba de século, senón tamén de milenio, comezaría unha nova etapa no mundo do transporte. Algunhas hipóteses foron acertadas, como a tecnoloxía dos paneis solares, que se implementaron en algúns dos coches que se crearon. Outras, erróneas, dicían que habería coches voadores. A predicción máis famosa sobre isto foi a da película "Volta ao futuro", que dicía que no 2015 teríamos coches voadores. Aínda que gran parte das suposicións sobre este centenario non se cumpriron (aínda queda moito século por diante), xa se conseguiron numerosos avances no mundo da automoción.

Esta necesidade de realizar cambios no sector do motor, foi causada pola alarmante situación do planeta, principalmente contaminado pola combustión de combustibles fósiles dos coches; eran necesarias fontes de enerxía máis saudables para a Terra. Xa a finais do século XIX, existiu un home que conseguira mover unha locomotora sen axuda de carbón ou vapor. Aí nace o coche eléctrico, que caería no esquecemento ata finais do século XX, cando se vería impulsado grazas a iniciativas legislativas para favorecer o uso de coches de emisión cero. Tamén están tomando certa repercusión os motores de hidróxeno, como outra alternativa á gasolina, ou diésel, etc. Estes novos motores, aparte de reducir a contaminación (tanto medioambiental como acústica debido ao baixo ruído que provocan estes motores), solucionarían o problema do esgotamento do petróleo e demais combustibles fósiles, polo que o seu prezo baixaría ao haber máis cantidade; rematarían os conflitos causados polo petróleo... Tamén ten desvantaxes, xa que se se comezan a sobreexplotar estas fontes alternativas de enerxía, rematarían coma o petróleo. Outro inconveniente é o do pouco ruído que emiten que aparte de ser unha vantaxe,

tamén é un problema para os peatóns descoidados ou xente con problemas visuais ou auditivos.

Outro dos inventos que a humanidade ansía dende hai tempo é o coche autónomo, que permitiría que o coche se desprazara só. Foi un sistema no que os fabricantes de vehículos levan moito tempo investigando, chegando a conseguir os primeiros avances. Hai diversos sistemas de condución automatizada, algúns máis simples que xa viron a luz como os sistemas de aparcamento, que fan que o vehículo se estacione só; e outros que están por implementarse en tempos non moi afastados (finais de 2017, 2018, 2019...). Os pros do coche autónomo é o aforro de tempo que podería dedicarse a outras tarefas; unha redución nos accidentes, debido a que o vehículo estaría programado para unha condución segura... Un dos principais inconvenientes é a desaparición de profesións como os taxistas...

O último dos inventos que se comentará neste artigo, será un que a humanidade sempre desexou: o coche voador. Moitas predicións ao longo do século XX (como a que dixeran ao principio de "Volta ao Futuro"), dicían que o XXI sería o século do transporte voador. Aínda que estaban equivocados porque dicían que serían comúns no 2015, non estaban tan errados... O vehículo voador xa está máis cerca do que parece, xa que hai numerosas empresas, como a compañía aeronáutica Airbus, ou a empresa estadounidense Terrafugia, que está desenvolvendo o TF-X, co cal se realizarán probas no 2018 e será comercializado de aquí a oito anos. Como conclusión, podería dicirse que na década seguinte sairán ao comercio os coches voadores e, dentro de dúas ou tres décadas, será moi común velos na rúa (ou no aire).

Rubén Montero Antelo
4º ESO B



ES MÁIS LISTO CA UN ORDENADOR?

A intelixencia artificial xa non é algo que só preocupa aos investigadores e a algúns particulares. Dende bufetes de avogados ata o Parlamento Europeo, todos se están a posicionar ante unha tecnoloxía que cada vez pertence menos ao campo da ciencia ficción.

O pasado mes de febreiro tivo lugar unha votación curiosa no Parlamento Europeo. Por 396 votos a favor, 123 en contra e 85 abstencións aprobouse unha resolución que busca dotar á Unión Europea se dote dunha lexislación precisa con respecto aos robots. O informe que se votou foi presentado por Mady Delvaux, eurodeputada por Luxemburgo, que concedeu varias entrevistas con motivo desta iniciativa.

Segundo ela mesma confirma a iniciativa debeuse en boa parte ao crecente papel que aparatos coma os drons teñen en campos tales coma o da medicina, a conducción,... Por exemplo, a aparición dos coches autónomos fai xurdir a lóxica pregunta de quen tería a responsabilidade en caso de accidente. Proponse, entre outras cousas, que esta recaia sobre o fabricante ou sobre os seus provedores. Tamén se baralla crear un seguro obrigatorio e un fondo compensatorio. Entre outras das medidas que se citan no informe encóntranse que todo robot teña un “botón da morte” ou que se cree un organismo a nivel europeo para dar información especializada. Delvaux vai máis alá e expresa o desexo a longo prazo do Parlamento de estudar a posibilidade de crear un novo estatus de “personalidade electrónica” para un posibles robots autodidactas. Pero antes de seguir é necesario preguntarse: qué é a intelixencia artificial?

A Inteligencia Artificial como concepto

O termo “Inteligencia artificial” foi acuñado durante a Conferencia de Dartmouth e designa á capacidade de raciocinio que se dá nun obxecto creado polo home. Nesta conferencia, celebrada en Estados Unidos en 1956, un grupo de expertos reuniuse para discutir se podía crearse unha máquina intelixente e de que forma se levaría a cabo. Non obstante, a humanidade xa soñara dende facía moito tempo con crear un autómeta coa habilidade de pensar. Un exemplo é a figura do Gólem ao que, segundo a tradición medieval xudía, dera vida un rabino. No obstante, esta idea parece cada vez máis lonxe da mitoloxía e máis cerca da realidade.

Non obstante un dos problemas cos que tradicionalmente se encontran os científicos que traballan neste campo é definir que se consideraría un éxito. Un dos test máis famosos e o de Turing que fai “oficialmente intelixente” a unha máquina que o supere con éxito. Para aprobalo a máquina debería facerse pasar por un humano sen que unha persoa se dese conta de que é un aparello. Este test

foi bastante famoso e recoñecido hai algún tempo, pero actualmente xa non conta con tantos adeptos. Outra proba, bastante curiosa, é a que propón Minsky, segundo o cal unha máquina está a facer algo intelixente se esa mesma acción no ser humano fose considerada coma intelixencia. Isto débese a que moitas veces algo que consideramos intelixencia nunha persoa non o cremos así coma un robot. Así, tradicionalmente considerouse ao xadrez coma un deporte para xente intelixente. Malia todo, cando unha máquina gañou a Kaspárov todos dixeron que se debía a razóns de cálculo e que non era realmente intelixente.

A inteligencia artificial, cousa do día a día:

Cando se pensa en intelixencia artificial e se di que se está a avanzar moito neste campo é inevitable que a máis dun lle veña á cabeza a imaxe post-apocalíptica que nos transmiten as películas dun mundo conquistado polos aparellos electrónicos. Non obstante, esta é unha imaxe moi arquetípica e moitos dos que a comparten non se dan conta de que eles mesmos están a convivir con tecnoloxía intelixente

Por exemplo, o propio nome dos smartphones indícanolo: “teléfonos intelixentes”. Poden localizar aqueles sitios que se atopan máis cerca de cada un. Ademais poden entender o que lles dicimos mediante sistemas de recoñecemento da fala e sistemas de procesamento do linguaxe para interpretalo. Pero tamén podemos ver resgos de intelixencia en cousas coma os programas de recoñecemento facial e mesmo nalgúns xogos.

Tamén Internet usa este tipo de procedementos. Recoille toda a información que pode sobre cada individuo en base ás súas procuras e crea patróns de conduta e un perfil. A partir deste axuda a que nas seguintes sesións as opcións que parecen máis importantes para cada persoa aparezan en primeiro lugar. Así se ti buscas “gañador partido sábado” sairán coma primeira opción as entradas que fagan referencia ao partido deste sábado e non aos outro. Esta ficha virtual que Internet fai tamén axuda a empresas, sobre todo ás relacionadas coas compras online. Un terzo, estímase, dos ingresos de Amazon proveñen das recomendacións que os distintos buscadores e páxinas fan baseándose nos datos que teñen das persoas.

Actualmente, xa posuímos máquinas que nos superan amplamente en cálculo, velocidade de xestión e en gran parte dos xogos de mesa de lóxica (entre os que, claro está, se atopa o xadrez). Tamén están a aparecer coches que conducen sos e mesmo un software que analiza as posibilidades dun preso de reincidir. Pero boa parte dos investigadores están de acordo en que será nos seguintes anos nos que se producirá a “Revolución Industrial”.

O Futuro dos Robots:

Está previsto que no 2017 se investirá o triplo para desenvolver aparellos máis intelixentes. En que se basearán? En boa parte no cerebro humano, non obstante, ao non coñecermos todo o seu funcionamento débese recorrer a outros medios. Ao ser o cerebro un obxecto suxeito ás leis da física non hai nada que impida que sexa “re-inventado” artificialmente. Unha das cousas importantes que se toman do cerebro é a idea do deep-learning que consiste en que cada unha das capas de silicio que recolle a información debe incluír algo novo e non só dedicarse a pasala sen intervir.


O novo mundo das máquinas será moi diferente do actual. O investigador Kory Mathewson di que os robots detectarán o cancro antes que os mellores radiólogos. Por outra banda, os coches autónomos transformarán a apa-

rencia das nosas cidades e a chegada de máquinas máis capaces acabará con moitos postos de traballo, un 57% dos empregos actuais serán substituídos por máquinas.

Visto isto, a pregunta é inevitable, seremos algún día menos intelixentes que as máquinas? Se ben os robots calculan, traducen e interpretan cada vez mellor, hai un campo no que seguen a ser moi deficientes, a intelixencia emocional. Non obstante, é probable que isto cambie dentro de poucos anos. Así a Comisión de Asuntos Xurídicos da Unión Europea quere que se cree un marco xurídico concreto e algúns bufetes, un deles en Vigo, van a especializarse na defensa de robots. Pero a resposta á pregunta de se serán as máquinas máis intelixentes será un “si” para 2050 segundo moitos expertos.

Enrique Salvado Vigo
1ºBach C

O LADO OCULTO DA REDE



Hoxe en día as redes sociais están moi de moda e, xa que a maior parte das persoas que as utilizamos publicamos nelas case todo o que facemos, os lugares onde estamos, ou o que estamos facendo entre outras moitas cousas...sen darnos conta estamos dando aos demais información sobre as nosas vidas privadas. Nas redes sociais temos un montón de amigos e seguidores, pero coñecemos a todos? Sabemos quen está detrás de cada perfil? Normalmente acostumamos a contestar que si os coñecemos, pero non é certo. É verdade que coñecemos a moitos, pero a todos non, e non nos estamos dando conta de que estamos facilitando a nosa información persoal a descoñecidos.

O escándalo desvelado por Snowden da espionaxe demostra que nel colaboraron gobernos diversos pero, non colaborariamos tamén os usuarios da Rede?

Espazo de autoexhibición incluso para usuarios discretos. Existir na rede implica mostrar os nosos datos, relacións, decisións...o cal pode desencadear nunha forte dependencia. A Rede constitúe unha máquina de

vixilancia, os usuarios observan, pero tamén son observados. Saber todo de nós é a maneira de pagar os servizos (non sae de balde). Todo na rede é identificable, é dicir todo se almacena, prodúcese un xigantesco intercambio de datos que sempre se poden rastrexar.

Trátase polo tanto dun mercado de información, unha sondaxe de márketing continuo que favorece ás empresas para satisfacer as súas ambicións coa aparencia de dar servizo, facer ver que manda o cliente.

Todo isto precisa:

- O dereito á privacidade ou voluntariedade de dispoñer dos nosos datos.
- Regulacións xurídicas.
- Mellores filtros e seguridade.

Probablemente esteamos entrando nunha segunda era de Internet, na que certas inxenuidades se esvaecerán e que deberá facer fronte a determinados riscos. Se se agudizaran os conflitos entre liberdade e control, gobernos e cidadáns, provedores e usuarios, entre transparencia e protección de datos, aos que deberemos dar unha solución equilibrada; debemos de regular fenómenos como “o dereito ao esquecemento”, a privacidade e a voluntariedade na posta a disposición de datos; inventaranse sen dúbida novos procedementos de protección e enciframento, pero tamén novas regulacións xurídicas e novas formas de diplomacia e cooperación.

Non desaparecerá a espionaxe, pero terá que ser máis

respectuosa coa legalidade e, sobre todo, máis intelixente. E é que ao final espíar non serve tanto porque non fai innecesarias as tradicionais relacións de confianza que permitan unha posta en común de información que agora aparece danada. Entre outras cousas, debido a que a cantidade enorme de datos debe ser xestionada e acumulalos ilimitadamente pode ser un obstáculo para facerse coa información desexada.

Hai moito tempo que os servizos de intelixencia recoñecen que cada vez se trata menos de acumular datos como de mellorar os filtros. A construción da confianza é o noso gran desafío, tamén principalmente no que se refire á seguridade.

*Mariña Palacio e Elena Rodríguez.
2º Bach*

SMART CITIES

A medida que os anos pasan, a tecnoloxía mellora e parece non haber un límite. Agora, dende hai pouco tempo empezouse a designar o término: **smart cities**, ou cidades intelixentes sustentables, que son aquelas que empregan a tecnoloxía e a rede para mellorar os servizos e a calidade de vida dos habitantes; que causa unha transformación na relación entre organismo públicos, empresas locais e persoas.

Actualmente existen dúas razóns de peso para ver estas cidades como unha forma de vivir máis comfortable e sustentable:

- A primeira razón é que o 54% das persoas viven en cidades, e de cara o 2050 serán dous tercios da humanidade, o cal serán un total de **6.300 millóns de persoas**.
- A segunda razón é que a maior parte da poboación estará conectada a Internet, por medio de tablets e smartphones. Actualmente, hai **4.300 millóns de usuarios**. E Google calcula que para o 2018 descargaranse **268.000 millóns de aplicacións** para móbil. Porén, calcúlase que dentro dunhas décadas Internet estará conectado a case todo tipo de dispositivos:
- Coches, barcos, trens, aeroportos, rúas, iluminación, infraestruturas, implantes, médico, etc... Estas cousas recollerán datos que compartirán online, o que se denomina "Internet das cousas"
- Cálculase que en cinco anos haberán **50.000 millóns de obxectos conectados a Internet**.
- Actualmente, cada persoa produce un fluxo de 2,5 trillóns de bytes. Cada byte equivale a unha letra, e dez forman unha palabra.
- Os móbiles e os dispositivos rexistrarán os nosos movementos as 24 horas do día, co cal saberán todo sobre nós, que se resume nunha idea: **intelixencia dispoñible para xestionar a nosa vida**; transformando as cidades en intelixentes, feitas aos nosos gustos.

Cal é o retrato dunha "Smart City"?

Unha das persoas que entende máis sobre este tema é Carlo Ratti, un dos maiores expertos do mundo en cidades intelixentes. El dirixe o MIT Senseable City Lab, un laboratorio que combina ciencia e deseño para crear as novas urbes.

Estes son algunhas das claves das smart cities que están de camiño:

- Tellados coa posibilidade de transformarse en invernadoiros.
- Integración da natureza nas cidades con franxas produtoras de alimentos, que recibe o nome de **Algae-tecture**, que ten como obxectivo integrar nas fachadas algas microscópicas que faciliten a fotosíntese, xerando grandes cantidades de osíxeno.
- Coches eléctricos, con diversas funcións non dispoñibles actualmente, coma que as ventás funcionen con sensores, que segundo a claridade de fóra, se iluminen ou se escurezán; funcionamento a partir de enerxías limpas, e residuos convertidos en enerxía; un funcionamento máis fluído do tráfico; asentos controlados con tarxeta, coa posibilidade de converterse en cama, mesa...; e destacaríase sobre todo o inicio



de **coches sen condutor**, que segundo Ratti terán un espectacular impacto na vida urbana.

- Material de substancias nocivas no lixo seguido mediante pegatinas adhesivas cun localizador GPS incorporado.
- Farolas que se acendan e alumeen cando pase a xente.
- Sensores que medirán os niveis do ozono, contaminación acústica e gases.
- Integración da xente discapacitada no espazo urbano.
- Creación de parques e zonas verdes nas montañas.
- Arquitectura adaptable ós avances en materiais e as técnicas de construción de fenómenos destrutivos.
- Fabricación de *drons* que poidan transportar paquetes polo aire.
- Desenvolvemento de parques naturais nas alturas. Un exemplo é o parque natural The Mile, que será unha torre de 1,6 quilómetros de alto, cuberta por vexetación e nela poderán vivir un cento de especies animais; e contará cunha plataforma de observación na súa cima. Poderase acceder a ela a través de ascensores e cápsulas que subirán pola estrutura central do edificio nun traxecto de hélice ascendente e descendente. Os expertos cren que estes parques serán os grandes símbolos das Smart Cities.

Solucións dixitais para o século XXI:

Estas son algunhas das claves para facilitar e mellorar a vida neste século:

- **Transporte:** Os sensores dos buses informan sobre a súa ocupación e posibles retrasos e ademais ofrecen alternativas de mobilidade. Isto conseguiríase a través de paneis informativos ou enviando datos aos móbiles dos cidadáns.
- **Tráfico:** Os semáforos, a través de Internet, comunicáranse cos automóviles para regular o paso segundo a densidade da circulación.
- **Aparcamiento:** Os sensores avisan ao condutor donde hai prazas libres mediante pantallas na rúa e mensaxes ao móbil. Actualmente en Málaga e Santander este servizo está dispoñible.
- **Iluminación:** As rúas con pouco tráfico só se iluminan cando detectan a presenza de persoas ou vehículos. En Málaga emprégase esta tecnoloxía, e o seu

gasto neste apartado reduciuse 2,5 millóns de euros ao ano.

- **Turismo:** Creación de apps que ofrezan información para os visitantes, como parques, praias, oficinas de turismo, tendas, transporte, puntos de interese persoal...

Un exemplo sería a "SmartSantanderRA".

- **Rego:** Os sensores de humidade das zonas verdes detectan a escasez de auga e só se rega nese momento.
- **Gas e electricidade:** Os sensores das redes de distribución permiten ter un maior control do consumo e avisan de problemas como avarías, baixadas de tensión, fugas, etc. De tal forma que a demanda e a oferta axústanse e redúcese o derroche e a contaminación.
- **Edifícios:** Controlan o consumo segundo o clima e a actividade interior. En Santander instalouse este tipo de tecnoloxía, e conseguiuase reducir un 30% de enerxía en edificios públicos. Estes protexeranse, con placas fotovoltaicas e cubertas vexetais, do frío e do calor, e terán xardíns e hortas para cultivar froita e verdura en tellados e terrazas.
- **Contaminación:** As estacións de control controlan a calidade do aire e permiten tomar as medidas necesarias para melloralas como restricións do tráfico privado, reforzo do transporte público, etc.
- **Auga e rede de sumidoiros:** Os sensores das tuberías poden detectar cambios na presión e avisar sobre estes, por exemplo se é necesaria máis auga ou advirten de fugas. E estas cando chove ábrense máis.
- **Seguridade:** As cámaras de seguridade estarán conectadas á Policía, e desta forma poderase reducir a criminalidade.
- **Emerxencias:** Os cidadáns teñen unha app para enviar fotos dun problema e a súa localización, co cal acelérase a resposta do servizo público. As cidades españolas que empregan este servizo son Barcelona e Santander.
- **Residuos:** Márcanse con localizadores, que facilitan o traxecto cos vertedoiros máis pretos.

Amiña opinión acerca das *Smart Cities* é que me parece un gran acerto cara ó futuro, sempre que a tecnoloxía non destrúa a natureza, xa que para poder fabricar todos estes inventos requírese espazo e materias primas, e moitas proveñen da mesma natureza, ou o uso destas contamina o medio ambiente. Porén, sempre que a tecnoloxía

e a natureza vaian da man, creo que será un gran avance, como é o caso do proxecto Algaetecture, que me parece que se se leva a cabo correctamente, e pode traer grandes vantaxes.

Desde o meu punto de vista, *As smart cities* facilitarán moito a vida, xa que cun dispositivo con conexión a Internet podes ter acceso a unha gran cantidade de vantaxes. Probablemente no futuro sexa imprescindible un destes dispositivos, deixando métodos empregados ata agora como as cartas, sendo substituídas por exemplo polo correo electrónico. En canto a economía, haberá un gran aforro debido ao autocontrol dos dispositivos, pero isto tamén traerá a consecuencia de menos traballo en sectores coma o turístico, xa que con apps non se requerirá de guías turísticos. Malia todo, ten outro inconveniente que é a instalación e o mantemento deste dispositivos, o cal suporá un maior gasto que os métodos tradicionais, e tamén máis gastos a maiores se se busca unha mellora da tecnoloxía.

Un dos maiores riscos que lle vexo é que pode distanciar a comunicación humana. Isto pode chegar ata tal punto no que non necesites falar con ninguén para poder realizar certas actividades. Co cal, creo que a tecnoloxía nunca debería sobrepasar a comunicación humana.

Conclúo coa miña opinión, dicindo que as *Smart Cities* poden levar a vida a un novo nivel de calidade, e que nos axude a realizar as nosas actividades dunha forma máis fácil, rápida e incluso máis precisa; porén non é adecuado que a tecnoloxía se volva un factor imprescindible, de tal forma que a humanidade viva individualmente e a comunicación entre as persoas sexa nula.

Leo Pereiro Pombo
4º ESO A

CRÉDITO AO CONSUMO: AXUDA OU ESTRATEXIA COMERCIAL?

A finais do ano pasado, trascendeu a noticia de que a entidade Abanca ía por en marcha unha unidade de crédito ao consumo para lucrarse a medio-longo prazo a costa de axudas con intereses concedidas a individuais para distintas adquisicións particulares.

Antes de nada comezaremos por definir unha entidade de crédito: é unha organización xeralmente asociada a un banco ou caixa encargada de xestionar todas aquelas operacións de crédito destinadas a satisfacer necesidades persoais, tales como a merca dun coche, dunha televisión, de amoblar unha casa, os gastos dunha voda, etc.

Os motivos teóricos da creación de dita unidade son a suposta recuperación da renda dos fogares, consecuencia dos aumentos salariais, o cal facilitaría a confianza da entidade á hora de conceder ditos préstamos; e o inicio da campaña navideña, entendendo así a creación desta unidade como un modo de promoción e incentivo para o consumo. Pero a incorporación a este mundo de importantes cadeas comerciais (El Corte Inglés, Carrefour, cadeas que ademais ofrecen servizos que supoñen certo custo, como viaxes ou seguros) está levantando sospeitas nas verdadeiras intencións.

O propio consumidor, que ata agora se viu obrigado a "apretar o cinturón", como tanto se insistiu dende os comezos da crise, e que, por se fora pouco, non ve correspondencia entre os múltiples estudos, informes, noticias... da recuperación económica e a súa propia reali-

dade, a cal en ningún momento permitiu un verdadeiro aumento do consumo particular tamén chega a sospeitar.

Verdadeiramente, podemos atoparnos ante un falso aumento do consumo, enganoso polo gran efecto do Black Friday, só dúas semanas antes da creación da unidade, posto que as rebaixas que este trouxo consigo espertaron un gran consumismo nunha clientela botada aos centros comerciais. Este evento é unha oportunidade tan grande para xerar ingresos, que foi patrocinado durante semanas antes, chegando a facer pensar que case era obrigado comprar nesas datas.

En conclusión, o director desta compañía aporta nada menos que 400 millóns de euros para a financiación do consumo, materia na que por certo, é experto, mediante innovacións e facilidades, que á vista do particular son case regalos, pero que non deixan de ser argucias para rematar por volver ao inicio do que parece un bucle infinito no que as grandes compañías rematan por beneficiarse de novo, logo de aparentar unha bondade infinita.

Polo tanto a estas alturas xa é evidente que todo o mundo mercantil non é máis que unha conexión constante entre empresas, que loitan cun único obxectivo: o lucro. Para este, segundo están amosando, son capaces de utilizar todo tipo de recursos.

David Fernández
2º Bach

A CASA DO MEDO



Título:
"A casa do medo"

Autor:
Agustín Fernández Paz

Editorial:
Rodeira

1º edición:
Setembro 2016


"A casa do medo" é unha novela póstuma de Agustín Fernández Paz, un dos autores máis destacados da literatura galega, especialmente infantil e xuvenil.

Narra a historia dun home que, xa adulto, retorna á vila da súa infancia, derrubando muros que tapiaran unha parte da súa memoria: as lembranzas dunha traumática experiencia que un eficiente equipo de psicólogos estivo preto de conseguir que fosen esquecidas. Valverde e aquel antigo pesadelo só eran pequenos puntos de luz que se albiscaban ao lonxe. Ou así fora ata que decidira desenterrar aqueles recordos.

A través da narración que o protagonista escribe no seu caderno de follas amarelas, descubrimos unha historia de fantasía e intriga, ao tempo que el furga no seu propio pasado. Escribir é unha especie de terapia para el, que está decidido a lembrar, independentemente do que tal mostra de afouteza implique. Preséntanos un relato increíble, no que un rapaz de doce anos viaxa a un mundo que parece brotar do maxín do propio meniño. Mais non

é así, porque para el si é certo, cre inequivocamente na veracidade dos feitos que, tantos anos despois, seguen a perturbalo.

Debo recoñecer que ao ter o libro por vez primeira nas mans, imaxinei que sería unha novela de medo, suposición que resulta redundante, pois o título é "A casa do medo". Sentínme decepcionada ao descubrir que, nesta ocasión, Agustín Fernández Paz non narraría unha historia de terror, como si era o caso, por exemplo, de "Cartas de Inverno", senón de aventuras, que constitúen unha viaxe á nenez do protagonista. Penso que posiblemente esta carauta de irrealidade está a agochar a autenticidade dos seus alicerces.



Esta novela recomendaríalle a aquelas rapazas e rapaces que estean dispostos a dedicar unha tarde a ler un relato de fantasía e a ver máis alá desta imaxe tan pouco tanxible. Gustaríame darlle as grazas a Agustín Fernández Paz por agasallarnos esta e tantas outras novelas, porque como di a cita de Álvaro Cunqueiro que introduce "A casa do medo": "...o home precisa en primeiro lugar, coma quen bebe auga, beber soños."

Rosalía Soto Rey
2º ESO B

ENTREVISTA A ELENA GALLEGO ABAD

Hoxe falamos con Elena Gallego Abad, a autora da saga de Dragal, unha escritora e xornalista galega. Nada en Teruel, criouise en Verín e comezou a traballar en Radio Ourense, para a Cadena SER. Despois colaboraría con outras emisoras como Ondas Galicia, Cadena Cope, Voz de Galicia Radio... Tamén traballou para o xornal do mesmo nome como redactora e fotógrafa.

Agora temos a oportunidade de saber algo máis sobre ela.

1. Foi difícil conseguir a publicación da súa primeira novela?

Publicar unha novela é moi complicado, a sorte que tivo Dragal é que a presenteí a un concurso e quedou finalista, o que quizais sexa unha das mellores vías para conseguir visibilidade.

2. No seu libro "Dragal I: A herdanza do dragón" aparecen continuas alusións á tradición mitolóxica galega. Como xurdiu este interese polo noso pasado de lenda?

Xurdíume a base de Dragal, que é precisamente demostrar que en Galicia temos dragóns e unha mitoloxía que estamos esquecendo debido á globalización. O reto é fa-

cer perdurar a nosa cultura e mesmo exportala a outros lugares, a través das traducións.

3. Cre que é interesante combinar historia e ficción nas novelas? Por que?

Por suposto. Hai veces nas que a realidade supera a ficción, realmente en todas as novelas hai un pouso de realidade. Eu combino as dúas cousas porque evidentemente demostrar que hai dragóns na vida real é un pouco complexo, gáñase verosimilitude se a fantasía se sitúa nun mundo real.

4. É difícil integrar nunha narración elementos fantásticos coma, neste caso, o dragón?

Pois si, porque tes que sentar unhas bases, as regras do xogo, que despois ti mesma debes cumprir.

5. Pensa continuar empregando o tema da mitoloxía nas súas obras ou propónse algún proxecto diferente?

Dragal continuará como saga, pero non teño idea de seguir, tras el, co tema da fantasía. Estou preparando outros proxectos de xéneros diferentes, coma unha novela histórica, e teño unha novela negra, "Sete caveiras", xa publicada.

6. O párroco Don Xurxo e a mestra de matemáticas Dona Hermidas teñen un papel importante na novela. Houbo algunha persoa que a marcara dun xeito semellante na súa profesión de escritora?

Si, un profesor que me daba clase cando estudaba 6º de EXB contounos a historia do tren, que pasa tan só unha vez, e animábanos, dicíanos que podíamos ser o que quixeramos. A figura de Dona Hermidas está inspirada neste e no recuerdo doutros mestres da miña infancia.

7. Se tivese que escoller unha: que lectura foi a máis influínte na súa decisión de dedicarse a escribir novelas?

Eu lín moito, con dicirvos que me criei en Verín e con catorce anos xa lera a biblioteca enteira. Por nomear algúns autores, lín a Tolstói, a Dostoyevski... Tamén me gustaba Agatha Christie, e Stephen King, en novela de terror e misterio. En galego na actualidade, tamén leo a Pedro Feijóo... Leo moitísimo e dar un único referente sería imposible.

8. O pobo no que se desenvolve a historia descríbese como unha vila costeira. Este contexto ten algún significado?

É unha vila costeira porque eu vivo nunha vila na costa. Se vivise nun pobo no interior, situaría alí a novela. Real-

mente non se localiza nun espazo en concreto, senón que fun xuntando elementos reais que coñecía e que se atopaban en diferentes lugares.

9. Hadrián, o protagonista da súa novela, é acosado por uns compañeiros. Cal é o porqué de que introduza este tema?

Pois porque toda novela necesita un inimigo do protagonista; se Hadrián fose un rapaz popular e feliz a historia non sería a mesma.

10. Poderíanos describir a Hadrián nunhas poucas palabras?

Un rapaz galego.

11. Temos entendido que está en proceso a produción dun filme inspirado na saga. Que mensaxe lle gustaría que transmitise?

Gustaríame que fose o máis próxima posible á versión literaria.

12. En caso de que esta idea agomara, que formato lle parece máis axeitado para esta película?


O formato é o de menos, o importante para min é que se espalle a cultura galega lendaria e dos dragóns e toda a nosa mitoloxía.

Aquí remata a entrevista, desexándolle moita sorte para este proxecto cinematográfico. Moitas grazas polas súas respostas e polo seu tempo.

*Rosalía Soto Rey
Eva Pérez Vidal
Laura Silva Castelo
Marín Fuentes
Lúa Carpintero
2º ESO B*



DRAGAL I: A HERDANZA DO DRAGÓN


Título:

Dragal I: A herdanza do Dragón

Autora:

Elena Gallego Abad

Editorial:

Xerais

Nº de páxinas:

258

Resumo:

Tras a morte de seu pai, Hadrián herda del un medallón con estrañas calidades para cambiar de forma. O seu gravado coincide coas esculturas da veciña Igrexa de San Pedro. A sucesión de feitos estraños leva a Hadrián a indagar sobre a historia do dragón representado na superficie do medallón. Nesta busca de respostas gaña a amizade de Mónica, unha compañeira do instituto, e a complicidade de Don Xurxo, o cura da parroquia. Coa súa axuda descubrirá que el é o elixido para ser o Gran Mestre. Ten o deber de pacificar o dragón que se rexenerará no corpo do rapaz tras mil anos preso na fachada da Igrexa de San Pedro.

Hadrián debe superar diversos obstáculos (como a inimidade de Brais, un rapaz do instituto) antes de atopar a chave do seu destino: a escama que servirá de semente para a rexeneración do dragón no seu corpo. Así comeza unha loita interior entre Hadrián e Dragal polo dominio do corpo que remata co sacrificio de Hadrián, quen comprende que debe ceder ante o dominio do dragón para conseguir dominalo. Así remata a historia, que en realidade non fai máis que comezar.

Personaxes principais:

Hadrián: Protagonista da historia. É un rapaz de 16 anos. Fisicamente non se di moito del;

só se menciona que leva corrector dental e que o seu corpo está musculado polo exercicio.

Ao longo da historia demostra a súa astucia, (nas mans para coller e deixar libros clandestinamente na biblioteca, na súa forma de comportarse ante os policía, que combinada cun increíble sangue frío (ao coller e deixar os libros, ao mentirle á policía, ao mergullarse na poza da cova), son as claves do seu éxito na busca da senda

do seu destino. A parte negativa do seu carácter móstrase cando sucumbe ao control do dragón; nestas ocasións non é quen de controlar a súa carraxe. Ademais, o feito de aproveitarse da sabedoría e dos poderes do dragón nos exames e nas clases en xeral pode ser un acto mal visto polo lector se este non considera adecuado que adique todo o seu tempo na busca de respostas sobre Dragal.

Na obra vese reflectida a importancia de ser perseverante a través da constancia do rapaz, que pese aos múltiples obstáculos que se interpoñen no seu camiño, non cesa no seu labor de descubrir o destino que o agarda.

Mónica: Rapaza de 16 anos, amiga e compañeira de clase do protagonista. Fisicamente só se menciona que é loura.

Aínda que é unha rapaza estudosa e centrada, non dúbida en crer a estraña historia de Hadrián (unha vez que este lle mostra o medallón), e en axudarlle na súa aventura. Demostra ser intelixente na busca de respostas e na achega de ideas para arranxar os problemas que lles van xurdindo. Aínda que, igual que Hadrián, demostra ser perseverante e valente, a súa falta de sangue frío fai que, en ocasións, se deixe levar demasiado polas súas emocións.

Reflicte a importancia do compañeirismo e a amizade xa que, sen a súa axuda, Hadrián non sería quen de acadar solucións a moitos dos problemas que lle xorden.

Dragal: Dragón que, tras mil anos preso na Igrexa de San Pedro, rexurdirá reencarnándose no corpo de Hadrián, quen deberá dominalo. Non sabería dicir se é un personaxe principal ou non. Case non aparece fisicamente no relato; só cando é transportado ao espello e ao final, cando por fin rexorde. Porén, é o desencadeante de toda a historia, e isto convérteo nun personaxe tan importante coma o protagonista. Aínda así, non se sabe nada del, ademais de que é un poderoso dragón que quere ante todo que se cumpra o destino preconcebido pola Orde de Dragal, para así rexurdir tras o seu exilio.

Aínda que ao longo da obra se deixe entrever que pode tratarse dun personaxe perigoso, non se pode clasificar como bo ou malo. O final aberto da obra déixanos dubidando da bondade de Dragal e das súas intencións.

Brais: Rapaz de 16 anos, compañeiro do instituto de Hadrián e Mónica. Non é un personaxe principal, pero é interesante comentar brevemente o seu carácter.

É descrito como “o típico mafioso do instituto que intenta facerlle a vida imposible aos demais”. Paréceme unha descrición moi axeitada; o personaxe goza dunha mala reputación entre os seus compañeiros. Dende que xorde

unha complicidade entre Hadrián e Mónica, Brais sente a necesidade de desacougalos e espialos co fin de descubrir o motivo dos seus encontros.

O papel que xoga este rapaz na obra é o de problema, de obstáculo, de cabo solto, creado co fin de manter a intriga na historia.

Don Xurxo: Cura da parroquia, gardián da Igrexa de San Pedro. Aínda que non é un personaxe principal, a súa acción resulta clave para a resolución dos feitos.

Pódese cuestionar a súa bondade por diversas accións (non moi propias dun cura) que realiza para protexer o segredo de Dragal, (mentirlle á policía inculpando así a Brais dun roubo que non cometeu, por exemplo).

Opinión persoal:

O libro pareceume bo. Teño que dicir que a temática fantástica non foi en principio do meu agrado. Porén, conforme avanzaba o libro sorprendíame coa complexidade das personaxes principais. Paréceme que a autora ten unha grande capacidade para describir as emocións intensas. Esta calidade destaca moito cando Hadrián e Mónica están atrapados na cova. Esta parte é quizais a máis intensa do libro e consegue un efecto moi logrado no que se refire á expresión dos sentimentos.

Gustoume, ademais, que incluíse no libro unha lenda sobre unha moura (a lenda da Poza da Moura), facendo así referencia á tradición galega de facer lendas sobre estes seres mitolóxicos.

A autora, en ocasións, “abusa” das descrições. Hai situacións concretas nas que si que atopo acertada unha descripción extensa e completa; por exemplo, a descripción da cripta secreta que atopan na cova é axeitada á gran importancia do lugar dentro da historia. Porén, noutras ocasións paréceme que realiza descrições esaxeradamente longas para o papel superficial da estancia ou obxecto en cuestión dentro do relato; poño como exemplo a vagarosa descripción que fai da biblioteca do avó de Hadrián.

A obra ten lugar na época actual. Identificamos o contexto histórico por que atopamos referencias a aparellos tecnolóxicos modernos, tales como o ordenador e a impresora, ademais de mencións de Internet. Isto fai que se produza unha contraste entre as antigas crenzas en dragóns e lendas e a pouca credibilidade que lles damos hoxe en día, ata o punto de seren considerados seres e historias fantásticos.

O libro comeza describindo unha situación illada, sen ningún tipo de explicación previa, para despois dar un salto ao pasado e comezar a contar a historia dende o principio. Tras esta pequena prolepse as semanas que Hadrián pasa facendo a mudanza e os cinco días que pasan dende que

coñece a Mónica ata o remate do libro transcorren sen ningún salto cara ao pasado ou futuro.

O espazo varía moito ao longo da historia; os protagonistas móvense por moitos lugares diferentes. Atopamos espazos rurais (como o lugar onde se atopa a Poza da Moura), e urbanos (os grandes almacéns, por exemplo); abertos (o monte, as rúas da vila), e pechados (o instituto, a Igrexa, a cova). O que teñen en común todos os lugares (coa excepción da cripta atopada no interior da cova), é que son espazos reais, é dicir, que poderían existir na realidade. Tanto a vila, como o instituto ou a igrexa son descritos como espazos normais, que poderíamos atopar en calquera poboación.

A linguaxe utilizada é de nivel medio, adecuada a rapaces da nosa idade. É fácil de comprender sen ser excesivamente sinxela. Se fose demasiado complicada dificultaría a comprensión do libro, facendo así que o lector perdesse o fío e o interese na historia. Penso, tamén, que nos diálogos adapta correctamente a linguaxe á persoa que está a falar. Por exemplo, cando fala Hadrián inclúe expresións como “Mi mal!” propias dun rapaz novo adaptando así o rexistro utilizado a unha situación concreta.

No libro transmítense a importancia do compañeirismo a través do amor e da amizade de Mónica e Hadrián. Tamén se tratan outros temas como o acoso (exercido por Brais sobre os seu compañeiros), a aventura, historia (numerosas referencias á crenzas e á arquitectura do pasado), mitoloxía (información sobre as crenzas do pasado, animais mitolóxicos), e a perda (a través da morte do pai de Hadrián).

Noela Sanjurjo Carballeira
2º ESO D



XI CONCURSO DE MICRORRELATOS

BATALLA



Estou preparada? Si, xa estou lista. Espera, non! Ten que simular que me vou esforzar. Teño que parecer nerviosa. Poño cara de agobio e golpeo repetidamente co pé no chan. Si, parezo moito máis preocupada có resto. Todos temos pensado facer trampas, pero non todos o disimulan. Non son tan expertos nisto coma min, e non saben actuar correctamente. Para eles, a batalla rematará antes de comezar.

Comeza a batalla. Os máis débiles caen primeiro. Nin sequera son quen de empezar, como eu xa predicira. Pero tampouco o son eu. Non consigo actuar ás espaldas do rival. Está sempre alerta. Co tempo comezan a ser vencidos os máis expertos. Cando caerei eu? A seguridade que tiña en min mesma vai marchando conforme as pingas de suor esvaran pola miña cara. O tempo corre e sigo sen empezar. Agora as pingas xa son caudalosos ríos. Queda pouco tempo. Teño que empezar. Pero cando me dispoño a sacar a arma que tiña agochada, o rival abalánczase sobre min e pronuncia a sentenza:

-Natalia, non estarás copiando ti tamén o exame?



Noela Sanjurjo Carballeira. 2º ESO D

O PODER



Disque o poder corrompe. Maisel riase, porque o poder era el. O Conquistador, o Ben Amado, o Xusto, o Sabio, o Grande... así o adoraban porque coñecían o ben que lles facía. O Tolo, o Cruel, o Malo, o Terríbel, o Destruitor... así o temían xa que non se atrevían a ignorar o mal que lles mostraba. Caeron tantas cidades como foron reconstruídas, desapareceron tantos reinos do mapa como coroas na testa se colocou e os que morreron... foron un sacrificio necesario polo poder. Polo rei, o tsar, o kaiser, o sultán, o khan, o califa, o emperador. O que Alexandre intentara, o que César maquinara, o que Carlomagno anhelara, o que Napoleón soñara, o que el conseguira. Poñelos a todos de xeonllos! Tan grande imperio para tan pequeno mundo! Todo o logrou el só. Quen, senón el, era o centro do mundo?. Do seu mundo, porque non era de ninguén máis. E todo termina, por hoxe, cunhas palabras tan cotiás...

-Fillo, a cea xa está lista!

Bota unha derradeira ollada ao mapa e, cheo de altiveza, garda a partida e vai cara a cociña, cavilando sobre a Era Dixital e as películas que lle permite montarse na cabeza.



Fermín Caamaño Louro. 1º Bach A

VERDE



Sempre pensei que eras o meu azul. Serio e taciturno, mantíñasme cos pés na terra.

Pero un día cambiaches de peiteado e trocaches o pantalón pola saia, e encantoume o teu sorriso cando me dei conta de que eras o meu rosa. Entón explicáchesme que non existe nin rosa nin azul, que de ser algo ti eras o meu verde.

María Carballido Cerqueiro. 4º ESO C



I CONCURSO DE MICRORRELATOS MATEMÁTICOS



O departamento de matemáticas quere agradecer o labor realizado por todos os alumnos/as que actuaron de monitores no día das matemáticas.

Parabéns polo voso traballo!!

ENCEFALOGRAMA PLANO

A variable do eixo das abscisas avanzaba con cada segundo que pasaba. A variable do eixo das ordenadas subía e baixaba con cada novo sinal de vida do paciente. Eu concentrábame no desexo de que a actividade da gráfica non cesara. A miña vida cambiaría para sempre se iso sucedía. Lembrei que, de pequena, adoitaba dicir que as matemáticas non servían para nada. Era curioso que, nese mesmo intre, a miña felicidade dependera dunha desas gráficas que tan pouco me gustaban.

De súpeto, a variable do eixo Y caeu en picado, ata chegar ao punto 0. Mentres a variable do eixo X continuaba avanzando, eu esperei durante varios segundos que me pareceron horas. Un... dous... tres segundos. Outra vez aparecían as matemáticas. Agardei un pouco máis, enganándome a min mesma con falsas esperanzas. Pero, por moito que me doera, a vida do meu querido irmanciño rematará coa actividade desa gráfica.

Noela Sanjurjo Carballeira. 2º ESO D



A MÁIS TERRORÍFICA DAS TERRÍBEIS PÓLAS

As matemáticas son una árbore que, para desgraza de pobres e incomprendidos estudantes, está ben cepada. Non me se me trabuquen, por moi ben podado que estea, o condenado vexetal non deixa de erguerse aínda máis por enriba do chan, para deleite deses sapientes xardineiros que tanto se divirten practicando esta botánica indescifrabel con nada máis que a testa e esas pequenas cisallas binarias.

De todas esas rosas espiñadas que son as súas temíbeis apéndice, a que máis me inqueda é a vella, a do Estado, esa que din que é tan útil. Calquera podería pensar que non fai máis que borborear cousas sen aparente sentido nin orde. Mais ela sabe o que fai e, sen dúbida, ten o obxectivo de nos amedrentar.

A moi mentirana dirache un día que: se de dúas persoas, unha come unha barra de pan, ambas devoraron media. A mañá seguinte, esa psicópata agoirará que, para malura dos decapitados españois, a cada cabeza que resida neste país correspóndenlle 29.863'18 dólares. Pola tarde soltará, como quen non quere a cousa, que Galiza é a Comunidade que máis leite produce. E antes de que marches, para non deixarte cerrar un ollo en toda a noite, ouveará, como a loba sedenta de sangue que realmente é, que hai 22 veces máis probabilidades de que te asasinne unha vaca ca de que o faga unha quenlla. E o peor... é que ten razón. Diabólico!

Fermín Caamaño Louro. 1º Bach A



A VERDADEIRA HISTORIA DO NÚMERO PI

Érase unha vez un home que tiña 3 fillos (que se chamaban 3,14,16). Cando este morreu, os seus fillos, decidiron repartir a herdanza. O maior e o mediano, quedaron con 2/4 cada un da granxa e o pequeno, quedou cunha calculadora.

Como este nunca fora a escola, non sabía como utilizala, así que, decidiu ir ao mercado a vendela.

Así foi; nun posto, dábanlle 1/2 do valor do posto, noutro, 2/4 e noutro 3/6. Pero 16, non sabía que esas 3 fraccións eran equivalentes xa que ao multiplicar o numerador e denominador por un mesmo número daban exactamente igual. Ata que apareceu un home de pelo castaño e longa barba que levaba unha túnica branca e azul e unhas sandalias que se deu en chamar Pitágoras que, grazas a un Ábaco, ensinoulle as equivalencias das fraccións.

A 16 gustoulle tanto que non vendeu a calculadora e grazas a Pitágoras estudou filosofía (amor polo saber) e logo matemáticas e fíxose moi famoso por descubrir a importancia do seu nome e o dos seus irmáns, o NÚMERO PI (3,14,16)..



Uxía Bello Gómez. 1º ESO A

SUPERMARCOS

Alá embaixo, ao pé do monte e rozando a espuma que o mar cuspe cada mañá, encóntrase a Escola Naval de Marín.

Si, esa que de cando en vez é visitada polo Rei, o anterior e este novo, novo nos dous sentidos da palabra, que para algo é polisémica.

Os cadetes, puntuais coma un reloxo, érguense cedo e comezan coas súas tarefas diarias, tan espelidos e activos polas mañás que deixan a todo o resto da poboación marinense en mal lugar.

A excepción de Marcos e a súa avoa, claro está, que están vestidos e almorzados antes de que saia o Sol. E falo do verán, que conste, porque no inverno non ten tanto mérito! E é que Marcos no inverno (e tamén en outono e primavera), vive en Pontevedra, vai ao instituto, érguese perezoso e hiberna os fin de semana, como un adolescente común.

Porén, no verán, unha época que el espera sempre con ansias, convértese en Supermarcos, un defensor do medioambiente que loita cada día limpando voluntariamente as praias de Marín.

E a súa avoa tamén, claro, como debe ser, non é que ela tomara a iniciativa soa, nin que funcionara cada día como espertador humano, nin que fabricara o combustible que o seu neto, Marcos, necesita. Por dicir que non, non hai, tampouco, que recoñecer á avoa Laura como unha Superavoa: #Honraráavoa.

-¡Nin Loira nin leria! -adoitaba dicir Marcos cando aínda era un rapaz- ¡A praia de Laura Rodríguez debería chamarse!

A avoa ríase, con esas gargalladas sonoras que facían re-tumbar toda a praia, mentres Marcos, airado puerilmente, ficaba quedo. Tardou un tanto en comprender que a avoa endexamais o corrixa non porque fose certo, senón porque ata gozaba dun pouco de recoñecemento. É un mal coñecido por todos que os voluntarios, cando son movidos motu propio, non o fan por satisfacción propia nin publicidade barata, pero nunca está de máis algún «grazas».

Ben saben os seus fillos que, tal como era ela, adoitaba fantasear esperta con que, algún día nombrarían á praia na súa honra.

Esta historia comeza así, cunha fantasía opulenta, cargada de pas e caldeiros, e nunha praia calquera de Marín, na península do Morrazo:



-Boooooooooo díaaaaaaaaaaaaaaaaas! -un grito perforatímpanos escoitouse dende a distancia.

Todos os cadetes da Escola Naval que nese momento saían cara ó campo de fútbol para os exercicios matutinos levantaron a cabeza e saudaron ás dúas figuras que se divisaban na lonxanía, nun nivel máis elevado da estrada.

Marcos, un rapaz alto, altísimo, e robusto coma un carballo axitaba o brazo con vehemencia cara eles.

Os alumnos respondéronlle cun fortísimo saúdo a favor do vento, que chegou ás orellas da avoa Laura, que ficaba tras Marcos, coma se unha bucina soara xusto diante do seu nariz.

-Parece que xa volveu o rapaz, por fin poderemos botar algunhas gargalladas.

-É increíble... ten dezaseis anos e aínda se comporta coma se estivera na primaria... -o comentario dos mozos marinos non chegou aos oídos de Marcos, pero parecida foi a frase de Laura.

-Ben parece que tes nove anos, meu rei. Apúrate, que nos están a esperar.

Así que Laura retomou a marcha, e Marcos retomouna tras ela. Seguiron o camiño que marcaba a estrada, unha costa empinada e chea de curvas, que se pechaba a favor do bosque de cando en vez, formando un precioso túnel

de arboreda. O resumo do percorrido de Marín a Loira era un ascenso antes dunha baixada, logo outra subida, e remataba en descenso de novo.

As costas galegas eran impredecibles.

Como todas as mañás de verán excepto os Domingos (cando facían un pequeno descanso), Marcos e mais a súa avoa atallaban polo promontorio, atravesaban as rocas aproveitando a marea baixa e chegaban a Loira.

Non moito despois chegaba o equipo de limpadores, na súa furgoneta negra e con cariz serio, cos seus petos caquis e os seus paus estraños rematados en punta que evitan dislocacións de cadeira.

Calquera que os vise pensaría que o seu traballo era tedioso e aburrido, pero a razón daquela expresión era que tiñan moi mal espertar. Tras ver a Laura, que abafaba lixeiramente polo esforzo, e a Marcos, que semellaba un Golden Retriever coa lingua cara a fóra, o rostro dos limpadores iluminouse cun sorriso.

Marcos botou os caldeiros e as pas a un lado e abalanxouse sobre o grupo contento de poder volver a velos. Os cinco traballadores inmediatamente abriron os brazos e arremuíñáronse desbordantes de felicidade arredor del. Fundíronse nun abrazo moi sentimental, como amigos que non se ven por un longo tempo, e logo o grupo enteiro foi a atacar á avoa.

-Como estás, Marquiños? Que tal as notas? -preguntaba Xosé, o máis alto deles.

-Cara ao importante, Xosé. Xa tes moza? -inquiría outra, Paula.

-Cébante ben, neno, case es tan alto coma min! E pensar que fai uns anos apenas eras un cágado!

Como vedes, o agarimo que lle tiñan os limpadores a Marcos era inmenso e inmutable, posto que Marcos era como o puding, e a todo o mundo lle gusta o puding.

Marcos contestou a todas e cada unha das súas pesquissas. E non, non tiña moza (aínda).

Tras a asfixiante entrevista a avoa Laura puxo fin ao recreo e espabilou á xente. Puxéronse a traballar no que se lles daba ben: coidar o medioambiente.

Non obstante, de vez en cando algún paraba a Marcos para botar unhas gargalladas con algunha das súas peripicias de Pontevedra. O rapaz non andaba escaso delas, e gozaba contándoas.

Pero ningún descanso duraba moito, unha das responsabilidades de Laura naquela praia era manter o ritmo

de traballo. Os limpadores sabían que era mellor facerlle caso porque cando se enfadaba... a mirada láser de Superman era menos perigosa.

Trancorreu a primeira hora sen ningún sobresalto, Laura foi indulxente xa que era natural tras nove meses ter curiosidade. Deron as sete e apenas se vían rastros do botellón da noite anterior, pero aínda quedaba lixo espaxado pola area, e algunha lata flotaba sobre a marea, das que Marcos adoitaba encargarse.

Laura gorentaba do semisilencio (Xosé tatarexaba a nova canción de Ariana Grande en voz alta) mentres, coa pa, separaba plásticos dunhas algas, cando de súpeto se escoitou un petardazo que alarmou a toda a praia. A parella que estaba a poñer a tumbona sobre a area nese ínter detívose e xirou cara o mar, e igual fixeron todos os presentes e mesmo os veciños do edificio amarelo que estaba pegado á praia.

Houbo un instante de prudencia, no que ninguén se moveu, e foi cando Marcos botou a correr, lanzou a súa camiseta a un lado e mergullouse no mar ante as miradas confundidas dos limpadores.

Pouco a pouco comezou a verse fume na liña do horizonte, e logo a proa dun barco á deriva. A parella das tumbonas, que non tardou en comprender a situación, de inmediato chamou a Salvamento Marítimo.

Cando chegaron eles, os nove pasaxeiros do barco estaban sans e salvos na area, con só algúns rabuñazos de por medio e un tremendo susto que non olvidarían xamais, e tampouco Marcos.

A noticia chegou aos xornais á mañá seguinte: *Rapaz de dezaseis anos salva á tripulación dun iate de morrer afogados tras unha avaría do motor.*

"Marcos asegura que, se a súa avoa non o educara para facer voluntariado e amar á praia de Loira, talvez estaríamos diante dun sinistro [...] . Os limpadores recalcan o esforzo destes dous voluntarios e afirman que, sen eles, Loira non sería a mesma [...] . O Concello premia a Marcos Rodríguez e advirte sobre a seguridade e a necesidade de mantemento nos barcos privados."

Dende entón Marcos converteuse, para o resto, no que a súa avoa sabía que era: un Superheroe.

E, talvez, algún día, limpando a praia de Loira, atoparían algunha botella cun mapa do tesouro dentro ou a unha serea. O mar ten moitos misterios, e moito máis as costas galegas.

*María Carballido Cerqueiro
1º premio ex-aequo "O Lugar onde vivo". ADEGA*

SORTE

Unha bágoa esvarou pola face de miña nai. Pechou a ventá do ordenador na que estaba aberto o vídeo. Que pesada me parecía ás veces, mostrándome eses vídeos cursis sobre as desgrazas de xente que vivía noutros países. “É para que vexas a sorte que tes; cóidaa” repetía incansablemente. Esta frase entrábame por unha orella e saíame pola outra. “¿Sorte? Iso non se chama sorte: é o normal na capital galega” replicaba eu, créndome toda cheíña de razón.

Iso era o que pensaba antes. Cambiei de parecer catro anos despois, cando miña nai marchou a África nunha das súas habituais viaxes de cooperación. Nunca volveu. O consumo de augas contaminadas puxo fin á súa viaxe. Dende aquela, vexo con outros ollos ese vídeo sobre rapaces etíopes con grandes sorrisos, felices de saberse donos dunha botella de auga potable. Como se iso arranxase algo, repito: “Xa o vexo, mamá. Xa vexo a sorte que teño”. Como se iso arranxase algo, coido o medio ambiente como lle gustaría á miña nai que o fixera.

Noela Sanjurjo Carballeira

2º ESO D

2º premio “Relatos de auga intelixente”. Viaqua



O GALO MAZARICO

Nun galiñeiro vivía o galo Mazarico xunto con cinco galiñas e os seus pitiños. Mazarico sentíase o amo do lugar: sempre tiña que ser o primeiro en comer e se algunha galiña tentaba facelo mentres el non acabara, picoteábaa con saña ata facerlle sangue. O mesmo acontecía cando o dono do galiñeiro os deixaba saír ao campo: sempre tiña que ser o primeiro.

Unha noite escoitaron un ruído e viron a porta do galiñeiro aberta. Que-daron paralizados ao ver enfronte deles a un raposo. As galiñas cos seus pitiños e o galo comenzaron a correr coma tolos para tentar escapar. Mazarico picoteaba e pisaba as galiñas sen cesar para fuxir o primeiro. As galiñas, unidas, fixéronlle fronte ao raposo mentres os seus pitiños escapaban polos ocos que excavaron na terra, baixo o enreixado. Xusto cando o raposo ía botarlle o dente a unha delas, apareceu o dono do galiñeiro e o raposo fuxiu.

O granxeiro colleu as galiñas e os pitiños e meteunos no curral, pero non atopou ao galo covarde e abusón. Pechou a porta e as galiñas e os seus pitiños viviron tranquilos e felices para sempre, e colorín, colorado este conto rematou. Boas noites meu amor.

Alejandra Fernández Castiñeira.

2º ESO D

1º premio de microrrelato

Concello de Burela contra a Violencia de xénero

UNHA IMAXE, UN RECORDO: MAR, ONDAS E AREA

Era a primeira vez que vía esa cámara de fotos. Era vermella, instantánea. Cando entrara no faiado, non agardaba atopar algo semellante. Agora, xa se habituara a sentir o seu tacto. Xunto a ela, estaba a súa nai. Descansaban na terraza, contemplando a fermosa paisaxe, que se prolongaba máis alá do que elas eran quen de imaxinar. Ambas, estaban sentadas. O mar aloumiñaba a praia e sentíase a pausada respiración do océano. Ante elas estendíase un infinito leito de auga. O Atlántico. A filla atreveuse a poñer fin a tan idílico momento. “De quen era a cámara?”. Iso foi o que lle preguntou á nai. “De túa avoa”, contestou, mais iso non foi todo o que a rapaza obtivo por resposta. As palabras que seguiron fixéronlle comprender que, naquel intre, estíbese a abrir para ela unha porta, pola que pouco a pouco se filtrarían recordos que sempre a acompañarían. “Non vemos o que vemos; vemos o que somos. Recórdao sempre. Esa era a frase preferida da avoa”. “Ela, a miña nai, naceu a poucos metros de aquí. Gustaríame poder mostrarche a casa, mais por desgraza foi derrubada uns anos antes de que ti naceras. Sobre ela, atópanse agora eses modernos edificios recén construídos, nos que vive a curmá de Ana. Cando túa avoa tiña tan só vinte anos, namorouse dun mozo veciño da vila. Foron moi felices durante ese verán. Na praia foi onde se coñeceron, e foron a area e o mar quen selaron o seu vínculo. Un par de anos despois, decidiron casar. As súas familias aprobaban o enlace e todo semellaba ocorrer á perfección. Parecía coma se o destino estivese labrado á súa medida. Mais, como podes imaxinar, miña filla, estes bos momentos chegaron á súa fin. Unhas semanas antes de que se fose celebrar a voda, o rapaz faleceu. Adoitaba camiñar polas rochas, a carón do faro. Aquela noite desatárase unha forte tormenta. Sen darlle tempo sequera para decatarse, as xigantescas ondas chegaron ata a praia, conformando unha visión aterradora. O océano estaba furioso e, a pesar dos intentos do mozo, pronto foi arrastrado polo mar. Á mañá seguinte, atopárono sobre a area. Aquel foi un suceso moi tráxico para a túa avoa, mais, realmente, el morreu alí onde máis lle gustaba estar. Era moi novo, pero a súa alma tería o privilexio de viaxar eternamente xove arrolada pola marea. Exploraría portos alonxados, rozaría buques de pesca, mollaría os pés dos meniños na praia... Sempre estaría alí, xunto ao que tanto amaba. Como cabe esperar, a túa avoa non recibiu a nova deste xeito. Os primeiros días, esqueceu o mar, a area e o sal. Para ela só estaba a desgrazada perda do seu noivo. Pensou non poder sobrelevar nunca aquela traxedia. Por suposto, si que o conseguiu. Derramou bágoas salgadas, coma o mar. Suspirou melancólica, coma o océano. O seu corazón latexou, coma o do Atlántico. A súa familia axudouna, así coma as outras rapazas do pobo. Todo o mundo tentaba alegrala, sen conseguir que o seu belo rostro volvесе locer iluminado por un sorriso. Tres semanas despois, mamá volveu á praia, a mesma que lle arrebatara a quen máis amaba. Non sentiu por

ela xenreira algunha. Simplemente, decatouse de que sempre compartirían o recordo daquel alegre mozo que as engaiolara. Dende aquela mañá, volveu alí todos os días. Sentaba na area. No verán, deixaba que as ondas refrescasen a súa pel bronceada. Tamén camiñou polas rochas e mesmo visitou o faro. Todo iso, facíao crendo que a achegaría ao seu querido mozo.

Anos despois, coñeceu ao teu avó. Aquela época foi agradable para ela, mais nada comparable á anterior paixón froito do seu primeiro amor. Sempre dixo que cando eu nacera recuperara o seu bo humor, mais penso que aquela lembranza mudara a súa personalidade, convertíndoa nunha persoa sensible e melancólica. Coma o mar. Agora, filla, estarás pensando no porqué de que eu che conte esta vella historia. É o tempo que tamén para min pasa o que me leva a furgar no pasado? Non. Agarda e comprenderás o motivo. A túa avoa decidiu acompañarse daquel rapaz que perdera durante o resto da súa vida. Por suposto, non podía facer xirar as agullas do reloxo no sentido contrario. Non. Tampouco esperaba facelo rexurdir de entre as augas. Non, non cría nos milagres. Non pretendía facer que o seu corpo perdesse tamén a vida pola simple vontade das ondas. Non. Foi grazas a esta cámara que agora gardas entre os teus dedos como a miña nai conseguiu recoller o recordo do seu amado, coma se se tratase de cunchas sobre a area. El era o mar, e durante os seus últimos meses a avoa asegurouse de facer perdurar a súa lembranza. Unhas cantas fotografías que mostraban todo isto que nós vemos agora, sentadas, dende aquí, acompañárona ata a hora da súa morte. As instantáneas xacerán con ela para sempre, sepultadas na mesma tumba.” Aquí remataba o relato. Ou non? Esa historia non desaparecería nunca, pois ocuparía un estante na biblioteca dos recordos, no maxín de toda a familia.


Xuntas, nai e filla, érguense. Como movidas por un impulso irracional, ambas toman o teléfono móbil e sacan unha derradeira foto. A praia. Elas. O mar. Ante a inmensidade do Atlántico.

“Non vemos o que vemos. Vemos o que somos.

Rosalía Soto Rey
2º ESO B



XA NON ESTOU AQUÍ



Título:
Xa non estou aquí

Autora:
Iria Misa

Editorial:
Xerais

Nº de páxinas:
211

Resumo:

O feito de estar repetindo 1º de Bacharelato, os problemas económicos da súa familia, o romance da súa nai cun amante, e o recente e doloroso abandono da súa parella crean momentos de incerteza na feble personalidade de Ánxela. Coincidindo con este mal momento da súa vida coñece a María, que a achega aos seus amigos, os Murnios, un grupo con hábitos distintos aos dos outros rapaces da súa idade. Sumida na fascinación que sente polos seus novos amigos, Ánxela fai todo o posible por integrarse, e asume as arriscadas e temerarias probas ás que os rapaces se someten co fin de vivir ao límite.

A partir das relacións con estas novas amizades Ánxela cambia o seu carácter cara á súa familia e antigos amigos, que senten que algo malo lle está a pasar.

Cando, meses despois destes cambios de personalidade, Ánxela desaparece, ninguén dubida en acusar aos seus novos amigos, alegando a súa evidente implicación. Pero nun inesperado xiro dos acontecementos descubrirose a verdade, máis simple e consecuente do que parece.

Personaxes principais:

Ánxela: É a protagonista da historia. Ao estar pasando por unha etapa difícil da súa vida sofre continuos cambios de carácter e personalidade. De feito, o problema a partir do cal se desenvolve a historia é principalmente o cambio de actitude que ocorre na rapaza.

Ao principio do libro descríbese como unha rapaza agarimosa coa súa familia, pero pouco sociable fóra do ámbito familiar, ademais de insegura.

Mais conforme avanza o libro a personaxe evoluciona, e

todo o descrito ao principio torna do revés: cos seus novos amigos, os Murnios, é agarimosa e compresiva, o que fai que todos lle teñan aprecio, en maior ou menor medida. Ao verse integrada nun grupo transfórmase nunha rapaza decidida, cuxa seguridade roza a arrogancia. De cara á súa familia vólvese arrogante, egoísta e desprezable; no lugar de tratar de comprender a mala situación na que viven polos seus problemas económicos, pide novas pertenzas que se adapten ao estilo do seu novo grupo, marcha da casa cando quere e queixase de seguido porque seus pais no intentan entendela.

É unha personaxe realista, a través da cal se mostra so comportamento dunha adolescente e os sentimentos que este causa nas persoas pertencentes ao seu entorno.

Familia de Ánxela: Formada polos seus pais e o seu irmán, Bieito. Todos responden a un mesmo modelo de carácter. É verdade que non fan grandes esforzos por entender á protagonista, principalmente porque teñen formas de pensar moi distintas, pero sempre intentan que esta se sinta ben e que sexa feliz. Por iso non merecen o desprezo e odio que mostra Ánxela por eles.

Aínda así cómpre dicir que a inestabilidade do seu entorno familiar (debido aos seus problemas económicos e ao amante da súa nai) son os principais causantes da súa inseguridade e de que queira estar sempre fóra da casa, lonxe da “desgraza” (como ela a cualifica) da súa familia.

Os Murnios: O grupo co que Ánxela entaboa amizade. Está formado por catro rapaces; Gabriel, Xan, Carlos e Leirós, e unha rapaza, María. Todos teñen uns trazos comúns na súa etopea; son temerarios, arrogantes, irresponsables e inconsecuentes.

Porén, outros trazos da súa personalidade son totalmente distintos. Todos son moi seguros excepto Xan. Este rapaz, debido aos seus problemas coas drogas e pese a ser dez anos maior, é o máis inseguro e medoso de todos, e limítase a seguir e imitar o comportamento dos seus compañeiros.

Pola outra banda temos a Leirós e Gabriel, quizais os máis arrogantes e inconsecuentes, xa que cando se ven acusados de ter algo que ver coa desaparición de Ánxela, negan a súa relación con ela, traizoando así a súa amizade.

E por último temos a Carlos e María, igual de decididos e temerarios que Leirós e Gabriel, pero sen esa suficiencia característica dos seus compañeiros. Ademais son máis leais ca eles, xa que fan todo o posible para atopar á súa amiga. Estes personaxes reflicten os valores da amizade e a lealdade no seu intento de dar con Ánxela.

Opinión persoal

O libro é, na miña opinión, moi bo, e merece sen dúbida o premio recentemente recibido.

Dende a primeira liña logra crear unha intriga que non deixa que soltes o libro. A misteriosa historia envólvecreando a necesidade de descubrir todos os segredos que o retorcido argumento agocha. Pero só ao final o lector logrará comprender todos os acontecementos sucedidos na historia.

Trata temas moi actuais; problemas no entorno familiar, aceptación social, desamor ... todos eles relacionados co comportamento dos adolescentes de hoxe en día. Recrea e describe con habilidade o carácter, comportamento e sentimentos dos rapaces novos; dende os seus medos e inseguridades (descritos en personaxes como Ánxela e Xan) ata a sensación de suficiencia e superioridade (recreadas en Leirós, Xurxo e en ocasións en Gabriel), pasando por outros sentimentos como o amor, a alegría ou o excitante medo sentido ao rozar a morte coas súas accións temerarias.

Outro punto forte da autora é a complexidade dos personaxes, todos cunhas características psicolóxicas moi persoais, moi propias, que fan o libro interesante e impiden que te anticipes aos acontecementos e accións que están por suceder. Trátase, na súa maioría, de personaxes redondos, que evolucionan ao longo da historia. Un claro exemplo desta evolución é a de Ánxela, cuxo comportamento dá un inesperado cambio cando se ve integrada nos Murnios.

O único que quizais cambiaría sería o final. Non cambiaría o final en si, senón a súa extensión. Con isto refírome a que, cando xa se desvelaron todos os segredos da trama, só son expresadas as opinións e sentimentos da familia de Ánxela e de María, integrante dos Murnios, e quizais sería interesante saber tamén as opinións doutros integrantes do grupo (sobre todo daqueles que quixeron desentenderse do asunto alegando a súa escasa relación con Ánxela). Porén, este final máis aberto ten a súa parte boa, xa que permite ao lector facer unha reflexión empática e matinar sobre os posibles sentimentos destas personaxes.

A obra non podía senón desenvolverse na época actual. É moi fácil recoñecer o contexto histórico polo comportamento perfectamente recreado dos adolescentes de hoxe en día: a necesidade de aceptación social, a importancia que lle dan as personaxes ao modo de vestir e o feito de sentirse superiores por fumar e tomar drogas son quizais algúns dos trazos máis característicos que permiten identificar o tempo externo da obra.

A estrutura temporal do libro é in extrema res. Comeza dicíndonos o resultado dos acontecementos do libro

para despois narrar o desenvolvemento de ditos feitos, o que crea a xa mencionada intriga. A lonxitude do período temporal no que se desenvolve a historia (duns cantos meses) permite que haxa continuos saltos a través do tempo, cambiando o narrador (nunhas ocasións é interno, noutras externo) con cada cambio temporal. Debido a ditos saltos, prodúcense numerosas prolepses, que sempre desvelan aquilo necesario para aumentar a expectación do xa intrigado lector.

A variación continua de espazos é un factor que aporta dinamismo á historia. Os espazos pechados (o pendello dos avós de María, por exemplo) e abertos (as vías do tren), urbanos (como o instituto) e rurais (o monte), varían e succédense continuamente con cada salto temporal. Todos os espazos son realistas; construcións sen rematar, as vías do tren ou unha pequena cabana nunha parcela son espazos moi comúns, que podemos atopar con facilidade en calquera poboación. Pero as arriscadas e temerarias actividades (que en ocasións rozan un instinto suicida) que os Murnios realizan neles convértenos en lugares especiais e dálles, en ocasións, un toque sinistro.

A linguaxe utilizada é máis ou menos formal, sinxela e adecuada a adolescentes. Isto é cando o narrador está en terceira persoa. Cando o narrador é en primeira persoa, ou ben cando algunha da personaxes está falando, utiliza unha linguaxe coloquial. Cando dito narrador ou falante é un adolescente (Ánxela ou un dos Murnios) a autora inclúe apelativos (tales como “meu”, “tío/a”) e utiliza en ocasións palabras malsoantes. Isto aporta realismo.

A novela é interesante porque a través das distintas personaxes expresa diferentes puntos de vista sobre diversos temas, tales como o desamor, a aceptación social, os problemas económicos, a soidade, a morte ou o abandono, entre outros moitos. Así a autora fainos comprender o cariz tan distinto que poden tomar as situacións dependendo de quen as mire.

Noela Sanjurjo Carballeira
2º ESO D



ENTREVISTA A MARÍA SOLAR



O martes 9 de maio visitounos a escritora compostelá María Solar. En 2ºESO lemos a súa última novela *Los niños de la viruela*. María é unha escritora e xornalista da Radio Televisión Galega onde presenta o *magazine* informativo "A revista fin de semana da TVG". No mundo da literatura ten varias obras premiadas e traducidas a outros idiomas como *O meu pesadelo favorito* que acadou Premio Lazarillo no 2014, *A verdadeira historia da mosca da tele*, *Vou ter un irmán* ou *As horas contadas*. Ademais, algunhas destas obras foron incluídas na prestixiosa lista The White Ravens.

Ao terminar a sesión, algunhas alumnas de 2º ESO fixémoslle algunhas preguntas:

1. Como xurdiu a idea dun libro como *Os nenos da varíola*?

A idea xurdiu estudando a carreira de Bioloxía porque foi a primeira vez que contactei coa historia e contáronme unha historia mutilada porque non tiñan os datos despois de que saíran de Galicia e iso foi transcendental e moi suxestivo. Logo volveu xurdir ese tema cando traballaba na TVG. Viñan de descubrir todos os datos da rectora e dos nenos e foi nese momento que cando puidera iría xuntando documentación. Quería escribir esa historia e contala dende nós. Contala como unha novela para enchela de sentimentos.

2. Resultou fácil ou complicado o labor de investigación histórica relacionada coa obra?

Pois resultou moi longa. Estiven a piques de deixalo moitas veces porque en ocasións encontraba datos que eran os contrarios doutros que acababa de atopar. Entón, xa tiña que ver cal desas dúas persoas estudaran mellor ou máis a fondo o tema, quen era o último cos datos que se coñecían. Houbo momentos así, críticos. Pero como o

fixen durante moitos anos, tranquilamente traballando noutras cousas... Cando ao fin vin que tiña todo o material claro foi cando me puxen a escribir o libro.

3. Ten algo que ver o tema cos teus estudos de Bioloxía?

Si, ten que ver cos estudos de Bioloxía e coa miña faceta de xornalista. En bioloxía porque para min é unha teima a cuestión dos virus, bacterias e príons e as confusións que temos aínda hoxe co que é cada cousa; ou mesmo a escasa importancia que lle damos a cousas porque están naturalmente entre nós. E falo da cartilla de vacinación, por exemplo. Como é tan habitual vacinarse, xa non lle damos importancia ao que significa ter vencido esas enfermidades a través dunha vacina. Xa non é só curalas, é previlas. Entón creo que todo iso hai que contalo á xente. Tedes que sabelo dende novos e darlle o valor que teñen.

4. Canto tempo tardaches en rematala?

Dende que me puxen a escribir, fíxeno rápido. Ao mellor un ano ou unha cousa así. Pero o período de xuntar documentación foron anos e anos.

5. Houbo algunha personaxe coa que te sentiches máis identificada?

Si, dos que son inventados, non identificada collinlle especial cariño a Inés que é unha nena moi golpeada pola varíola, e a Ezequiel e a Félix, o soldado. Como ti os creas, teslle cariño a todos.

6. De onde che vén a afección pola escritura? A que idade comezaches?

Empecei a escribir coma vós, no instituto. Eu estudei no Eduardo Pondal e había premios de relatos. Presenteime así a varios, pero non tiñan ningunha transcendencia, quedaba alí a cousa; non saía no xornal nin nada. Gañei varios, pero o terceiro ao que me presenteí non o gañei e non volví escribir durante moito tempo. Logo pasan os anos e apetecíame escribir algo que me gustara.

7. Tes algunha manía ou rutina á hora de escribir?

Pois eu creo que algúns escritores cóntano como algo moi especial, moi de musas; ou de algo que ten unha maxia especial. Para min é traballar. Eu séntome diante do ordenador, pónome a pensar nunha historia, a ver como a podo contar, de que maneira. Escribir é traballar e é dedicarlle horas. Eu escribo en calquera sitio porque son

unha nai traballadora. Mesmo o fago cando o neno está en karate nun sitio onde hai rapaces facendo deberes; eu póño-me alí nunha esquiniña e como xa me coñecen, alí estou cos meu libros. Ou escribo na cociña e coa pota ao lume. E logo, cando podo, escribo en condicións chulas. Pero cando non, tamén.

8. Que consellos nos darías se algunha de nós quixésemos dedicarnos a isto?

Primeiro, escribir porque a min pásame moitas veces que alguén di que ten unha idea e quere escribir un libro. A idea non vale, hai que escribir. Entón, primeiro escribir, escribir e escribir. O segundo, mandalo a premios e cando creas que xa tes unha novela de verdade, non ter vergoña e envíalo a algunha editorial. Á que mandei o meu primeiro libro, xa mo colleu, pero se non o fixera estou segura de que ao mellor non a tería enviado a outra. Tes que estar moi segura. J. K. Rowling foi a catorce editoriais. Por iso eu sempre digo que canto cría no que ela facía. Eu se na segunda me din que non, creo que non volvo a outra. Sempre hai unha editorial para cada libro. Hai que ver cal pode ser, onde pode encaixar o que ti fixeches e escribir, escribir e escribir.



9. Por que te decidiches pola literatura infantil e xuvenil?

Para min foi natural e, sobre todo, por dúas razóns. Unha porque me permitía facer libros moito máis no plano da imaxinación e eu teño moitísima imaxinación. No infantil escribes o que che dá a gana, cousas divertidas e fascinantes. E iso gustábame. Outra razón é porque en realidade nunca fixen nada infantil. Eu fago libros para todos os públicos, que é a diferenza.

O de infantil ou xuvenil e poñer as idades é un tema comercial. Para min non é un tema real. En cada libro eu traballo cos niveis de lectura de maneira que se o len dende

os oito anos pois os de oito van entender unha cousa, os de dez outra e o de vinte collerán outro transfondo. E os maiores van atopar moitas outras claves. E nótase tanto que en *O meu pesadelo favorito*, por exemplo, hai un capítulo onde os adultos choran e os nenos non porque hai un episodio onde hai unha morte. Para os nenos pequenos non é o mesmo a morte que para os maiores pois vívena de distinta forma. Por iso para min os libros son para todas as idades. Teñen un solo dende o que o podes entender, pero non teñen un teito.

10. Cres que están relacionadas as túas facetas de escritora e xornalista?

Eu creo que si, é inevitable. Ao final todo é comunicación. Cando estou na radio ou na tele estoulle contando algo a alguén e quero que me entenda pois contas historias reais. E cando estás escribindo un libro inventas historias que son de ficción pero tes interese en que te entendan e que sintan; que os levas a ese lugar dos sentimentos. O libro ti constrúelo con quen te está lendo. Eu podo vela cara do meu Ezequiel e o teu Ezequiel é outro, pero son o mesmo. Ao final, no fondo é a construción que facemos desa persoa e depende tamén das túas vivencias e das miñas. Ímolo entender un pouquiño distinto por iso é tan bonito e tan rico escribir.

11. Cales son as túas preferencias como lectora?

Como lectora devoro de todo. O que si que agora xa vou vella, pasei dos corenta, e o que non me gusta, déixoo. Antes non, antes obrigábame a acabar o libro. Entón agora hai cousas que si me atrevo a abandonalas. Pero leo absolutamente de todo. E de pequena lía moitísimo cómic que tamén vale para facer hábito lector.

12. Estás preparando xa unha nova obra ou tes en mente un novo título?

Estamos preparando unha a catro mans. É a primeira vez que fago un libro con outro xornalista que temos que entregar o seis de xuño. Non queda nada. A miña parte xa está practicamente rematada. É un libro de xornalismo, non de ficción. É para xornalistas.

Aísa Castro
Alejandra Fernández
Alba Rodríguez
Paula Sánchez
María E. Santana
2º ESO

CADA DÍA, CENTOS DE OCASIÓNS PARA A CREATIVIDADE

Sénteste motivad@ no instituto? Para iso, punto e á parte dos retos que che propoñan dende fóra, están os que suscitas ti mesm@ e a creatividade que deixas fluír diariamente no que fas.

Na nosa clase de terceiro de ESO xurdiu a hipótese de se o instituto é un ecosistema sostible. Partindo da definición de “ecosistema”, mediante exemplos e paralelismos que derivaban en modos de organización social, recolleemos varios lugares onde ir a investigar.

Despois de debater na clase, decidimos ir facerlle unha entrevista a José, membro do proxecto “A incubadora”, un espazo de expresión artística con sede en Área Central.

Eliximos este destino por varias razóns: unha era por ter una iniciativa destas características na nosa entorna máis achegada; outra foi saber se “A incubadora” é un ecosistema sostible; e, finalmente, para coñecer máis en profundidade en que consiste e a relación que ten co medio.

O que non sabiamos é que grazas a ir facer esta entrevista iámonos reencontrar cunha necesidade aletargada ou camuflada dentro de nós: a de ser creativas.

Agora comezamos coas preguntas que lle fixemos a Jose:

En que consiste A Incubadora?

É un centro multidisciplinar artístico, no que a intención é ir formando grupos, para logo unilos e así producir arte. Por exemplo, se queremos crear unha serie de terror que se lles ocorra aos de creación de historias, unimos aos grupos de cine, teatro, iluminación, fotografía... e así van aprendendo a medida que van creando e, segundo se vaian formando e adquirindo experiencia, iranlles saíndo novos proxectos.

De aí sae o nome da “Incubadora”: que naza o poliño. Mentres está na incubadora, estase formando e unha vez que sae a ver se voa ou non voa.

Como se vos ocurriu?

Todos somos profesores/as de arte, cada un na súa disciplina. Por exemplo eu son profesor de fotografía e como agora a educación a nivel artístico fíxose algo moi violenta, moi pesada no mercado, que hai que traballar si ou si, iso fai que a parte artística se deteriore, pensando antes nos cartos que en expresar un sentimento ou emoción, polo que ao final nin expresas nin traballas.

Entón aquí o que fixemos, no canto dunha escola oficial, onde nos pagan, é quedarnos cos nosos alumnos e formálos ata o final coa idea principal de liala, de facer grandes proxectos.

Recibides algunha axuda?

Non, porque as axudas en realidade o que fan é acurtar a liberdade. Esa axuda vai encamiñada a algo, e nós non queremos que nos marquen o camiño, senón que sexan @s alumn@s quen o marquen.

Como fuches capaz de poñelo en marcha?

Como xa son maior, estas cousas parécenme fáciles: é so abrillo e tirar para adiante. Con cartos parece fácil, pero sen eles non; aí é cando un é empresario. É ter unha idea e levala a cabo de tal xeito que se manteña de forma sinxela.

Todo comezou reunindo os profesores das distintas disciplinas. Algúns viñeron por parte miña e o resto foron vindo, sen mirar o currículo a ninguén, só facéndolle unha entrevista e ver se cren no que están facendo, se sorrín, etc.

Como valoras agora o grao de dificultade de todo o que tedes levado a cabo?

Pareceume máis difícil non por abrir o negocio senón pola resposta da sociedade. Pero creo que todo ten que ir “a modiño”, palabra galega da que quedei namorado. Ás veces desespereime, mais entendo que ten que ser así, aínda que agora vai ben. Con todo, fallounos a xente adolescente, xa que tiñamos algún proxecto para eles, pero non obtivemos bos resultados.

Un motivo para sacar adiante este proxecto.

Liala. Non fan falta cartos, xa que iso o que fai é mecanizar o negocio. O que soño é que pase algo, pero algo que eu non quero soñar, senón que sexan @s alumn@s que están aquí os axentes reais e que dunha forma natural que xurda algo. Que non sucede nada porque imos a modiño? Pois mira, a modiño.

Obxectivo principal.

O noso obxectivo principal é liala e expresarnos con tranquilidade, sen ter que pensar demasiado nos cartos, xa que cada profe ten a súa propia economía.

Como funciona? É dicir, como é a vosa división do traballo?

Aquí cada profesor é autónomo na súa actividade. El decide con cantos alumnos debe contar, o prezo do curso, cantas horas á semana e decidirá o ritmo do curso. Cristina leva o tema dos números e eu os negocios. Resumindo, somos un instrumento para eses profesores, para as

necesidades que lles vaian xurdindo. A economía é sinxela porque, do que xera cada actividade, un tanto por cento amplo vai para o profesor e o outro pouco é para manter o local.

Tipos de actividades que se fan.

Pois cine de guerrilla, fotografía, danza africana, escultura, pintura, robótica... Tamén tiñamos unha actividade chamada «Escola de bruxas» que consistía en ler as cartas, a astroloxía etc., mais criamos que ía ser grazoso e non resultou selo así.

Que perfil de persoa asiste?

En principio é para adultos, aínda que fixemos unha actividade para adolescentes. A cada curso veñen persoas de moitas idades e de distintos graos aprendizaxe, xa que algúns veñen máis formados ca outros.

Que sentides que achegades á sociedade? Isto é un ecosistema?

A idea é esa, é crear en realidade unha especie de xermolo e ser un pouco o abono para ese pequeno ecosistema e que naza de forma natural, que teña a súa propia evolución e a ver que bichos saen de aquí. Dende ese punto de vista está claro que é un ecosistema e que funciona como tal de forma autónoma. Por iso non queremos axudas do exterior, porque queremos que sexa un ecosistema limpo, simbiótico, sen contaminación nin relacións xerárquicas que limiten as accións.

Por outra banda, creo que non debe ser un ecosistema sostible, xa que hoxe pode estar moi ben, pero ao día seguinte todo pode cambiar.

Que podedes mellorar?

Pois debería pasar o aspirador, xa que o chan está moi sucio [rindo]; pois non é broma a limpeza. Tamén o tema da publicidade, aínda que non funciona moito.

Define con tres adxectivos “A incubadora”.

É tola, fermosa, necesaria; sen darlle importancia ao artístico.

Esta foi toda a conversa que tivemos con José, quen nos dixo que si que vivía no medio dos quefaceres dun ecosistema, un ben creativo!

Despois desta entrevista, quixemos continuar establecendo unha relación entre a creatividade e a aprendizaxe analizando o noso instituto coma ecosistema.

Para isto investigamos na rede, e atopámonos cun texto de Steven Anderson, consultor de educación, no que

fala sobre a creatividade na aprendizaxe e métodos para melloralala.

Chamounos a atención un fragmento que dicía o seguinte: “Podemos tomar o camiño de menor resistencia e sacar a creatividade dos procesos de aprendizaxe. Ou podemos crear un entorno que fomente a creatividade na aprendizaxe e permitir aos nenos que exploren os seus talentos.”

Este fragmento explica moi ben os camiños que se poden seguir para fomentar ou non a creatividade. Por suposto, o profesorado está aí para nos lanzar retos e cada proceso de aprendizaxe. Agora, se todo o profesorado e cada un/unha de nós procurase en cada proceso e, máis importante aínda, en cada actitude cotiá, ser creativ@s, chegaríamos a un ecosistema de excelencia real, democrática e diversa.

Algunhas das ideas que recolleemos para fomentar o uso da creatividade foron as seguintes:

- A creación de traballos de distintos tipos e formas: no canto de realizar os típicos textos argumentativos ou biografías, realizar estes traballos en forma de viñetas de banda deseñada ou outra formal orixinal, pouco convencional.
- O uso das “preguntas para pensar”: como di a experta Melina Furman, a pregunta xa non é unha calella sen saída, unha pregunta estritamente fáctica; é unha porta de entrada para aprender, sendo e facendo.
- A resolución de problemas ou proxectos a través da sinceridade, a empatía e o respecto, como problemas que xorden no instituto, por exemplo os de convivencia, nos que hai que buscar unha solución dunha maneira axeitada que teña a súa orixe na autenticidade de cada persoa.


E é que cando atravesamos as portas do instituto a primeira hora, sucede o mesmo que nos seres dos ecosistemas naturais cando cambian de zona de hábitat: os seres vivos teñen que adaptarse a el dunha maneira rápida e efectiva; polo tanto, canta máis rodaxe en creatividade teña cada persoa, antes se adaptará en cada entorna. E iso debemos aprendelo no instituto, sempre dende a autenticidade que hai en cada un/unha de nós; así teremos a liberdade de explorar e crear as nosas propias solucións.

Máis aló das conclusións a nivel comunitario que saíron na clase de Lingua Castelá, NÓS queremos compartir este pensamento a nivel máis individual contigo, LECTOR@. Recomendámosche seguir estes consellos para conseguir así un instituto máis sostible.

Andrea Mazás Otero e Sara Liñares Barral
3º ESO A

LETRAS GALEGAS 2017: CARLOS CASARES MOURIÑO

Carlos Casares naceu en Ourense o 24 de agosto de 1941, mais catro anos máis tarde trasladouse a Xinzo de Limia, onde o seu pai, Francisco Casares, traballaba de mestre. Toda a súa literatura verase estreitamente relacionada coa súa nenez, que pasaría moi feliz, así como coas vivencias no Seminario da súa cidade natal, ao que foi enviado por decisión da súa nai, Manolita Mouriño, unha muller profundamente relixiosa. Alí comezou a escribir, coa axuda do profesor de Literatura, Agustín Madarnãs, publicando un xornal escolar chamado *El Averno*. Tamén foi un apaixonado lector, facendo uso da biblioteca e coñecendo autores “perigosos” como Balzac ou Voltaire nos seus veráns en Xinzo.



ranxas(1973), *Xoguetes para un tempo prohibido*(1975), *Os escuros soños de Clío*(1979)... Remata a década coa publicación de *Ilustrísima* (1980), traballo que, coma case todas as súas obras, está ligado á editorial Galaxia, converténdose no seu director en 1985, cargo que desempeñará ata a súa morte e co que se frea a produción literaria de Carlos Casares, ata *Os mortos de aquel verán* (1987).

Tamén cabe destacar o seu labor como deputado polo PSdeG-PSOE, de especial importancia na aprobación por unanimidade da Lei de Normalización Lingüística no 1983.

Casares combinou as súas publicacións en diferentes xornais coa de novelas de gran ambición literaria, como son *Deus sentado nun sillón azul* (1996) e *O sol do verán* (2002), do que entregou a versión definitiva en Galaxia o día anterior ao seu pasamento. Casares falece na mañá do 9 de marzo de 2002.

Nos anos 60 marcha de Ourense a Compostela, onde entra rapidamente en contacto co grupo de galeguistas formado arredor de Ramón Piñeiro, persoeiro que se converte no seu íntimo amigo. Tras uns inicios poéticos, Casares publica no 1967 *Vento ferido*, un libro de relatos xuvenís. A súa aventura narrativa continúa con *A galiña azul*, un conto para nenos, e *Cambio en tres*, unha novela sobre a emigración, ambas editadas no 1969.

En 1971 coñece nun tren a Kristina Berg, unha rapaza sueca da que se namora e coa que casa pouco tempo despois. Eses anos son moi proveitosos na súa carreira como escritor: *As laranxas máis laranxas de todas as la-*

Este ano dedícaselle a este autor ourensán o Día das Letras Galegas. Facémoslle unha pequena homenaxe a Carlos Casares: escritor, xornalista, editor e político, un dos persoeiros máis relevantes da literatura galega do século XX.

Rosalía Soto Rey
2º ESO B

UNHA NOVA OLLADA A XOSÉ NEIRA VILAS



Non foron moitos os que tiveron o pracer de coñecer algunha vez a Xosé Neira Vilas, pero os que si puideron re-

latan, sen ningunha mostra de dúbida, que foi un home comprometido co galego e a cultura local. O 25 de novembro de 2016 o IES Antonio Fraguas súmase a unha homenaxe especial a este gran autor para conmemorar a súa vida, a pesar de que o pretexto principal foi o primeiro aniversario do seu falecemento.

Os alumnos do Bacharelato de Artes abriron a sesión interpretando un dos poemas de Neira Vilas, *Ai, amor!*, musicado polo grupo de folk galego *A quenlla*. *Ai, amor!* foi dedicado á súa muller, e os sentimentos que profesaba Neira Vilas plasmárono de maneira maxistral tanto os integrantes de *A quenlla* como os estudantes do centro.

Unha vez rematada a intervención os músicos retiráronse e as dúas conferenciantes comezaron as súas presen-

tacións. Sabemos que, ás veces, ao ler un libro, mesmo nin pensamos no autor. Parécenos un nome sobre o título dunha novela ou o encabezamento dun traballo biográfico. Porén, tivemos a impresión de que esta barreira languidecía pouco a pouco ao tempo que Pilar San Pedro lembraba con emoción e proximidade a figura de Neira Vilas.

Comprometido coa xuventude e a educación, o escritor de *Memorias dun neno labrego* adoitaba explicar que prefería achegarse á mocidade porque esta aínda tiñan a súa mente flexible e moldeable, e non a rixidez e o pragmatismo dos adultos (que deixaba moito que desexar). De feito, numerosas obras súas tratan sobre a vida xuvenil: *Cartas a Lelo*, *Aqueles anos do Moncho...* O talento de Xosé Neira Vilas vese plasmado nelas. Tanto é así que *Memorias dun neno labrego* é o libro máis lido da literatura galega, e amasou unha tremenda difusión nos anos posteriores a súa publicación malia a escasa publicidade. Aínda no presente é lectura obrigatoria para todos os centros de Galicia.

Un éxito tan abrumador vén firmemente enlazado cun amor profundo coa lingua. Neira Vilas admitía sen enganarnos que el «vivía para escribir en galego». Importáballe que a súa obra chegara aos corazóns da xente, era un home tremendamente traballador e escritor de vocación.

Tras describir ao autor só falta examinar a obra. Teresa Pérez, mestra tanto de educación infantil como xuvenil, encargouse disto. Comparou *Memorias dun neno labrego* cunha das obras máis famosas da literatura inglesa: *As aventuras de Tom Sawyer*.

Para comezar, ambos eran cativos pequenos, demasiado novos como para comprender a realidade dos adultos, que lles resultaba absurda e cruel. Os dous vivían no campo e afrontaban cada día o que iso supoñía. Tal vez *Tom Sawyer* resultara moito máis atrevido que *Balbino*, o que non quita o feito de que ambos vestían con farrapos.

María Carballido Cerqueiro
4ºESO D

Martinho Cacheda Rodríguez
4ºESO A

DONALD TRUMP CHEGA AO PODER

Dende o momento en que Obama esgotaba os seus dous períodos de mandato nos Estados Unidos, todo aquel que dedicara un instante a reflexionar sobre o tema asimilou que a situación do país había cambiar. O que penso que non esperabamos era que un empresario multimillonario, que publicamente se manifesta como xenófobo, escéptico do cambio climático e machista, entre outras cousas, chegara a facerse coa presidencia dos Estados Unidos.

Como son as eleccións presidenciais en E.E. U.U?

As eleccións presidenciais dos Estados Unidos realízanse cada 4 anos o primeiro martes do mes de novembro. Este ano, as eleccións realizáronse o día 8 de novembro. Estableceuse que segundo a Vixésimo segunda Emenda constitucional Barack Obama non podía ser reelixido presidente tras dous períodos de goberno.

Pero o proceso comeza case 21 meses antes, cando os candidatos anuncian as súas intencións de postular. Despois, realízanse unha serie de procesos e debates internos nos partidos políticos, seguidos de convencións nacionais, a partir das cales cada partido determina os seus candidatos.

Posteriormente os votantes elixen aos seus compromisarios ou electores, un total de 538 persoas, que se encargarán de elixir ao novo presidente e vicepresidente.

Logo chega o día das eleccións, o primeiro martes de novembro. Pero nesta votación non se elixe aínda ao presidente. Aquí, cando cadaquén vota polo seu candidato a presidente, o que en realidade está facendo é instruíndo ao seu elector sobre a quen debería dirixir o seu voto no Colexio Electoral.

Despois, en decembro, os electores votan polo seu candidato.

Finalmente, o 20 de xaneiro (do ano seguinte) é a Inauguración Presidencial, onde o candidato elixido asume o seu cargo.

Principais partidos de E.E. U.U.

Aínda que en cada período de eleccións presidenciais xorden pequenos partidos políticos, os principais, son o Partido Republicano e o Partido Demócrata. Estes dous partidos son os únicos que exerceron o poder no país dende mediados do século XIX.

- **Partido Republicano**

Este foi o partido gañador nas eleccións do 2016. Os seus candidatos eran Donald Trump como presidente e Mike Pence como vicepresidente.

A súa cor é a vermella e o seu símbolo un elefante.

Tamén coñecido como GOP, (“*Grand Old Party*”, en galego “*O Gran Partido Vello*”) está xeralmente asociado co conservadorismo. Este está xeralmente relacionado co patriotismo e o nacionalismo. As súas opinións e posicións son xeralmente de centrodereita e/ou dereita, favorecen as tradicións e son adversos aos cambios económicos, políticos e sociais radicais, opoñéndose ao progresismo. No referente ao social, favorecen os valores familiares e relixiosos. No terreo económico, a súa doutrina é o liberalismo económico, é dicir, que defenden a mínima inxerencia do Estado na economía. Esta opinión implica a súa oposición ao socialismo e ao comunismo.

A partir de diversos estudos estadísticos sabemos que este partido é máis apoiado por homes que por mulleres. É apoiado pola clase alta, pola pequena, mediana e gran empresa, polos sectores relacionados coa industria e polos militares de carreira (ou ben todo aquel que exercera o servizo militar). Atendendo a cuestións étnicas, os republicanos reciben apoio maioritario da poboación branca do orixe europea, xa que o 60% dos branco non hispanos son republicanos. Unicamente un 10% da poboación de raza negra, un 30% da poboación xudía e un 30% dos hispanos (con excepción dos cubano-estadounidenses, cuxa maioría é republicana) apoian a este partido.

• Partido Demócrata

Ata estas últimas eleccións exercía o poder nos E.E.U.U. xa que Barack Obama pertencía a este partido. Os candidatos para as eleccións de 2016 foron Hillary Clinton como presidenta e Tim Kaine como vicepresidente.

A súa cor é a azul e o seu símbolo un asno. As orixes deste símbolo remóntanse ás eleccións do 1828, cando Andrew Jackson era chamado así polos seus adversarios. A partir desta broma un caricaturista debuxou e estableceu o símbolo do partido.

Este partido é considerado liberal, dándolle a este termo unha connotación progresista. É xeralmente asociado coa centoesquerda, pero realmente ten unha gran diverxencia en canto a ideoloxía. Empezando pola centrodereita conservadora, pasando polo centro, liberalismo clásico, socioliberalismo, socialdemocracia, progresismo e finalmente a esquerda.

A maioría dos estudantes universitarios e rapaces/as novos son demócratas. Tamén a maioría das mulleres se inclina por este partido. A clase obreira, traballadores de baixos ingresos e/ ou sen estudos universitarios tenden a votar aos demócratas. Tamén a poboación gai, lésbica, bisexual e transxénero apoia aos demócratas. O 90% da poboación de raza negra, o 70% dos xudeus e dos hispanos apoia este partido.

Donald Trump , novo presidente dos E.E.U.U.

Donald Trump naceu o 14 de xuño de 1946 en Queens, Nova York. Tras ser expulsado da escola por malas condutas e enviado a un colexio militar, acudiu e graduouse en 1968 na Escola de Negocios Wharton da Universidade de Pensilvania, orientando os seus estudos cara o sector inmobiliario. E a partires deste sector conseguiu os ingresos que hoxe en día ten, coa construción de bloques, rañaceos, urbanizacións, casinos e hoteis. Superou diversas situacións de bancarrota e comezou a facer negocios afastados do seu sector habitual. Mercou as accións de Miss Universo, publicou diversos libros, creou o seu propio equipo de fútbol en Nova Jersey e a súa propia carreira ciclista, o Tour de Trump, e patrocinou diversos combates de boxeo. En 2005 estreouse na cadea NBC o seu *reality show*, onde varios empresarios competían por un contrato para dirixir unha das súas empresas.

En 2012 anunciaba a súa primeira intención de presentarse como candidato, pero non foi nese ano senón en 2016 cando se presentou e foi elixido como presidente dos E.E.U.U.

Un home polémico

Debido a certos comentarios e opinións expresadas polo novo presidente, creouse certa polémica arredor da súa persoa. Incluío aquí aquelas opinións mais destacadas pola polémica xerada.

- Afirmou en diversas ocasión que o quentamento global é un engano, un “concepto inventado polos chinos para que o sector manufactureiro estadounidense perda combatividade”.
- Cualificou aos inmigrantes mexicanos ilegais de “delincuentes, corruptos e violadores”, e expresou o seu desexo de construír un muro entre as fronteiras de E.E.U.U. e México que debería ser pagado polo goberno mexicano.
- Manifestouse reiteradamente contra a vacinación afirmando que está relacionada co desenvolvemento do autismo.
- Afirmou en repetidas ocasións poder conseguir a calquera muller polo feito de ser famoso e multimillonario.

Así e todo non podemos cambiar o feito de que este home é o novo presidente de E.E.U.U., e só podemos esperar e ver como se desenvolve a situación do país ante este cambio de goberno.

Noela Sanjurjo Carballera
2º ESO D

A GRATUIDADE NO ENSINO PÚBLICO

Dende a referencia xenérica da Constitución de 1876, cando fala de regular “*os establecementos de instrución pública costeados polo Estado*”, ata a actual regulación da LOE de 2006, “*O Ensino básico ao que se refire o artigo 3.3 desta Lei* (primaria e secundaria obrigatoria) é obrigatorio e gratuito para todas as persoas”, hai unha evolución que non sempre foi, nin vai, cara adiante na concepción da obriga institucional, formal, e persoal de fornecer á cidadanía dun instrumento formativo, economicamente nivelador, e socialmente compensatorio de alto nivel, que é nin máis nin menos que o que debe ser o Ensino Público.

Unha mínima apreciación dos dous cualificativos que a LOE lle atribúe ao ensino, fainos ver que:

- A obrigatoriedade é dupla: a administración pública ten a obriga de fornecer a cidadanía desa prestación; e a cidadanía ten a obriga de ser usuaria dela nas condicións e idades que se establezan.
- A gratuidade pola contra é exclusiva do Estado, é unha fórmula de levar á práctica aquela obriga, que ten como contrapartida o dereito da cidadanía a recibila.

Poderíase falar moito do feito de que a obrigatoriedade do Estado, nunha interpretación moi discutíbel, deu tamén lugar á existencia do que chamamos “ensino concertado”, que ven sendo a entrega a mans privadas dunha obriga pública; pero neste artigo, de necesaria brevidade, falase de gratuidade, e deixamos para outra ocasión a análise destoutro tema.

A gratuidade no Ensino Público, porque no concertado novamente non paga a pena falar, comezou a se entender dende a perspectiva de dous tipos de gasto: infraestruturas e profesorado: é de balde o uso das instalacións, e son de balde as clases que recibimos; e isto abondou durante décadas para cubrir toda a realidade dun ensino que pouco máis pretendía que aprender á cidadanía masculina (a feminina non importaba naquel momento desgrazadamente) a ler, escribir, e o que se chamou sempre “as catro regras”, pouco máis que facer contas sinxelas.

Mais a complexidade dos contidos que se ían incluíndo na necesidade de aprendizaxe, acompañados coa evolución dun País que avanzou dende a escuridade cultural ata este aceno de luz no que vivimos, tamén foi provocando que os medios dos que había que dispor para poder aprender ás novas xeracións tivesen que ser cada vez máis sofisticados, máis complexos, máis custosos, e, desgrazadamente, máis privados.

O que nos di o paso do tempo é que a Administración educativa mellorou o seu investimento en infraestruturas e profesorado (non abonda, pero mellorouno dende unha perspectiva histórica), pero rexeitou aceptar como obrigatorio todo gasto que se saíra deses dous parámetros; e así, foi cargando sobre a cidadanía todo o material de uso, todos os custos accesorios: vestuario, viaxes, lecturas, necesidades na vida extraescolar do alumnado e un amplo etcétera, e fíxoo dende o primeiro momento no que se escolariza unha crianza ata a súa saída do sistema educativo, cun cada vez máis amplo catálogo de gastos que as familias deben cubrir, provocando unha indiscutible fenda económica entre o alumnado, desnivelando aquilo que naceu para equilibrar.

A resposta ao problema por parte do sistema formal foi levar as necesidades ao terreo dos servizos sociais, como se a cobertura dun dereito fora cousa de atención social; e por parte da comunidade educativa foi mirar para outro lado, xustificando a demanda de gastos nunha presunta, e nunca demostrada, mellora da calidade do Ensino.

Por iso é ben comezar a dicir novamente o que di por certo xa o informe do Consello Escolar do Estado do curso 1998-1999: “*a Constitución española é taxativa... o libro de texto ou material didáctico que sexa preciso para impartir a educación básica, e polo tanto para garantir o dereito fundamental á Educación, ten que ser gratuito*”, reflexión que hai que en tender dun xeito amplo, non limitado aos libros de texto, e comprensivo das novas realidades e necesidades que van aparecendo.

É ben dicir en alto que ningún neno ou nena ten que achegar nin un céntimo para participar dese Ensino Básico Obrigatorio, que na gratuidade non encaixan moitos dos gastos nos que están a incorrer as familias, e que se lles demandan dende os centros escolares e tamén dende as propias estruturas familiares, e que **a gratuidade debe ser a base da organización dese Ensino**: non se trata de procurar financiamento para aqueles que non poidan achegalo, trátase de que ninguén precise dese financiamento, que a ninguén haxa que llelo pedir, porque o Ensino que se recibe debe estar estruturado para ser un servizo público sen custo, lembrades?: unha obriga para o Estado, un dereito para os cidadáns.

Fernando Lacaci
Presidente da ANPA do IES A. Fraguas

“BOTELLÓN INFANTIL”

3/4 menores beben no botellón en España e 1/2 millón emborráchase cada mes.

Para comezar o botellón é un tipo de consumo intensivo de alcohol que se realiza nun corto período de tempo. Os adolescentes reúnense cos amigos para divertirse e beber a un precio máis baixo esta moda está moi normalizada tanto polos adolescentes coma pola sociedade en xeral.

Según as últimas estadísticas comézase a beber aos 13 anos e moitos din que o fan “por que o fai todo mundo” e “que non pasa nada”. Non é tan raro que rapaces desta idade digan iso xa que a maioría da poboación aínda que sepa que non é moi bo é algo que leva centos de anos con nós e non asocia o alcohol con 60 enfermidades.

Nos hospitais de Galicia no ano 2015 atenderon a 436 adolescentes por abuso de alcohol tratase de 1 intoxicación diaria.

Moitos pais non son conscientes do que fan seus fillos mais outros si que o son e apelan a que eles tamén o fixeron e que mentres sepan controlar non pasa nada e o outro perfil de pais son os que ata que non o vexan aínda que mais ou menos saiban o que están a facer non van dicir nada.

O LUGAR E CÓMO SE PRODUCE O “BABY BOTELLÓN”

O lugar onde se reúnen suele ser un descampado ou un parque de noite con coches e altavoces e máis adiante o mobiliario urbano queda destrozado e ou ben cada un vai ca súa botella ou quedan en comprala entre dous e pagan entre os dous.

Esta quedada normalmente prodúcese por whatsapp na que fan un grupo específico para quedar nestas quedadas xa é normal que algúns ao longo da noite acaben con vomitonas aínda que nunca pensan que teñan que acabar chamando ao 061 (servizo de emerxencias de Galicia).



Moitas destas vomitonas prodúcense polo chamado “binge drinking” que é un atracón de 5 ou máis copas seguidas, aínda que o lema que din os expertos de que a esta idade nin gota non se leva a cabo en ningún lugar.

Este problema a idades tan tempranas pode provocar o consumo de porros máis adiante que pode desencadenar problemas psiquiátricos gravísimos e o abandono escolar e ata lle poden quitar a custodia aos pais, cousas que nunca se teñen en conta por que se pensa que a nós nunca nos vai pasar porque creemos que todo o sabemos.

Un dos factores é como conseguen o alcohol ou ben moitos aparentan ter máis idade da que teñen en moitos sitios xa non che piden o carnet para o seu propio beneficio ou ben amigos que xa son maiores de idade e xa lles poden comprar o alcohol.

Moitas veces os adolescentes como non teñen unha fonte económica que non sexan pais ou familiares recurren a bebidas alcohólicas moi baratas e que son moi malas para a saúde como por exemplo:

ALCOHOL	Mercadona	E.Leclerc	Carrefour	Dia
Ron Barcelo	12,99 €	12,99 €	- €	12,99 €
Ron Brugal	12,40 €	12,89 €	12,30 €	- €
Ron Cacique	11,27 €	10,95 €	- €	12,29 €
Whisky Ballantines	10,98 €	11,10 €	10,98 €	- €
Whisky Red Label	10,95 €	12,59 €	10,70 €	- €
Vodka Absolut	11,00 €	10,35 €	10,45 €	- €
Vodka Eristoff	6,99 €	7,49 €	6,95 €	7,84 €
Ginebra Bombay	21,69 €	20,90 €	21,69 €	- €
Ginebra Larios	9,99 €	- €	9,99 €	9,99 €
Tequila José Cuervo	11,96 €	18,56 €	- €	- €

*Precios recogidos en Majadahonda entre los días 11 y 15 de marzo de 2013.

QUE PODE FACER A ADMINISTRACIÓN ANTE ESTA SITUACIÓN?

Tendo en conta que cada comunidade autónoma vai pola súa conta é moi difícil levar a cabo un plan común para frear ou poner sancións máis duras aínda que as que xa hai tamén o sexan.

O que é un feito é que hai unha lei antibotellón anunciada pero que moitas veces non é aplicada e se fai a vista gorda cousa que ca lei antitabaco asinada non ano 2014/2015 levouse ao pé da letra.

O botellón é algo moi introducido na sociedade pero considérase un problema de orde pública pola que se poñen multas pero aínda así nunca conseguírase erradicar este problema que ven dende fai moitos anos.

CONSECUENCIAS PARA Á SAÚDE POLO CONSUMO DE ALCOHOL A IDADES PREMATURAS E OS EFECTOS DO ALCOHOL.

Cando unha persona comeza a inxeirir alcohol as primeiras veces a sensación e de relaxación e de autoconfianza, síntese máis sociable e moito máis contenta.

Por outro lado se segue consumindo alcohol ata unha cantidade considerable os efectos serán completamente negativos como a redución da coordinación e de pensar, diminúe o control dos movementos e dos reflexos o que fai que a persona sexa máis propensa a pelexas e a accidentes de tráfico.

Outro dos efectos máis importantes de destaca o Ministerio de Sanidade é a desinhibición da conducta que conleva un comportamento moito máis violento, un risco moito máis elevado de tomar decisión equivocadas e de practicar sexo non seguro.

Ademais a Administración recorda os graves efectos que ten consumir alcohol sendo menor de idade xa que o organismo antes dos 18 anos está en continuo desenvolvemento danando así o cerebro a corto e a longo prazo.

Un pode ser máis propenso a ter problemas co alcohol ao sentirse baixo a presión do grupo, ter un fácil acceso a

este, unha baixa autoestima ou si é propenso á depresión ou padece enfermidades como o trastorno bipolar da personalidade ou esquizofrenia.

As enfermidades que se poden desencadear e que nin adultos nin adolescentes chegan a ser conscientes da gravidade son entre outros tumores, cirrosis hepática, cancro esófago ou larinxe polo consumo de tabaco, sangrado do tubo dixestivo, dano irreparable das neuronas, trastorno cerebral chamado síndrome de Wernicke-Korsakoff, nas mulleres poden producirse cambios no ciclo menstrual, delirium tremens que é unha enfermidade psicolóxica que provoca alucinacións, temblores e axitación e que está directamente relacionada con alcoholismo.

Provoca tamén dano cardíaco, hipertensión arterial, disfunción eréctil e inflamación do páncreas (pancreatitis), problemas para conciliar o sono (insomnio) e infeccións de transmisión sexual (ITS)

Por iso todos sabemos que a última palabra tena o propio adolescente pero ten que ser consciente das propias consecuencias que ten este acto e como nos vai cambiar.

Naira Míguez Gil
1º Bach C

UNHA TRIOLOXÍA DE ÉXITO: OS XOGOS DA FAME



Os Xogos da Fame é unha famosa triloxía de acción e aventura juvenil escrita pola escritora estadounidense Suzanne Collins.

- Os Xogos da Fame (2008)
- En Llamas (2009)
- Sinsajo (2010)

Esta saga está ambientada nun futuro sen identificar, despois da destrución dos países actuais de América do Norte, nun estado chamado Panem, situado entre as Montañas Rochosas e 12 distritos que o rodean. Como castigo por unha rebelión, na que o Capitolio derrotou os doce primeiros distritos e destruíu o decimo terceiro, cada ano un rapaz e unha rapaza de cada un, son seleccionados para participar nun evento televisado coñecido

como “Os Xogos da Fame” onde loitan a morte nun estadio ao aire libre coñecido como arena ata que se proclama un vencedor que é premiado con grandes riquezas e alimentos.

A idea desta saga tivo lugar no mito grego de Teseo e o Minotauro no que Atenas tiña que entregar o seus propios fillos por crimes do pasado e entregarlos ao rei Minos, o cal os levaba ao labirinto do Minotauro. Ademais, inspirouse na súa fascinación polos realitys shows da televisión e as crueis imaxes da Guerra de Irak que botaban na televisión e que mostraban o sufrimento da xente.

Os dous primeiros libros encabezaron a lista de libros máis vendidos en Estados Unidos tras o seu lanzamento. Máis tarde, debido ao gran éxito da saga, os libros foron adaptados ao cine pola compañía Lionsgate Entertainment. As películas foron moi ben acollidas polos espectadores e romperon todos os éxitos de preventa e alcanzaron unha recadación mundial moi parecida á saga escrita pola escritora inglesa J.K. Rowling. Producíronse catro películas xa que o último libro foi dividido en dous: Sinsajo parte 1 e Sinsajo parte 2, como a saga de sete libros, Harry Potter. As películas están protagonizadas pola actriz gañadora dun Oscar e tres Globos de Oro, Jennifer Lawrence como Katniss Everdeen, Liam Hemsworth como Gale e Josh Hutcherson como Peeta Mellark.

A saga recibiu numerosos premios, moitos deles pola intensa química entre os personaxes debido á fantástica

amizade existente entre os actores de reparto. A banda sonora da primeira película, creada pola famosa cantante, Taylor Swift, foi nominada a un Globo de Oro e gañou un Grammy, ambas cousas no 2013. No casting de Katniss, participaron numerosas actrices recoñecidas no mundo do cine, como Shailene Woodley, a protagonista da saga Divergente ou Emma Roberts, sobriña da famosa actriz, Julia Roberts, pero finalmente foi Jennifer Lawrence a que conseguiu o papel que tamén era seguidora dos libros. Nunha entrevista, a actriz contou que tardou unhas semanas en aceptar o traballo debido a que se sentía intimidada e tivo dúbidas sobre o potencial da película e o que isto podía significar con respecto a súa fama, pero aconsellada pola súa nai, acabouno aceptando. Ao final, a actriz non se arrepentiu e a saga axudouna a gañar máis fama e a facer numerosos amigos nas rodaxes. Unha curiosidade interesante é que tanto Jennifer Lawrence como Peeta Mellark, tiveron que tinguir o cabelo de louro e Liam Hemsworth, que xa o era, de castaño.

As rodaxes tiveron lugar en Carolina do Norte, Georgia e Hawaii, lugares exóticos cheos de vida ata tal punto que un día apareceu un oso pardo e tiveron que saír correndo do lugar. Ademais, os actores tiveron que pórse nunha excelente forma física, xa que o requiría a gran cantidade de acción da saga.

Paula Sánchez Mondragón
2ºESO D



ÁREA CENTRAL

O INSTITUTO ABRE UNHA LUDOTECA



Estás fart@ de dar voltas arredor do polideportivo nos recreos? Buscas unha alternativa? Benvid@ á **Ludoteca do IES Antonio Fraguas!**

A Ludoteca é unha iniciativa dos clubs de lectura para **recuperar espazos mortos**. Dende o noso círculo cremos que a creación e implicación do alumnado en diferentes **“ecosistemas” da nosa comunidade educativa** é unha forma proveitosa de sacar adiante ese espírito activo, útil para o desenvolvemento da xente. Pois ben, esta é unha nova zona nutritiva do noso ecosistema social: a Ludoteca.

Trátase dun recanto situado no primeiro andar destinado ao xogo; alí procuraremos construír un lugar onde @s estudantes poidan entreterse nos descansos. Haberá **quebracabezas, xogos de mesa, de rol...**

Para este fin os clubs de lectura pu-xeron en marcha unha **convocatoria para recoller posible material**. Tamén buscamos pufs; calquera cousa é agradecida, e os donativos entregaranse na biblioteca.

A partir da súa apertura (o 23 de marzo) a ludoteca está aberta todos os **martes e os xoves en ambos recreos**, a carón do ascensor no **primeiro andar**.

Todos **os coordinadores** encargados de velar polo bo facer neste novo espazo estarán encantados de vos axudar: aconsellaránvos sobre que xogo escoller, poderán explicarvos as normas e resolver al-

gún que outro quebracabezas por vós, se é que vos dades por vencidos... hehe.

Porén, o aforo máximo, debido ao limitado espazo do que dispoñemos, está en quince persoas. Un calendario de reservas abrirase en caso de que as partidas queden incompletas. No taboleiro haberá colgadas as novidades, normas e horario, por se tedes dúbidas.

Ademais, estamos valorando a creación dun **carríño de xogos** dispoñible durante as horas de clase, para que poidades facer uso da ludoteca aínda que non sexa nos

recreos (sempre co permiso ex profeso da profesora ou profesor de garda).

Dito isto, desexamos a vosa colaboración e, sobre todo, que gocedes coa nosa proposta. Unha mente entretida é una mente produtiva.

Información básica, en:

<https://www.flipsnack.com/95D768EBDC9/promo-ludoteca-instituto.html?p=4>

María Carballido Cerqueiro
4º de ESO D.



MENSAXES XEADA 2017

_ Moitas grazas María Fandiño por facer posible que Xeada saia á luz cada ano.

_ A Andrés Romarís, gran profesor, debuxante e poeta. Sempre un paso adiante!

_ De Brais Lata para Marta Montes, quérote!

_ Miña Tontii: Esta nota vai dirixida a ti porque este curso non sería igual sen a túa presenza. Todas as risas que botamos (ao parvo...) e todas as frases que imprimimos no meu falar de recordos. Contigo as clases son moito máis levadeiras. Moitos bicos ghuapa.Lokii

_ Para a miña piña, quérote!

_ Para Martín Suárez, son a túa admiradora!

_ Levo contigo tres anos, es a mellor amiga. Espero pasar contigo moitos anos máis. Para Katia de 3º A de Nube.

_ Margarita, es a flor da miña vida!

_ Pequeno saltamontes, non por vestir a un santo desvistas a física e química!

_ Para Emilio Barreiro: Tara riro riro raro...Ai Emilio vante fichar, os de Antena 3, porque es un prodixio falando por tres.De Marco Asensio.

_ Para Blanca de 2º A. Grazas por ser como es: amable, graciosa, simpática, xenerosa, intelixente e a mellor. Quérote Pocoyó. De Pato.

_ Para todo o IES: Vivan as leitugas vermellas!

_ Que son Griffindor!!

-Rubius, querémoste moito,grazas por alegrarme os días. Criaturíña do Señor.

_ Á nosa Patri C.F. grazas polos teus bailes, polo teu afán por nós e pola túa camiseta morada. Tampouco nos esquecemos do teu: "Un porco polo IES á súa bóla" de SAS.

_ Para toda a clase de 1º ESO D. Sodes os mellores! VVS.

_ Lau, aínda que me deixes xorda cada día, quérote. Espero que sempre esteamos xuntas en D.

_ Grazas por esta clase tan boa. Querémoste Adrián!A e A.

_ Para Manolo, por ser como es. Espero poder acercarme a ti algún día.

_ Para Vanesa de 2º B. Quería dicirte que es moi agradable. Oxalá esteamos sempre xuntas.

_ Para Conchi de Francés e Beatriz de Castelán. Grazas por todo o que nos aprendedes, por facer as clases amenas, por ser divertidas e pacientes con nós. Unhas rapazas agradecidas.

_ A ver Sariña quérote desde que te vin. Queres saír comigo?

_ Grazas, por estes cinco meses inesquecibles ao meu carón, por soportar os meus cambios de humor e por coidarme. Es un pilar fundamental na miña vida. Ash. Unicornio.

_ Andrea, deixa o Pokemon go.

_ Xavi Rey, vólvenos explicar a Desamortización. Mariña Terrestre e a condesa Armesto.

_ Para Sara e Souti Marieleñana sempre estará con vós. Non desesperar o ano que vén. Canarias is coming soon!

_ Rubén, deixa o xersei de Nadal que xa fai moito calor!

_ Querida Lupe, sempre con ese entusiasmo e dinamismo esta revista permanecerá viva. Grazas!

_ Para Carmela. Moitas grazas por axudarnos a que os nosos días sexan mellores, aínda que nos botes moitas broncas, querémoste!

_ Marcelo Lusardi, es unha das persoas máis valentes que coñezo. Grazas por facer que non me renda nunca.

_ Os verdadeiros amigos chegan a tempo, os demais cando teñen tempo.Ámote mellor amigo! BCG-TQM

_ Grazas por este ano cheo de emocións. Quérote Bolita. Chunguis.

_ Que bonita é a xente que di o que sente...sen máis, sen importar que, sen importar o onde ou o como..., con descaro, e sorrindo...Non hai nada máis fermoso que a xente que sabe expresarse! Peixiño.

_ Cando esteas triste, cabeza alta que se che ve a papada! Papadinas para sempre.

_ Grazas por amosarme o que é a amizade de verdade. O mellor que levo do IES es ti Marieleñana.

_ Para Roi Santiago. Es unha gran persoa e un gran amigo. Gega.

_ Para Andrea Prado de 2º A porque es a mellor, graciosa e guapa. Bicos. De Pato.

_ Antía a sandía,que o peta todo o día, xa sabes como segue, quérote moito. Segun 3.

_ Para o eterno Xefe de Estudos: que tío, eh!!!

_ Gústasme dende fai tempo. Quérote Katia. Kaúl.

_ Grazas a Margarita por poñernos o exame de teatro. Querémoste moito.

_ Para Clara e Lúa, quérovos moitísimo. Seredes as miñas mellores amigas para sempre. Salma.

_ Ola Cellas! Es como un irmán para min e quería agradecerche todos estes anos aguantándome. Grazas por ser o meu amigo, polas partidas de FiFa e polos veráns inmellorables. Antna.

_ A quen me acende o sorriso neses días malos e promete apagarlo a quen me faga dano. Grazas Maroño por saber guiarme e a Allison por saber escoitar.

_ Para Theo e Sara por ser bos compañeiros.M.D

_ Vicente, déixate de tantos unfollows, medorento!

Para as Chunguis, Unicornio dos pesadelos, as Freak e as Francesas. Quérovos!

_ A miña mellor amiga é Coral de 2º C. Non sei que faría sen ti. Grazas por estar aí. A túa comadre Vanesa.

_ Néstor Rego, mellor presidente da Galiza independente!

_ Ola Manuela: Xa sei que ao principio non nos levabamos ben, pero dende o Conservatorio melloramos a nosa amizade. Como cada unha estamos nun IES diferente vémonos pouco e gustaríame ter noticias túas. UN bico Lucía.

_ Para a miña Koala favorita de 2º D. Grazas por aguantarme. Alguén que te aprecia.

_ Para Brennan. Grazas por axudarme co inglés e coas demais materias. Espero que consigas todo o que desexas. VTM

_ Seoane con alegría di que nos ten manía, pero sempre nolo di con amor! As alumnas do Fraguas.

_ Ti profesora de Inglés EEUU. Iso é o teu futuro. Que me colguen se hai alguén que o faga!

_ Para Seoane. Grazas por aprenderme tantas cousas. Non me suspendas!

_ Para Santiago Esturao. Espero verte máis veces. Sinto o que pasou. TU X 7

_ Nekane de 2º A, quérote. Eu filpo. Caperuchiña vermella.

_ Para o meu pequeno poni. Poni Ángela.

_ Para Naira. Grazas por facer todo por min. Quérote de verdade.

_ Desexámosvos o mellor Elena e Mariña. Imos estar desubicadas sen vós.4

_ Ramón, experto no amor...A.S

_ E o óscar á mellor titora é para...Margarita Vidal por: "Como ser titora de 2º ESO C e non morrer no intento".

_ Aos Alumnos/as de 2ºESO D. Grazas por este curso inesquecible.*todosconnw. Quen me roubou o meu "Weiki" D e N

_ Por todas as risas na ludoteca que perdurarán máis alá do bacharelato. Braís e máis eu querémosvos.FS

_ Dallya, haberá vida en mércores?

_ Pablo López e Marisa Calderón molan un montón.

_ Grande futbolista e amigo. O amo. A.P.S

_ Para Pili Penas, por amor ao Espírito Santo, continúa uns anos máis connosco! F.K

_ Para Pablo, o noso profe preferido. Grazas por todo. Os tres soles querémoste moito.

_ Imprescindible este último ano para min. Quérote moito Iria C.

_ Para Jenny: Bícame se queres,queréme se sabes.

_ Para Ghalisia, por ser a miña "compi de ficha" Pshhhh.

_ Ámote Borja!

_ Simón,limón, melón, melocotón, quérote un montón traperón..

_ Es o meu amor@pancracío. Unicornio.

_ Para Sigu, espero terte coma mozo de fin de semana moitos máis anos. Adórote.

TANTOMETÉN

PRESENTA

HYPOKRYTAS

GUSTAVO G.
DIESTE

9 Maio

TEATRO
PRINCIPAL



IES
A. FRAGUAS

HYPOKRYTAS

OBRA DO GRUPO DE TEATRO



"TANTOMETÉN",



XXII CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS 2017
DIRECCIÓN: GUSTAVO G. DIESTE